Este informe, que leva como título “Crear unha Administración pública que funcione mellor e custe menos”, comeza facendo referencia a “unha Administración que traballe para os cidadáns”. Este é, na miña opinión, o *punctum dolens* de calquera proceso de reforma ou modernización administrativa: que se teña ben claro que o dono, que o propietario da Administración pública é o cidadán; que o que manda é o cidadán e que a Administración se xustifica, non só constitucionalmente, senón existencialmente como unha organización ó servizo do interese xeral.

A Administración pública do Estado social e democrático de dereito, como é ben sabido, é unha organización que debe distinguirse polos principios de legalidade, de eficacia e de servizo. Legalidade porque o procedemento administrativo non é outra cousa ca un camiño pensado para salvagarda-los dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns. Eficacia porque hoxe é perfectamente esixible á organización administrativa que ofrezca produtos e servizos públicos de calidade. E servizo, sobre todo, porque non se pode esquecer que a xustificación da existencia da Administración, como xa dixen, se atopa no servizo ós intereses colectivos. Por iso, as distintas potestades e poderes públicos son manifestacións concretas desa idea de servizo público que, non se debe esquecer, debe ser tamén unha das notas definidoras das persoas que traballan no sector público. É máis, atreveríame a dicir que unha das materias pendentes da Administración pública do noso tempo é recuperar, dunha maneira efectiva, a imaxe de servidora da sociedade e dos seus cidadáns.

A configuración do Estado social e democrático de dereito supón unha nova funcionalidade da Administración pública. En efecto, a Administración, ó xestiona-los intereses colectivos, non ten xa que se impor fronte ós cidadáns. Máis ben, debe propiciar fórmulas ou medidas que impliquen a colaboración da sociedade, e polo tanto dos cidadáns, na elaboración dos criterios rectores que impulsen os intereses colectivos. Noutras palabras, a Administración xa non é dona do interese público senón que está chamada, pola súa inserción no Estado social e democrático de dereito, a articular unha adecuada intercomunicación cos axentes sociais para defini-las políticas públicas. Quere iso dicir que os cidadáns non deben ser só suxeitos pasivos das potestades públicas, senón que deben aspirar a ser lexítimos colaboradores e protagonistas da propia Administración para a xestión dos propios intereses que lles afecten. Desde esta perspectiva pódese entender mellor a función de promoción dos poderes públicos. Esta aproximación, non o oculto, apóiase na consideración, prevista na Constitución, de que os dereitos fundamentais e a dignidade da persoa son as bases da orde política e a paz social. Deste xeito pódese entender que os poderes públicos teñen a misión de crear un clima no que os cidadáns poidan exercer-los seus dereitos fundamentais e poidan colaborar coa propia Administración na xestión dos intereses públicos. Os dereitos fundamentais xa non son só ámbitos exentos da actuación dos poderes públicos, como recoñeceu reiteradamente o noso Tribunal Constitucional, senón elementos e liñas directrices do conxunto da actividade da Administración. Neste contexto, nesta dirección, penso que estaremos máis cerca dun aparato público que oferte servicios de calidade e que promocióne os dereitos fundamentais dos cidadáns.

En realidade, a necesidade de supera-lo actual caos administrativo vén xustificada precisamente porque o Estado, as comunidades autónomas e os entes locais son partes do Estado, están ó servicio da persoa e non ó revés como veu sendo a norma nos últimos tempos, sobre todo da man dese Estado do benestar que debemos reinventar para que sexa, efectivamente, de benestar para o home, non de destrución do home.

É necesario, ademais, non esquecer que este tempo que nos tocou vivir é unha época de constantes e acelerados cambios. En concreto, parece que xa ninguén dubida da

crise do chamado Estado do benestar. Certamente, os síntomas de esgotamento son evidentes. Pero, unha actitude responsable, lonxe de se recrear no ocaso dun modelo que fracasou, debe asumir que o sistema se foi derrubando porque non foi sensible precisamente ós seus propios postulados. O gasto público disparouse sen criterios de racionalidade e a burocracia, a todopoderosa burocracia, foi a principal protagonista esquecendo, unha vez máis, que o auténtico eixe de toda política pública está, e atópase, no home, na persoa que, non só é suxeito de dereitos, senón que é destinatario de servicios e bens, moitos dos cales están en franca relación co seu libre desenvolvemento que, como sentenciou solemnemente o artigo 10.1 da nosa Constitución, repito, é un dos fundamentos da orde política e a paz social.

Hai poucos días, relendo vellos papeis que un vai gardando e que, sen embargo, despois nunca se sabe onde están, detívenme gratamente impresionado ante un artigo de Edgar Morin, director de Investigación no Centro Nacional da Investigación Científica de Francia. Morin, como saben vostedes é, quizais, máis coñecido como un dos teóricos socialistas máis agudos que como funcionario de investigación. Agora gustaríame comentar moi brevemente un traballo seu publicado en decembro de 1993 que leva como título "A solidariedade e as solidariedades". Morin, na súa análise, sinala con claridade que a pesar de que os gastos sociais aumentaron da man do todopoderoso Estado do benestar, sen embargo a calidade na atención do home marxinado concreto é aínda unha quimera. Se cabe, o paradoxo é patente, aumenta a solidariedade administrativa, pero "esta é insuficiente, impersoal, burocrática e non responde ás necesidades concretas, inmediatas e individuais".

A razón é ben clara e así o admite Morin. O problema da solidariedade concreta e individualizada é irresoluble no marco tradicional dunha política que se practica por decreto ou programa. A solución, unha vez máis, vén da man, así o recoñece o profesor Morin, dunha política que esperte e estimule. Noutras palabras, os poderes públicos deben fomentar e axudar a que tantas persoas que traballan pola solidariedade leven a bo termo os seus proxectos. Unha vez máis compróbase que os poderes públicos, en tantas e tantas ocasións, deben te-la intelixencia de potencia-las iniciativas sociais que, non o esquezamos, son as que dan a temperatura da vida democrática dun país. Nos Estados Unidos,

como se sabe, o peso cualitativo e cuantitativo do chamado “terceiro xestor”, como xestor de servicios sociais é un dato, como reconece David Osborne, para a reflexión.

Non se trata, sen embargo, de analizar *in extenso* as causas da crise do Estado do benestar. Máis ben, interesa deixar claro que este momento histórico facilita a tarefa de reflexionar sobre os problemas da xestión pública e da reforma e modernización administrativa. Porque, o que está claro é que o comportamento do sector público debe reformarse. Como sinalou Crozier, “a crise da xestión pública é universal” e a súa apelación, loxicamente constitúe xa un manido *ritornello* cando, ou ben políticos ou ben académicos, se refiren ós modelos que ordenan a prestación dos servicios públicos.

Pensarán vostedes, pero ¿esta reflexión, que ten que ver coa reforma administrativa e o Estado composto? Na miña opinión, é moi importante sinalar que a crise do Estado do benestar, que a crise do intervencionismo, debe superarse buscando novas formas de administrar os recursos públicos e buscando novos esquemas organizativos máis sinxelos, menos custosos, e máis próximos ás necesidades concretas do cidadán moderno. Pois ben, a idea da Administración común, ordinaria ou única parte destes postulados e, no marco da nosa Constitución, e a partir do principio de subsidiariedade, hoxe de grande actualidade no dereito europeo, presenta a necesidade de que os servicios públicos sexan prestados pola Administración pública máis próxima e que se atope en mellores condicións de ofrecer produtos de calidade tal e como esixen hoxe os cidadáns do Estado social e democrático de dereito.

¿Que é pois o que pasou? Que aumentou desproporcionadamente o gasto público. En efecto, un recente informe da OCDE puxo de relevo que o gasto público seguiu crecendo nos 24 países industrializados durante a década dos 80 como porcentaxe do Produto Interior Bruto, desde unha media do 37% en 1979 ó 40% en 1989. Certamente, non creceu ó mesmo ritmo ca nos 70 e, en honor á verdade, debe sinalarse que, desde 1982, en que se chegou a alcanzaló 41%, operouse un descenso apreciable. É verdade, en Francia e Alemaña produciuse unha lixeira diminución, aínda que, iso si, se encontran por riba da media. Nos Estados Unidos, segundo este informe da OCDE, a porcentaxe do gasto público aumentou na pasada década do 32% ó

37%. En Grecia alcánzase o 61% e é Xapón, co 33% e Suíza, co 30% os países co menor gasto público. España parece que foi un dos países co maior crecemento neste capítulo, alcanzando o 36%.

Pois ben, parece que nos anos 90, malia as políticas de contención do gasto público, este concepto seguirá crecendo. Entre outros motivos porque é necesario realizar obras de infraestrutura, porque o evidente envellecemento da poboación obriga a aumentar gastos en sanidade ou pensións, porque é custosa a protección do medio ambiente, e porque a calidade do ensino ou da sanidade xeran importantes recursos financeiros. A cuestión non é, soamente, constatar estas realidades. Na miña opinión, o problema que hai que resolver é o da desproporción entre gasto público e calidade de servizos que se está producindo. Por iso, a OCDE aconsella, no canto de radicais recortes presupostarios, mellora-la eficiencia do sector público a través de medidas desreguladoras ou privatizadoras. Así, recoméndase introducir o sistema do cheque sanitario ou escolar e contratar co sector privado servizos xestionados pola propia Administración pública. No fondo, penso que se trata de levar á práctica, neste campo, a necesaria configuración dos intereses colectivos a través de institucións sociais, desmantelando así unha perspectiva, xa caduca, de patrimonialización dos intereses sociais polo sector público.

Neste contexto, pois, a necesidade de simplificar e racionaliza-la Administración pública constitúe un dos eixes centrais de calquera reforma administrativa que pretenda achegar-lles de verdade o aparato público ós cidadáns.

Non pretendo, nin moito menos, no tempo do que dispoño, abordar *in extenso* a cuestión en todo o seu detalle, da Administración común, ordinaria ou única. Sen embargo, paréceme conveniente tratar algúns dos aspectos de maior interese, que non son poucos, que presenta este tema, tendo en conta que a "Administración común" é unha fórmula organizativa moi ampla que parte da necesidade de adapta-la planta actual da Administración pública ó marco constitucional e que parte, tamén, de que as comunidades autónomas e os entes locais son Estado e que, polo tanto, o interese xeral xestiónase polo aparato administrativo como unidade.

2. Constitución e Administración pública

En efecto, a proposta de Administración común, única, ordinaria ten a súa causa na necesidade de adecua-la estrutura e o funcionamento da nosa Administración pública á Constitución de 1978. A realidade é que a idea de Administración común, ordinaria ou única, como se queira, supuxo, pois, un fito importante na ciencia da Administración pública no noso país e reflectiu algo que, en verdade, non está, nin moito menos, resolto. Efectivamente, cambiou o modelo de Estado e, sen embargo, a organización administrativa, sen prexuízo de leves retoques, segue a se-la mesma. Suponse que o Estado autonómico debe posibilitar que as distintas comunidades autónomas dispoñan dunha Administración propia para facer posible a xestión dos intereses colectivos. A estrutura existe, é verdade, pero lamentablemente nin está adecuada á realidade de competencias nin dispón dos medios necesarios e, tampouco está de acordo coa dimensión da Administración periférica do Estado no territorio das comunidades autónomas.

É evidente que a Administración pública do vixente Estado social e democrático, que se estrutura como Estado composto, non pode se-la mesma cá do Estado unitario anterior¹. Estamos nun Estado composto que descansa nunha distribución territorial do poder que se traduce nunha distribución, a repartición de competencias. En realidade, a falta de concreción do título VIII da Constitución tentou obviarse insuflando na letra dos seus preceptos o espírito do federalismo de cooperación ou de execución, con reiteradas referencias ó constitucionalismo alemán e americano². Sen embargo, a utilización do dereito comparado ten os seus límites e nin a letra nin os antecedentes da Constitución permiten razoablemente chegar á configuración do Estado autonómico como federal, ó estilo alemán e moito menos americano. Outra cousa é que as técnicas do federalismo de cooperación ou de execución non sexan útiles para o desenvolvemento e eficaz realización do Estado composto, no que os estatutos teñen un carácter decisivo do que carece o federalismo³. É dicir, ningunha interpretación abusiva do texto constitucional se realiza cando pretende aproveitarse deses instrumentos que conectan con naturalidade cos principios de solidariedade (artigo 2 da Constitución española) e de eficacia ó servizo

¹ J. L. Meilán, "Estado autonómico y administraciones públicas", conferencia pronunciada nas Xornadas de estudio sobre a Administración única, EGAP, 25 de setembro de 1992.

² J. L. Meilán, cit., p. 12.

³ J. L. Meilán, cit., p. 14.

da realización do Estado social e dos intereses xerais (artigos 9.2 e 103 da Constitución española⁴.

A proposta de Administración común, ordinaria, preferente, sincronizada ou única xorde dunha concreta experiencia de Administración territorial trala cal non é difícil alcanza-la convicción da necesidade de que o complexo sistema de relacións entre as distintas administracións que conflúen no Estado español, evolucione na busca da súa propia lóxica⁵. E esa necesidade, xorde da tarefa, sorprendentemente non iniciada aínda, de adecua-la propia Administración pública ós parámetros constitucionais. Así o sinalou Muñoz Machado, cando escribía que “es cierto que la Administración es una criatura delicada que hay que tratar con tiento, pero no es bueno perder de vista que disponemos hoy de un aparato administrativo con una planta estructural que no se corresponde con los principios del nuevo sistema. Estamos abocados a la gran reforma porque, sencillamente, el viejo orden está acabado...”. Polo tanto, a grande reforma administrativa consiste en adecua-la planta da Administración pública ó texto constitucional e moi especialmente ó chamado Estado autonómico, iso si, sen esquecermos los entes locais. Levamos máis de dez anos de andaina constitucional e, como é obvio, esta cuestión constitúe unha materia pendente que habería que comezar a preparar. Ben é verdade, sen embargo, que o Proxecto de lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, sería unha boa oportunidade. Polo tanto, a proposta de Administración común, lonxe de cuestiona-lo modelo de Estado previsto na Constitución, trata de definir tódolos instrumentos que permitan a plena efectividade do modelo do Estado constitucional, desde o punto de vista da función administrativa⁶. Por iso, a Administración común potencia o Estado impulsando as comunidades autónomas e os entes locais.

O esquema de Administración pública vixente cando se promulgou a Constitución, dificilmente pode se-lo instrumento válido para levar a cabo, ata onde a propia Constitución demanda, as funcións dun Estado politicamente descentralizado⁷. Durante estes anos, apareceron novas organizacións administrativas complexas que, lonxe de supli-lo aparato administrativo do Estado no seu territorio, superpuxéronse nun exercicio de difícil entendemento. Aumenta, loxicamente, o aparato administrativo das comu-

⁴ J. L. Meilán, cit., pp. 14-15.

⁵ F. Serna Gómez, “Administración única para Galicia: unha proposta aberta”, conferencia pronunciada na EGAP o 24 de setembro de 1992, dentro das Xornadas de estudio sobre Administración única, p. 3.

⁶ F. Serna Gómez, cit., p. 6.

⁷ F. Serna Gómez, cit., p. 8.

nidades autónomas e, paralelamente se incrementa a presenza administrativa do Estado nos territorios autonómicos nun marco no que se produciu un proceso de descarga de importantes competencias, a execución e a xestión das cales pasou a mans das comunidades autónomas⁸. O caso da área de cultura e da de asuntos sociais é tan evidente que non merece maior comentario. É dicir, a Administración común supón reduci-la Administración do Estado, e tamén a autonómica, para facer posible, real, que iso que dicimos tódolos administrativistas da Administración local, “que é a máis próxima ó cidadán”, sexa verdade desde o punto de vista da eficacia.

A realidade, guste ou non, é a de non poucas duplicidades administrativas que se produciron, no mellor dos casos, por non ter claro o modelo constitucional de Administración pública.

O profesor Sánchez Morón, nun recente estudio sobre a “Racionalización administrativa e a organización territorial⁸”, comeza pondo de manifesto a evidente situación de complexidade que caracteriza as nosas administracións públicas: duplicidade, falta de coordinación e que “hoy existe un difundido desexo de simplificación administrativa, de eficacia prestacional, cualquiera que sea la Administración responsable de cada servicio¹⁰”.

A desburocratización ou se se quere a redución dos trámites administrativos que non afecten ós dereitos fundamentais dos cidadáns, é outro aspecto clave dun proceso de reforma e modernización administrativa. Por iso, o profesor Caiden, un dos maiores expertos mundiais en reformas administrativas, sinala que “a burocracia e o papeleo excesivo son unha lacra para todo o mundo e que o fenómeno consiste en eliminar procesos e procedementos administrativos innecesarios e aparatosos é suprimi-lo odioso traballo de oficina”. Neste sentido, a reforma administrativa da Xunta de Galicia simplificou e informatizou xa máis de 700 procedementos administrativos. Nesta materia hai que ter man firme porque todos coñecemos a capacidade, case infinita, da estrutura administrativa de intentar trámites, por innecesarios que parezan, con tal de salvagarda-la posición de privilexio.

A Administración común, ordinaria ou única, tal e como eu a entendo, é unha manifestación do que o profesor Sán-

⁸ *Ibidem*.

⁹ M. Sánchez Morón, “Racionalización administrativa y Organización territorial”, *REDC* nº 40, pp. 39 e ss.

¹⁰ *Loc. cit.*, p. 40

chez Morón entende por racionalización administrativa; a saber: “asignación precisa de funciones y adecuación de estructuras a las mismas, (...) reducción de conflictos paralizantes entre Administraciones públicas, (...) elemento importante de la contención del gasto público...”. A reforma administrativa que trae consigo a chamada Administración única enmárcase nesta dirección de axuste das estruturas administrativas ó modelo de Estado composto, de eliminar as duplicidades administrativas, e de reduci-lo gasto público porque a Administración non é un fin en si mesma, é unha organización ó servicio das necesidades colectivas dos cidadáns.

Por outra parte, o artigo 103.1 da Constitución española, tan importante, refírese á Administración pública, non ás administracións públicas. Sen embargo, o emprego do singular é comprensivo do xénero e non exclúe, nin moito menos a pluralidade de administracións. Sobre todo, o que se quere dicir é que, máis importante que predeterminar un concreto modelo de relación entre as administracións que conflúen no territorio do Estado, o decisivo é salvagarda-lo correcto cumprimento da función administrativa no seu conxunto, polo que o modelo será tanto máis válido canto máis asegure o cumprimento da dita función. Por iso, se as comunidades autónomas deben dotarse dun propio aparato administrativo, é para que estas novas organizacións administrativas, lonxe de actuar en paralelo coa organización propia estatal existente na Comunidade Autónoma, asuman o conxunto da actuación administrativa no dito territorio, sobre todo porque, en virtude do principio de subsidiariedade, se encontran en mellores condicións de xestionar os intereses colectivos¹¹.

A cuestión da Administración común, como moi ben apuntou Serna Gómez, non é a opción entre unha Administración periférica estatal, unha autonómica ou unha local, senón en decidir que dimensión ha de ter no territorio a organización administrativa estatal que necesariamente ha de coexistir coa autonómica asentada no mesmo territorio e cal debe se-la operatividade das administracións locais. É dicir, ¿serve mellor ós principios do artigo 103.1 da Constitución española unha única instancia administrativa de execución, ou é necesario garantir dobremente o cumprimento destes principios con dúas ou tres administracións actuando en paralelo no mesmo territorio?¹².

¹¹ F. Serna Gómez, cit., pp. 10-11.

¹² F. Serna Gómez, cit., p. 11.

Todo isto non significa que non exista, constitucional e racionalmente falando, o concepto de unidade da Administración. Non, por suposto, desde o punto de vista orgánico (onde a regra será xusto a pluralidade), pero si nunha consideración funcional, onde o cidadán é cada día máis esixente para que non se lle enfronten criterios distintos (e aínda contrapostos) fronte, por exemplo, a unha actividade empresarial. Unidade da Administración, pois, non significa monolitismo nin xerarquía, nin moito menos en mans do poder central.

Non fai falta dicir que o noso deseño administrativo actual é disfuncional. Un simple repaso da xurisprudencia constitucional sobre conflitos de competencias nas comunidades históricas en determinadas materias (sanidade e agricultura, fundamentalmente) pon de manifesto, xa na mera formulación dos preitos, que o Estado se reservou unha serie de funcionarios cunha xornada de traballo que cómpre encher como sexa.

En síntese, unha vez que, de entre as varias opcións constitucionalmente posibles, se optou pola emerxencia das comunidades autónomas e os entes locais e a súa dotación ás mesmas cos máis importantes resortes de poder sobre o seu territorio, debe, de inmediato, proclamarse o seu carácter de administracións “de dereito común”, reducindo a presenza directa do Estado no seu territorio a supostos excepcionais e potenciando, ademais, a Administración local que sexa, de verdade, unha Administración eficaz e de verdade próxima ós cidadáns.

3. Estado e Administración común, ordinaria ou única

As comunidades autónomas son, coma os entes locais, Estado. O interese xeral non se xestiona unicamente a través da Administración do Estado senón tamén mediante a actuación administrativa autonómica e local. A proposta de Administración común, ordinaria ou única non presenta, na miña opinión, un novo esquema de distribución de competencias. Busca, iso si, a adecuación da estrutura administrativa ós principios da Constitución. Supón, está claro, un maior protagonismo na execución para as comunida-

des autónomas e para os entes locais sen que ese aumento de presenza administrativa supoña ningunha perda de poder de competencias estatais, que seguirán na titularidade do Estado.

Recentemente, o profesor Parejo cuestionou agudamente este tema con ocasión dun estudio titulado "Algunas reflexiones sobre el poder público, como sistema, en el Estado autonómico: una contribución al debate sobre la llamada Administración Única". Certamente, como recoñece Parejo Alfonso, as comunidades autónomas son Estado, como tamén son Estado os entes locais. Este feito, capital, non se desvirtúa, nin moito menos, todo o contrario, porque as comunidades autónomas e os entes locais aumenten a súa carga administrativa. Trátase de que o conxunto funcione mellor e que, en definitiva, o cidadán reciba servicios de maior calidade con menor custo. Por iso, nin as comunidades autónomas deben apropiarse do que é "de esencia" estatal, nin os entes locais deben aspirar a desnaturalizala operatividade do chanzo autonómico. No fondo, a idea da Administración común, ordinaria ou única, que é unha reflexión xeral sobre o fundamento do aparato público, intenta clarificala marxe de actividade dos ditos poderes para que, de acordo co momento de evolución do Estado composto, Estado, comunidades autónomas e entes locais, poidan desenvolver mellor a función constitucional.

Por outra parte, a consideración que fai neste punto sobre a Administración local o profesor Parejo é moi importante e de capital transcendencia porque a doutrina da Administración común, ordinaria ou única esixe necesariamente que sexan os entes locais os que presten un maior número de servicios e operen unha elevada carga administrativa.

A doutrina da Administración común, ordinaria ou única nunca podería negala existencia de España como instancia política. O Estado ten unha función de garanti-la solidariedade entre tódolos pobos de España e ten igualmente unha misión de facer efectivos os dereitos fundamentais e as liberdades públicas que, como é obvio, constitúe un reto imponente e que, non só lle dá contido á actividade estatal, senón que permite pensar no carácter imprescindible do propio Estado. A teoría da Administración común, ordinaria ou única non supón unha exacerbación do local sen máis, trátase dunha operación para que o conxunto funcione mellor. Pero, para iso, hoxe esíxese unha actitude de

xenerosidade por parte do Estado, que debe facer fronte ás novas esixencias dese vello principio, o da subsidiariedade, que tanta forza ten neste tempo presente. En fin, a formulación orteguiana de que ó Estado lle corresponde mante-lo suxestivo proxecto de vida en común, é cada vez máis certa, e cada vez esta función do Estado é de maior importancia. Agora ben, o suxestivo proxecto de vida común debe realizarse no marco constitucional e, por iso, debe terse en conta a participación autonómica e local, cada vez máis importante.

A responsabilidade estatal de facer efectivo o principio de solidariedade, que implica un equilibrio económico adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español¹³, é algo que xustifica sobradamente a existencia do Estado. Pois ben, os datos que se manexan avalan o moito traballo pendente do Estado nesta materia pois as desigualdades rexionais en España están lonxe de ser pequenas. Iso require unha actuación do Estado para obter un desenvolvemento autonómico harmonioso e equilibrado no que reduzan as diferencias entre as comunidades favorecidas ou desfavorecidas. En definitiva, como escribe Meilán, se o Estado non asegura que as partes do todo non sigan traectorias que as vaian afastando entre si, ¿en que encontraría a súa xustificación? ¿no recordatorio dun pasado común?¹⁴.

Hoxe, vivimos nun Estado composto no que os intereses colectivos se xestionan a través do propio Estado, das comunidades autónomas e dos entes locais. O Estado ten, como quedou claro, unha máis que sobrada xustificación para a súa existencia. Do mesmo xeito, as comunidades autónomas deben xoga-lo papel asignado na Constitución de acordo co carácter aberto que ten o título VIII da Constitución. Neste marco, a Administración común, ordinaria ou única é unha boa vía para a paz e a concordia, pois trátase de facer efectivos os principios que presiden o sistema de relacións Estado-comunidades autónomas: solidariedade e cooperación.

No noso tempo, federalismo e rexionalismo son fenómenos de indubidable actualidade e transcendencia pois o modelo clásico-weberiano de estrutura burocrática fracasou e experimentouse xa unha e mil veces a denominada euforia da participación (Schmitt-Graeser). En fin, as administracións territoriais, pola súa proximidade ó cidadán, poden facer posible con máis facilidade que a sociedade

¹³ Vid. J. L. Meilán Gil, "La justificación del Estado", *La Voz de Galicia*, 2.X.92, p. 10.

¹⁴ *Ibidem*.

poida gozar de mellores servicios públicos. Pois ben, un aspecto común a tódalas fórmulas de descentralización do poder político, aínda que pareza paradoxal, é o paulatino fortalecemento das instancias centrais do poder sen prexuízo da solidez das instancias rexionais ou federais. É o que hai tempo vaticinara James Bryce ó dicir que os modelos federais non son senón etapas nun camiño cara á unidade estatal. Sen embargo, a experiencia demóstranos que nestes sistemas fixo fortuna o chamado federalismo cooperativo como fórmula de necesaria cooperación e coordinación.

O título VIII da Constitución española, como ben se sabe, non deixa de ser un paradigma de ambigüidade. O seu carácter aberto, suxeito a interpretacións alternativas por forzas políticas distintas é, por exemplo, a causa dos douscentos anos de vida da Constitución norteamericana. A capacidade de manobra do título VIII ábrelles as portas, tanto ó modelo moi próximo ó do Estado integral da Constitución de 1931, coma a unha formulación case federal na medida en que as comunidades autónomas veñen asumindo un volume crecente de competencias, dun lado; e doutro, porque ese proceso de asunción de competencias véñse operando nun grao cada vez máis homoxéneo. Ademais, o federalismo cooperativo foi o presuposto que explica os mecanismos de cooperación, de coordinación e de control que veu introducindo o noso ordenamento e, doutra banda, o elemento impulsor do chamado federalismo de execución, sistema que tende a asegurar un eficaz cumprimento das disposicións das instancias centrais e cunha metodoloxía que resume o artigo 149.1. CE. Neste esquema, o artigo 149.1.1 resume maxistralmente a principal función do Estado: asegurar que “tódolos españois teñan os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio español”.

O Estado, polo tanto, ten unha clara xustificación e a teoría da Administración única, polo menos como eu a entendo, só aspira a que a Administración do Estado en territorio autonómico se adecúe á realidade competencial nun marco de subsidiariedade e solidariedade.

É certo que os novos tempos, as transformacións sociais e a complexidade inherente supuxeron a crise de moitos conceptos e esquemas que se tiñan case por cerrados. Por exemplo, a caída do “muro de Berlín” fixo fracasar toda unha ideoloxía que parecía non ter fisuras e que pretendeu

confiarlle ó Estado a vida e a facenda dos cidadáns. Os movementos nacionalistas acontecidos precisamente nos países ex comunistas poden xustificarse precisamente porque o Estado se utilizou, non para salvagarda-las liberdades cívicas e os dereitos fundamentais dos cidadáns, senón para beneficio duns poucos. Hoxe o Estado, nun mundo no que rexorden con forza inusitada as instancias *supra* e *infra* estatais, non parece que vaia desaparecer. Xa o sinalou, con indubidable sabedoría, Santi Romano nunha das súas célebres sentencias: “un principio parécenos resultar cada vez máis esixente e indispensable: o principio dunha organización superior que unha, tempere e harmonice as organizacións menores en que a primeira vai especificándose”. É dicir, o Estado ten un papel moi importante: asegura-lo principio de solidariedade entre tódolos pobos de España e garanti-lo libre exercicio para tódolos españois dos dereitos fundamentais.

4. Administración única e orde constitucional

Como ben se sabe, a principal crítica xurídico-constitucional formulada para a proposta de Administración única foi realizada polos profesores Peces Barba e Parejo e Aguiar en virtude dun dictame no que se estudia *in extenso* o contido da proposta e o seu engarzamento constitucional. Ademais, o propio profesor Parejo, nun brillante e recente traballo sobre o Estado autonómico¹⁵, amplía as súas teses e permítenos coñecer con máis detalle a súa opinión sobre o tema que nos ocupa.

O informe dos profesores Peces Barba, Parejo e Aguiar é un informe por instancia do Ministerio de Administracións Públicas sobre a proposta do presidente da Xunta de Administración única. Esta é a orixe do informe e non se debe esquecer porque, na miña opinión, permite entende-lo sentido dos enfoques e aproximacións que se realizan. O informe ten tres partes moi claras que obedecen ás tres formulacións académicas nas que son indiscutidos especialistas os tres catedráticos de dereito da Universidade Carlos III: filosofía xurídica, dereito administrativo e dereito constitucional respectivamente. Por evidentes razóns de tempo, só tratarei algúns aspectos do dictame que poden, penso, ser de interese neste momento.

¹⁵ L. Parejo Alfonso, “Algunas reflexiones sobre el poder público administrativo como sistema, en el Estado autonómico: una contribución al debate sobre la llamada Administración Única”, *RDA* nº 232-233.

O informe ten varios capítulos. Trala breve síntese da proposta, segue un titulado "Contraste entre la propuesta y el orden constitucional". No devandito epígrafe reconécese con toda claridade que a interpretación constitucional "inseparable de las formulaciones preveía los dos intérpretes, de su ideología y que, la neutralidad es una mercancía imposible de encontrar, igual que la seguridad, en el mercado de la inteligencia"¹⁶. A continuación iníciase un subtítulo baixo a rúbrica "Los principios del Estado de las autonomías" onde se recordan os tres principios básicos que afectan á organización do Estado das autonomías: unidade, autonomía e solidariedade que, non o esquezamos, tamén se citan, como é lóxico, nas formulacións do propio profesor Fraga Iribarne. Do principio de unidade dedúcese con toda razón a "existencia de una Administración pública dirigida por el Gobierno del Estado (...) como una exigencia derivada de la misma idea de soberanía"¹⁷. Do principio de autonomía e do de unidade, extráese que "existen cuatro ámbitos en el ejercicio del poder político a través del derecho en el Estado, que todos ellos son Estado (unidad) pero que actúan desde distintas perspectivas, por sus órganos políticos y administrativos, por el territorio al que se extiende su competencia y por las competencias que ejercen (autonomía): instituciones centrales del Estado, autonómicas, provinciales y locales"¹⁸. E, como é lóxico, estes catro ámbitos de poder político supoñen catro administracións distintas; a súa "coexistencia (...) forma parte del sistema jurídico español. Forzar esa distribución, desequilibrando as competencias de cualquiera de los niveles solo es posible a través de una auténtica mutación constitucional"¹⁹. Sen embargo, a doutrina da Administración única encaixa perfectamente no sistema. Aínda máis, é unha forma de perfección do sistema e supón reformula-lo exercicio das competencias ó ámbito territorial propio. Convén recordar esta idea neste punto porque non poucas veces se fixeron, e se seguirán a facer, lecturas que permitan pensar que a Administración común, ordinaria, preferente, non repetitiva, sincronizada ou única implica elimina-las outras administracións, a local e a provincial. Todo o contrario, é o inicio dun necesario movemento descentralizador cun último destinatario que é a Administración municipal e a local. Do contrario, a formulación non tería sentido e si que podería afectar ós límites constitucionais.

¹⁶ G. Peces-Barba, L. Parejo, L. Aguiar, Dictamen sobre la constitucionalidad de la propuesta de Administración única formulada por el presidente de la Xunta, Madrid, 30 de maio de 1992, p. 7.

¹⁷ Dictame, cit., p.11.

¹⁸ Dictame, cit., p.12.

¹⁹ *Ibidem*.

En fin, parece que os redactores do informe interpretan en sentido literal a expresión Administración única, esquecendo a referencia ás administracións locais: “el principio de autonomía no debe pues, dise no dictame, ser interpretado como que favorece y orienta hacia una Administración única, si se quiere ser coherente, con el valor solidaridad, con el pluralismo y la igualdad, valores superiores del artículo 1.1 CE y guía general de interpretación de todas las normas y de todos los subsistemas del derecho español”²⁰. Certo, pero non o é menos que o principio de autonomía política pode, e debe, axudar a buscar fórmulas organizativas que melloren a calidade dos servicios públicos e permitan unha maior proximidade da Administración ó cidadán. Aínda máis, cando se ofrece una proposta nesta liña para o resto das comunidades autónomas e para os entes locais, é obvio que se está a facer un efectivo exercicio de solidariedade.

O dictame dedícalle un capítulo a estudia-la doutrina da Administración única á luz do federalismo de execución. Sobre este particular, antes de efectuar los comentarios pertinentes, debe quedar claro que o federalismo de execución non é posible aplicalo no seu estado puro no dereito español. A súa referencia, sen embargo, axuda a entende-lo novo peso que deben te-las comunidades autónomas e entes locais como entes de xestión de todas aquelas materias que, por razón do territorio e polo seu irrefutable vínculo co interese rexional e local, deben operar. É mester neste punto insistir en que a Administración única, no momento actual, non supón, sen máis, a afirmación radical de que as administracións autonómicas deben converterse nas estruturas ordinarias de execución da lexislación do Estado. O que si implica, na miña opinión, é que a aplicación administrativa da distribución institucional de competencias non é nin racional, nin económica, nin trae consigo unha maior eficacia, nin supón un achegamento proporcional da maquinaria administrativa ós cidadáns. É dicir, trátase dunha nova técnica de organización administrativa ó servicio dos principios constitucionais. Para os insignes profesores da Universidade Carlos III a Administración única non é máis cá aplicación do federalismo de execución. Por iso, o esquema que se propón non é posible lóxicamente. Sen embargo, a tese da Administración única non é máis que o *aggiornamento* da Administración pública ós preceptos e principios

²⁰ Dictame, cit., p. 15.

constitucionais. E iso non é posible a partir do federalismo de execución, senón tendo en conta a operatividade dos artigos 148, 149 e 150 CE e dos estatutos. É lóxico, por outra parte, que a Constitución, que é unha norma viva, se vaia adaptando, dentro dos seus principios, á realidade. E hoxe a realidade é a que hai. Por iso, resulta perigoso afirmar que a Administración única supón refunda-lo Estado, salvo que, como parece, se identifique Administración única co sistema propio de execución administrativa vixente, por exemplo, no federalismo alemán ou austríaco. Certamente, unha lectura atenta do artigo 149.1 CE que, en teoría, enumera as competencias exclusivas do Estado, permite pensar que, en moitas materias, existe actividade das comunidades autónomas de carácter administrativo. É dicir, "no caso español resulta evidente que non existe habilitación constitucional expresa que imponha ou, máis moderadamente, oriente cara a unha descentralización xeneralizada da execución das leis estatais ó modo do federalismo alemán ou austríaco"²¹. O que ocorre é que o título VIII da Constitución, como reconece maioritariamente a doutrina, constitúe un título aberto que debe ir perfeccionándose a partir da propia virtualidade e potencialidade que encerran os seus preceptos, que non é pouca. Polo tanto, aínda que a Constitución certamente non impuxo un concreto modelo de Administración pública, tamén é certo que o marco da norma constitucional proporciona un conxunto de principios que, desde un punto de vista organizativo, permiten propor un maior protagonismo das competencias de execución autonómicas e locais. Está claro, que a Constitución non implica un modelo radical de federalismo de execución²² porque o sistema español é doutra clase. Pero o que si permite a lectura dos artigos 148, 149 e 150 da propia Constitución é aumentar sensiblemente a cantidade de materias nas que é posible que as comunidades autónomas realicen tarefas de execución administrativa. A Administración única non supón importa-lo modelo alemán ou austríaco, trátase, simplemente, de adapta-lo sistema organizativo das administracións públicas ás demandas constitucionais, facendo do territorio o marco obrigado do problema e tendo en conta a operatividade do propio interese autonómico. A cuestión é que os profesores da Universidade Carlos III entenden que a proposta de Administración única non é máis cá aplicación do sistema alemán. Que iso non é así demóstrannolo os propios termos e os

²¹ Dictame, cit., p.41.

²² Vid. dictame, cit., pp. 41 e ss.

principios que avalan a doutrina da Administración única, e o feito de que no sistema alemán a execución do dereito estatal se efectúa como tarefa propia, practicamente sen controles de oportunidade, por parte dos *länder*. A doutrina da Administración única, tal e como persoalmente a entendo, ten un alcance específico, aumenta-lo número das materias, a titularidade das mesmas seguirá en mans do Estado, nas que é posible una actividade de execución administrativa por parte das comunidades autónomas. Non se trata de formular un modelo cerrado, xa que como moi ben se razoa no dictame obxecto de análise “a Constitución non contén un modelo acabado de estruturación territorial do poder (...) senón a delineación duns procesos de apertura futura²³. Está claro que o Estado autonómico deseñado “polo constituínte deixou paso (...) a un modelo de estruturación territorial do poder moi próximo ó Estado federal...”²⁴.

A última parte do dictame, de contido constitucional, titúlase “Estudio crítico do modelo administrativo da proposta de Administración única” e ten dúas partes. A primeira leva por rúbrica: “Contraste entre a Administración única e o esquema do poder público administrativo na Constitución”, e a segunda: “Análise pormenorizada dos fundamentos da proposta de Administración única”.

Vaiamos por partes. Na primeira analízase de novo a doutrina da Administración única como unha estrutura administrativa querida pola Constitución na que a Administración autonómica asume un papel parecido ó da Administración dos estados federais nos que executa tanto o dereito federal coma o dos estados membros. De novo hai que matizar: trátase de que a Administración autonómica xestione as materias directamente relacionadas co territorio e conectadas ó interese rexional, independentemente do suxeito titular das ditas materias. Repetimos, non se trata de conducir o Estado autonómico “cara a un Estado cunha Administración única (a autonómica, aínda que respectando a Administración local)”²⁵. Trátase de aplica-la descentralización do poder político á organización administrativa dentro do marco da Constitución. Os profesores Peces-Barba, Parejo e Aguiar entenden que os preceptos constitucionais non admiten a proposta de Administración única. Iso, entre outras razóns, porque a Constitución é un “sistema e unha unidade, de xeito que o seu manexo, interpretación e apli-

²³ Dictame, cit., p. 42.

²⁴ Dictame, cit., p. 43.

²⁵ Dictame, cit., p. 62.

cación teñen que se producir respectando esta esencial condición”²⁶. O dito sistema, que se lle aplica tanto á parte dogmática coma á organizativa supón, utilizando a doutrina de Hesse, que, a partir dos artigos 1.1, 10.1 e 9 da Constitución, resulte que o Estado-poder está vinculado á realización da orde política e a paz social²⁷. Por suposto, nada que obxectar, como tamén resulta irreprochable a configuración do Estado social e a súa aplicación sobre a Constitución que os profesores efectúan posteriormente²⁸. Do mesmo xeito, ha de se considerar moi acertado que se escriba no dictame que “a organización do Estado en instancias autónomas de poder é reflexo dunha combinación específica dos principios de unidade e autonomía e, por tanto, dunha específica concepción verbo da estrutura dos poderes públicos idónea para, segundo aquela combinación e no marco da Constitución, a realización constante desta como unidade ou sistema de convivencia nos termos predicados cabalmente pola complexa fórmula do Estado social e democrático de dereito”²⁹. Aínda máis, a través da descentralización política, os entes territoriais teñen a obriga constitucional, como poderes públicos que son, de facer efectivo o conxunto de valores e obxectivos constitucionais definidos na armazón dogmática do constitucional. Canto mellor funcionen as administracións territoriais, máis fácil é conseguilos parámetros constitucionais. Por tanto, a construción da Administración única encaixa na configuración constitucional do Estado.

Sen embargo, os autores do Dictame pensan todo o contrario. Para estes xuristas, o modelo de Estado que perfila a Administración única non encaixa no marco constitucional, “sitúase máis aló e por fóra dos amplos límites que indubidablemente acoutan a marxe de liberdade de configuración daquel Estado, a condición aberta e flexible que aquel marco sen dúbida proporciona”³⁰. Séguese pensando no artigo 150.2 CE como peza clave do modelo e en que, a través del, se instaure a Administración única. Ademais, ofrécense dúas xustificacións no dictame facilmente combatibles. Dunha banda, a través dunha organización administrativa axustada ós principios constitucionais é máis doado conseguilos valores formulados na parte dogmática da Constitución. Aínda máis, ó se-las comunidades autónomas corporacións públicas de natureza estatal, non debería escandalizar que participen, e non con pouca forza, en facer posible o conxunto

²⁶ Dictame, cit., p. 63, con cita das STC do 6 de marzo e do 14 de febreiro de 1985.

²⁷ Dictame, cit., pp. 64-65.

²⁸ Dictame, cit., pp. 66-72.

²⁹ Dictame, cit., p. 70.

³⁰ Dictame, cit., p. 74.

dos obxectivos e valores constitucionais proclamados nos artigos 1, 9, e 10 da Constitución. E, por outra parte, debemos volver a recordar que a doutrina da Administración única, polo menos como persoalmente a entendo, non se articula preferentemente a través das técnicas da delegación ou transferencia do artigo 150.2 CE. Ademais, a Administración única non supón residencia-las tarefas de execución por enteiro na instancia autonómica, senón axusta-la función administrativa á realidade para xestionar mellor os intereses públicos de acordo coa descentralización política que operou a Constitución³¹.

A doutrina do Estado social, na medida que supón todo un conxunto de actividades de carácter promocional para facer efectivos os dereitos fundamentados da persoa³², penso que é apoiada desde posicións próximas á Administración única xa que as administracións autonómica e local, que non eliminarán nunca a central, asumirán un maior protagonismo administrativo e, polo tanto, estarán en mellores e máis reais condicións de facer efectivos os valores e obxectivos constitucionais. As comunidades autónomas como poderes públicos de natureza estatal xogan un papel importante en facer viable o principio constitucional de unidade. Iso porque o interese xeral, do mesmo xeito que os obxectivos constitucionais, non son patrimonio exclusivo da Administración central, son elementos que vinculan á Administración pública e que, por iso, deben presidi-la súa actuación: a da Administración central, a da Administración autonómica e a da Administración local.

Cando se le no Informe que “a privación á instancia estatal xeral de todo o campo administrativo”³³ é unha consecuencia da Administración única, hai que ter en conta que o modelo non supón, nin moito menos, a desaparición do territorio autonómico da Administración periférica do Estado. Aínda máis, reforza o Estado no seu conxunto na medida en que se está en mellores condicións de afrontar-los parámetros constitucionais que definen a cláusula do Estado social. Por iso, non podemos estar de acordo en que a Administración única “represente unha alteración apreciable da economía constitucional do pluralismo territorial na constante recreación daquela unidade”³⁴. Non se trata de operar unha “ausencia de capacidade administrativa no Estado”³⁵ polo que, fronte ás funcións de execución da instancia autonómica, encóntrase a titularidade estatal de moitas com-

³¹ Vid. pp. 76-80.

³² Vid. J. Rodríguez-Arana, “Los derechos fundamentales en el Estado de Derecho y el Derecho Administrativo Constitucional”, *Actualidad Administrativa* nº 45, 1988.

³³ Dictame, cit., p. 83

³⁴ *Ibidem*.

³⁵ Dictame, cit., p. 84.

petencias e unha actividade, tamén administradora nas materias de seu e por natureza non susceptibles de transferencia ás comunidades autónomas: os casos das custas ou da actividade administrativa de fomento demostran como a Administración do Estado, sempre que exista un interese público de contido inequivocamente estatal, seguirá a xogar un papel importante que penso que a Administración única non trata de socavar”³⁶.

5. O artigo 150.2 da Constitución

O modelo do deseño de Administración que debuxa a Constitución é un modelo que se deduce do modelo o deseño de Estado previsto na nosa norma fundamental e que se encontra determinado polo esquema de distribución de competencias entre o Estado e os distintos entes territoriais.

O federalismo de execución reinante en Alemaña solucionou o tema da función de execución das leis do *Bund* ó ser sentida como regra xeral a súa titularidade polos *länder* como entes encargados da execución das leis federais. O sistema español é distinto pero permite afondar nesa fórmula da Administración común, ordinaria, preferente ou única, a través da técnica das leis orgánicas de transferencia ou delegación. O artigo 150.2 CE en cuestión desenvolve a súa virtualidade operativa como elemento de apoio dunha nova maneira de entender-las relacións Estado-comunidades autónomas-entes locais. Trátase de extraer, que non é pouco, todo o partido que ten o precepto ó servizo de aumento do protagonismo da Administración territorial sobre o propio territorio, sen ignorar, claro está, que se trata de transferir ou delegar funcións correspondentes a materias de titularidade estatal e que, polo tanto, a súa funcionalidade reside no ámbito das chamadas competencias de execución.

A xénese do artigo 150.2, moi sinteticamente, permítenos sinalar para os efectos sistemáticos cinco afirmacións que, necesariamente, han condiciona-lo réxime do dito precepto:

1. É posible a delegación ou transferencia de potestades incardinadas nunha competencia exclusiva.

2. A delegación ou transferencia, ó responder a unha técnica organizativa do Estado, conforme ó principio de “des-

³⁶ Vid. pp. 85-87 do dictame.

centralización” non supón un “alleamento da soberanía”. Antes ben, a técnica organizativa fundaméntase nun “acto de soberanía do Estado” ó que responde o rango e solemnidade dunha “lei orgánica”.

3. O acto de soberanía do ente delegante ou transparente é totalmente voluntario e libre, correspondéndolle ó Estado, a través do órgano lexislativo valora-la súa procedencia e oportunidade.

4. Non se pode delegar ou transferir a titularidade da competencia estatal exclusiva. Si poden delegarse “potestades” ou “funcións” incluídas na competencia.

É, en realidade, irrelevante o maior ou menor número de facultades obxecto da delegación ou transferencia, sempre que os medios de control que poden alcanza-la oportunidade, garantan a titularidade efectiva do Estado: é dicir, a súa decisión e responsabilidade últimas.

5. As facultades delegadas posúen, necesariamente, natureza executiva: prestación de servicios administrativos con carácter menor pola Comunidade Autónoma, “por conta” ou “en colaboración” co Estado que, en todo caso, produce a normación substantiva (leis e regulamentos) e dirixe a execución autonómica (supervisión); instrucións executivas; control de oportunidade; etc. Sempre desde unha posición de “supremacía”. Certamente, con estas cautelas ou medios de control, non se pode soste que a “administración”, “inspección” ou “control” autonómicos sobre as facultades transferibles pola súa natureza materialmente executiva, supoñan risco de produción de resultados desagregadores nunha materia necesitada dunha aplicación uniforme en todo o territorio do Estado. Cuestión distinta é a da viabilidade ou oportunidade da delegación ou transferencia, segundo as esixencias organizativas actuais do Estado: evolución do proceso autonómico, posibilidades de acordo cunha xestión eficaz pola Comunidade Autónoma, e, en definitiva, circunstancias políticas do momento, que entrañan un xuízo de mérito ou valor reservado en exclusiva ó “acto de soberanía do Estado”.

Como ben se sabe, aínda en contra do previsto no artigo 150.2 CE: segundo o cal só se podían transferir ou delegar facultades executivas, a realidade desmentiu o temor literal do pobo, producíndose, de feito, unha clara mutación constitucional. Para xustificalo, pensouse en distinguir entre

delegación, que se referiría a facultades administrativas soamente, e transferencia, que admitiría o traspaso de facultades lexislativas³⁷.

No marco da Administración única, a interpretación do artigo 150.2 CE é de tipo literal, posto que, é necesario lembralo, esta proposta é de carácter administrativo e, de ningún xeito, afecta á reorganización de competencias e moito menos cuestiona, na miña opinión, o traspaso de facultades lexislativas³⁸.

A transferencia ou delegación do artigo 150.2 CE refírese, tal e como dispón o propio precepto a “facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación”. Pois ben, o seguimento da xénese desta disposición constitucional invita a pensar que o contido propio destas leis orgánicas se debe referir a facultades administrativas incardinadas en auténticas competencias exclusivas estatais. O problema é a indefinición e xeneralidade da fórmula constitucional. Por unha banda, é ben sabido que non prosperou unha emenda que intentou concretalo contido do precepto e, por outra, como é coñecido, as intervencións parlamentarias referíronse á natureza administrativa das funcións que transferir ou delegar. É máis, o voceiro do grupo que sostíña o Goberno, sinalou con toda claridade que o alcance do parágrafo 2º do artigo 150 CE se circunscribe á prestación de determinados servicios administrativos de carácter menor, englobados en competencias exclusivas estatais que se realicen en colaboración coas comunidades autónomas.

En calquera caso, convén precisar que o obxecto propio do precepto que agora comentamos é a transferencia ou delegación de facultades concretas de xestión –non de materias ou de competencias plenas– incardinadas en competencias exclusivas, sempre que a través dos mecanismos de control establecidos pola lei orgánica *ad hoc* se garantan, en todo caso, a “titularidade”, os “poderes substanciais de decisión” e a responsabilidade última en mans do Estado (García de Enterría).

O tema máis importante do precepto é se o Estado ten ampla franquía para delegar calquera das súas competencias. É evidente que non. O propio precepto sinala que a delegación ha de referirse a materias “que pola súa propia

³⁷ En relación coas leis orgánicas 11 e 12/1982, do 10 de agosto, coñecidas como LOTRACA e LOTRAVA, de aplicación de competencias a Canarias e Valencia, *vid.*, recentemente, G. Fernández Farreres, “El artículo 150.2 de la Constitución y el desarrollo del Estado de las Autonomías”, *RVAP* nº 36, 1993, pp. 81 e ss.

³⁸ Sobre este tema, cfr. recentemente E. Aja e J. Tornos, “La Ley Orgánica de transferencia o delegación del artículo 150 CE”, *REDA* nº 232-233, 1993, pp. 185 e ss. G. Fernández Farreres, “El artículo”, *loc. cit.*, e A. Ruíz-Huerta, “Los acuerdos autonómicos de 28 de febrero de 1992: ¿una alternativa constitucional adecuada?”, *REP* nº 81, 1993, pp. 103 e ss.

natureza sexan susceptibles de transferencia ou delegación”, admitindo, pois, que hai algún límite, aínda que o deixa aberto. Non hai problemas en admitir que a posibilidade de delegación se estende ás competencias non exclusivas do Estado, é dicir, ás non incluídas na lista do art. 149.1 da CE, concretamente, pois, as que lle corresponden pola cláusula residual do art. 149.3. ¿E nas exclusivas? A indeterminación do art. 150.2 entendemos que pode ter algunha xustificación, tendo en conta:

a. Que o precepto non autoriza a transferir competencias ou materias completas, senón “facultades correspondentes a materias de titularidade estatal”, é dicir, aspectos parciais da ordenación ou da xestión dunha materia.

b. A indisponibilidade das competencias que a Constitución define como exclusivas do Estado resulta do comezo do art. 149.1. 1º e do feito de que este elenco é a expresión concreta da indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible” (artigo 2º). A separación dunha desas competencias sería, pois, contraria a ese principio de indivisibilidade.

Trátase de transferir ou delegar, non competencias ou materias completas, senón “facultades correspondentes a materias de titularidade estatal”. É dicir, aspectos parciais da ordenación ou da xestión dunha materia. Polo tanto, as materias de titularidade estatal, hai que buscalas, por un lado nas competencias remanentes e residuais do 149.3 e en todas aquelas competencias do artigo 149.1 nas que a atribución en exclusividade da competencia non sexa consecuencia, nin da unidade de indivisibilidade da soberanía nin da necesaria regulación uniforme que asegure un tratamento homoxéneo en todo o territorio nacional. Polo tanto, o contido do artigo 150.2 redúcese á execución, puramente material, de funcións ou servizos administrativos incluídos no ámbito dunha competencia exclusiva estatal, de acordo cunha lexislación estatal que sexa uniforme e sempre suxeita a unha eventual revogación da competencia transferida ou delegada.

Polo que se refire á cuestión das materias obxecto de transferencia ou delegación, o precepto constitucional é máis ben xenérico, como xa dixemos. ¿Cales poden ser esas facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que pola súa propia natureza son susceptibles de trans-

ferencia ou delegación? En principio, e a *sensu contrario*, non poden ser obxecto deste artigo constitucional todas aquelas materias nas que o Estado, reservándose a súa titularidade, poder de decisión e responsabilidade, non poida garantir ou asegurarse un resultado práctico uniforme e homoxéneo nas diversas partes do territorio do Estado. Máis en concreto, certo sector doutrinal entendeu que as competencias exclusivas denominadas absolutas³⁹ non son susceptibles de transferencia ou delegación, polo seu evidente engaste na esencia da unidade e soberanía do Estado, e si serían obxecto da lei orgánica de referencia as chamadas competencias exclusivas relativas⁴⁰. Todo iso tendo en conta que o artigo 156.2 CE establece a posibilidade de que as comunidades autónomas actúen como delegados ou colaboradores do Estado para a recadación, a xestión e a liquidación dos recursos tributarios. Ademais, non se pode esquecer que o artigo 152 CE permite que os estatutos establezan os supostos e formas de participación das comunidades autónomas na agrupación das demarcacións xudiciais do territorio. Tamén, debe lembrarse que existe outro criterio para recoñecer-la posibilidade de transferencia ou delegación: a forma de atribución ou, mellor, a natureza da función sobre a materia en cuestión. De igual xeito, en principio non son delegables ou transferibles todas aquelas materias nas que a Constitución non lles atribúe función ningunha ás comunidades autónomas. Así mesmo, son susceptibles da lei orgánica do artigo 150.2 CE as chamadas competencias residuais do artigo 149.3 CE.

En relación coas chamadas competencias exclusivas absolutas convén facer unha precisión que trae consigo a propia virtualidade operativa do proceso autonómico que, como tantas veces se ten repetido, é un proceso aberto no que cada vez, nunha manifestación de madurez e sentido de responsabilidade, deben ser maiores os supostos de exercicio concorrente de funcións sobre unha mesma materia por parte de administracións públicas distintas. Referímonos, claro está, a que non parece posible que se poida predicar a existencia de competencias tan “superexclusivas” que non admitan unha colaboración máis ou menos parcial referida, é evidente, nunca á titularidade ou responsabilidade, senón á xestión tal e como se pon de manifesto constantemente nos modernos sistemas federais e rexionais⁴¹. Por iso, pódese dicir que non hai materias de seu indelega-

³⁹ Nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría, dereito de asilo, relacións internacionais, defensa e Forzas Armadas, administración de xustiza, réxime aduaneiro, sistema monetario.

⁴⁰ Sanidade exterior, Mariña mercante e almacenamento de buques, iluminación de costas e sinais marítimos, portos de interese xeral, aeroportos de interese xeral, control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, servizo meteorolóxico, matriculación de aeronaves, ferrocarrís, obras públicas, réxime de produción, comercio, posesión e depósito de armas e explosivos, estatística para fins estatais e autorización para a convocatoria de consultas populares.

⁴¹ Así, a existencia de convenios interfronteirizos entre entes territoriais de diversos estados, execución de tratados internacionais, fórmulas de colaboración territorial coas Forzas Armadas, a articulación como auxiliares das policía autónomas.

bles susceptibles de enumerarse nunha lista. Máis ben, todas admiten, en principio, a posibilidade dunha colaboración autonómica que, repetimos, non afecte á titularidade e responsabilidade última do Estado sobre a mesma. En fin, o carácter xenérico e indeterminado do artigo 150.2, no tocante ó seu contido, refírese a que as posibilidades de colaboración son abertas e indeterminadas de xeito que a "natureza" da medida de colaboración se debe xulgar na medida en que o Estado se reserve a titularidade remanente e o mantemento dos poderes substanciais de decisión e responsabilidade. Estes son os elementos, en definitiva, que definen a "natureza" das funcións que, nestes casos, poidan realizar as comunidades autónomas nesta materia.

De tódolos xeitos, non debe esquecerse que a aplicación do artigo 150.2 CE se utilizou para a ampliación das comunidades autónomas que seguiron a vía do artigo 143 CE. Por iso, tendo en conta a praxe constitucional seguida, parece que se podería utiliza-lo artigo 150.2 CE para unha descentralización de competencias de titularidade estatal e, por suposto, para unha transferencia de facultades como literalmente di o precepto. Ademais, este precepto, utilizouse na Lei orgánica do 30 de xullo de 1987, como xa sabemos. Na dita lei dicíase no seu preámbulo que "a finalidade da lei é a delegación de funcións nas comunidades autónomas en materia de transportes por estrada e por cable e con ela preténdese a implantación do principio de xanela única, evitando así as disfuncións que a existencia de varias administracións superpostas pode supoñer, posibilitando o conseguinte aforro do gasto público, facilitando as relacións co administrado e, en definitiva, a eficacia do sistema de intervención administrativa, mediante a simplificación e racionalización do mesmo". Polo que se refire á extensión da delegación, o exposto no preámbulo non ten desperdicio ningún: "a delegación comprende a totalidade das competencias estatais que pola súa natureza deban ser realizadas a nivel autonómico ou local e está referida, non soamente a actuacións xestoras, senón tamén normativas, cando estas estean previstas na lexislación estatal...". Realmente, pódese dicir sen rubor que boa parte das xustificacións daquela delegación de 1987 forman parte, por máis que un se poida asombrar, da armazón teórica que esgrimiou o presidente da Xunta na súa proposta de Administración única. Noutras palabras, para o lexislador de 1987 non só é posible utiliza-

la vía do artigo 150.2 CE para transferir e delegar competencias, senón que é conveniente desde o punto de vista da eficacia⁴².

6. A reforma da Administración periférica do Estado

A descentralización administrativa, a favor das comunidades autónomas, escribiu o profesor Meilán, non está impedida, senón reclamada constitucionalmente⁴³. A reforma administrativa non ha de limitarse a ese traslado de competencias e funcións nin a reordenacións estruturais dentro da Administración do Estado⁴⁴. O Estado autonómico e as súas esixencias requiren un cambio funcional da Administración subsistente, di Meilán⁴⁵. Pois ben, esta idea non é nova. Apuntouse no Informe da Comisión de Expertos de 1981. Naquel informe suxeríase que a perda de competencias de xestión da Administración do Estado debería ir acompañada da potenciación de funcións de planificación, programación, coordinación e cooperación. Como sinala Meilán Gil, a pervivencia da Administración periférica do Estado por imperativo do artigo 154 CE, non significa mantemento en todo caso da natureza das funcións de xestión que ata a actualidade viñan realizando⁴⁶. A Administración única non supón máis que adapta-la estrutura organizativa da Administración periférica á realidade competencial. Por iso, postos a saca-la máxima virtualidade da interpretación literal do artigo 154 CE, habería que subliñar un certo protagonismo da Administración propia da Comunidade Autónoma, xa que é a periférica do Estado a que ha de ser coordinada polo delegado do Goberno con aquela⁴⁷. É máis, "podería sosterse que para o constituínte, a Administración periférica do Estado debe acomodarse á funcionalidade da Administración autonómica"⁴⁸.

En realidade, a Administración única non vén máis que a sumarse a ese conxunto de voces que veñen criticando desde hai tempo a falta de adaptación da Administración periférica do Estado á estrutura autonómica do Estado. O propio Tribunal Constitucional, na súa Sentencia 58/1982, xa facía referencia á necesaria reestructuración do Estado, ó dispoñer que "as comunidades autónomas non son entes preexistentes ós que o Estado lles ceda bens propios, senón

⁴² J. L. Meilán Gil, *Estado compuesto...*, cit., p. 41.

⁴³ J. L. Meilán Gil, *El Estado...*, cit., p. 34.

⁴⁴ Vid. S. Martín-Retortillo, *El reto de una Administración racionalizada*, Madrid, 1983.

⁴⁵ *Ibidem*.

⁴⁶ J. L. Meilán Gil, *Estado compuesto ...*, cit., p. 35.

⁴⁷ *Ibidem*.

⁴⁸ *Ibidem*.

entes de nova creación que só alcanzan existencia real na medida en que o Estado se reestrutura subtraéndolles ás súas institucións centrais parte das súas competencias para atribuírllelas a eses entes territoriais e transfírelles, con elas, os medios persoais e reais para exercelas”.

A falta de adaptación da Administración do Estado á nova vertebración do poder do mesmo⁴⁹, di Silva Sánchez, xera non só ineficacia administrativa, senón tamén unha invasión constante de competencias autonómicas⁵⁰.

O último libro do profesor Arenilla sobre a modernización da Administración periférica do Estado resulta especialmente interesante en todo este tema, sobre todo cando formula as relacións entre competencia e territorio. Para este autor, unha Administración que estea implantada no territorio e con competencias no dito territorio, aspirará por tódolos medios a se-lo único poder no mesmo. En efecto, a proposta de Administración única non é máis que a consecuencia necesaria de afirmar que o territorio é o marco normal para o exercicio das competencias. O que ocorre é que a simple presenza da Administración do Estado, sen unha idea clara das súas competencias, produciu unha distorsión importante no exercicio das competencias autonómicas. Por iso, puido escribir Arenilla que só se pode chegar a un equilibrio cunha coidadosa delimitación da implantación das administracións no territorio e cun xusto equilibrio financeiro. Todo o que non sexa isto, leva a incrementar e expandirlas competencias do Estado por vía de feito. Polo tanto, a salvagarda da autonomía, tanto das comunidades autónomas coma dos entes locais, depende da simultánea redución da presenza do Estado no territorio e da dotación de suficientes recursos financeiros a entes locais e comunidades autónomas⁵¹.

A Sentencia do Tribunal Constitucional do 28 de maio de 1992 tivo que proclamar que “non se entende por que esas outras actuacións executivas se lles atribúen centralizadamente a órganos ou organismos da Administración do Estado ou, menos aínda, a unidades periféricas dos mesmos”. O propio Arenilla describiu o fenómeno ó escribir que non hai ningunha razón para que o Estado manteña unha profusión de redes periféricas como as que aínda hoxe existen⁵². Nin o tipo de prestación e actividades que realiza, nin a necesidade que todo Estado ten de domina-lo seu territorio fan necesaria, e si prexudicial, a existencia con carácter

⁴⁹ M. Silva Sánchez, *La generalidad...*, cit., p. 19.

⁵⁰ Vid. L. de la Morena, “La Administración periférica: la Reforma que sigue... y no llega”, *RAP* nº 105.

⁵¹ Citado por M. Silva Sánchez, *La Generalidad...*, cit., p. 20.

⁵² Na actualidade hai, aproximadamente, sesenta redes periféricas estatais con tres mil puntos de implantación administrativa de ámbito provincial ou superior.

xeral das delegacións provinciais dos ministerios, organismos autónomos e direccións xerais. As funcións que permanecen no Estado pódense organizar, aínda que non prestar na súa totalidade, desde o marco territorial autonómico⁵³.

É evidente que o papel do Estado no Estado composto pasa por definir mellor o papel do delegado do Goberno⁵⁴. A oportunidade desaproveitouse, -Lei de decembro de 1983- e, na actualidade, a súa infraestrutura é escasa e a penas é algo máis, como se dixo reiteradamente, que un embaixador do Estado na Comunidade Autónoma⁵⁵. Por iso, como di o profesor Arenilla, a Administración central deberá situar no territorio unha estrutura que responda ás necesidades reais do cidadán e que deberá complementarse necesariamente coa Administración autonómica⁵⁶.

É claro que a Administración única supón unha redución importante da Administración periférica do Estado. O Informe da Comisión de Expertos de maio de 1981, sen embargo, como puxo de manifesto o profesor Meilán, concluíu coa afirmación da predominancia do dereito estatal en todo caso sobre o autonómico e a conversión de todas as competencias exclusivas das comunidades autónomas en concorrentes. Deste xeito, a reforma da Administración cuestionouse para mante-lo protagonismo da Administración do Estado⁵⁷. Por iso, o informe propuxo descarga-la organización central, reordenando e eventualmente refundindo ministerios e potenciando, en troques, os periféricos, sobre todo ampliando a esfera das súas competencias resolutorias e dotándoas de máis amplos medios. Agora ben, e este dato penso que avala a tese fundamental da Administración única, resulta que esa potenciación da Administración periférica se descobre como algo transitorio para que no seu momento poidan entregárselles ás comunidades autónomas servicios operativos e en pleno rendemento⁵⁸. Sen embargo, este momento acaba de ser cuestionado desde unha Administración autonómica porque non se operou unha auténtica reforma da Administración periférica. Dicitouse o Real decreto 1881/1981, do 24 de xullo, que creou as direccións provinciais departamentais e incumpríronse, como xa comentamos, os obxectivos previstos no artigo 23 da Lei do proceso autonómico (LEPA) de 1983, coñecida como os restos da LOHAPA.

O profesor Baena del Alcázar comenta no seu último libro que a situación da Administración periférica é irracio-

⁵³ M. Silva Sánchez, *La Generalidad...*, cit., p. 21.

⁵⁴ Vid. sobre todo, R. Salaberri Barrañano, *El Delegado del Gobierno*, Oñati, 1989.

⁵⁵ M. Arenilla, *op. cit.*, p. 183.

⁵⁶ M. Arenilla, *op. cit.*, p. 184.

⁵⁷ J. L. Meilán Gil, *Estado compuesto...*, cit., pp. 23-24.

⁵⁸ J. L. Meilán Gil, *Estado compuesto...*, cit., pp. 24.

nal con delegacións periféricas excesivas, dispersas e en boa parte baleiras de contido⁵⁹. A ausencia da reforma é que, di Meilán, as comunidades autónomas herdaron unha organización ou desorganización de servicios dispersos e competencias non ben deslindadas, a irracionalidade das cales se agravou coa transferencia, ó perder sentido a anterior proxección cantonal dos órganos centrais e organismos autónomos no territorio periférico⁶⁰.

A Administración única, non o esquezamos, non se esgota no banzo autonómico, senón que debe continuar no ámbito local. Por iso, a posta en marcha desta proposta pon de actualidade outra das grandes directrices de reforma que se propuxo no Informe dos expertos ó suxerir-la conversión das deputacións provinciais en xestores ordinarios das competencias autonómicas, tanto estatutarias coma delegadas⁶¹.

Hoxe, os artigos 22 e 23 da Lei do proceso autonómico, do 14 de outubro de 1983 (LEPA), e a opción, proclamada no Informe dos expertos, de que as comunidades autónomas deleguen nas deputacións provinciais competencias –non facultades– transferidas ou delegadas a aquelas en virtude do artigo 150.2 CE, son os únicos datos que falan, desde unha perspectiva normativa, de reforma da Administración do Estado⁶². Xa comentamos brevemente ó tratar do documento catalán de Administración única, que o artigo 22 LEPA tería sido un instrumento a favor da Administración única, pois sinala que a reestructuración da Administración do Estado se fará “observando en todo caso os principios constitucionais de eficacia, desagregación, coordinación e economía do gasto”, e omite o principio de descentralización.

Tamén os profesores Peces-Barba, Parejo e Aguiar, autores do informe encargado polo Ministerio para as Administracións Públicas sobre a proposta de Administración única, parecen partidarios da reforma da Administración periférica do Estado. En efecto, na páxina 119 do informe pódese ler:

“A organización periférica da Administración do Estado debe reformarse, pois a herdada do sistema unitario centralizado non pode ser tamén a prevista no artigo 154 CE e, por outra banda, as competencias centrais executivo-administrativas previstas no artigo 149.1 CE non coinciden coas competencias dos departamentos ministeriais, polo que non pode subsistir-lo complexo esquema actual de direccións e delegacións provinciais coincidente coa organización ministerial central”.

⁵⁹ M. Baena del Alcázar, *Instituciones Administrativas*, Madrid, 1992, p. 166.

⁶⁰ J. L. Meilán Gil, *Estado compuesto...*, cit., p. 25.

⁶¹ J. L. Meilán Gil, *Estado compuesto...*, cit., p. 26.

⁶² *Ibidem*.

O profesor Castells, nun traballo titulado "La necesaria transformación de la Administración periférica del Estado", incluído no volume colectivo que sobre as competencias de execución da Generalitat de Cataluña publicou o Instituto de Estudios Autonómicos catalán, tamén reclama o reformulación da presenza do Estado no territorio autonómico como esixencia da democratización política e da racionalidade administrativa.

Sorprendentemente, sen embargo, como recoñeceu o profesor Arenilla, os puntos de poder do Estado "desaparecen de forma muy lenta, cuando no aumentan. En todo caso, esa lentitud no se ha correspondido en absoluto con la dinámica del proceso de transferencias a las Comunidades Autónomas (...); se puede decir que a las Administraciones autonómicas les ha tocado luchar con la fuerza expansiva de carácter histórico de la Administración estatal en su propio territorio"⁶³. O saldo foi favorable sempre ó Estado, agás no momento presente porque, como sinalou acertadamente Jiménez Blanco, é moita a resistencia da Administración do Estado a despegarse de tan formidable máquina de poder⁶⁴. É máis, o propio Arenilla sostén que as transferencias incidiron pouco na Administración periférica, e que as incongruencias do desfase entre a cantidade e a calidade das funcións que desempeñan as delegacións estatais se manifestan nos casos en que un ministerio lles transferiu practicamente tódalas súas competencias ás comunidades autónomas, pero segue mantendo delegacións aínda que sexa con pouco persoal, como é o caso dos ministerios de Cultura e do de Industria e Enerxía⁶⁵.

A necesidade de adapta-la Administración periférica do Estado ó Estado composto segue a se-la grande materia pendente da reforma administrativa. Ben é verdade que desde o mes de marzo de 1992, data en que o presidente da Xunta de Galicia utilizou por primeira vez a expresión Administración única, avanzouse non pouco e, o que é máis importante, desde posicións da propia Administración central⁶⁶.

Desde a óptica da modernización administrativa, o propio ministro para as Administracións Públicas, Jerónimo Saavedra, recoñecía que é necesaria a "reacomodación de las estructuras a sus necesidades de gestión, teniendo en cuenta el reparto de competencias entre el Estado y las Comunidades Autónomas"⁶⁷. Pois ben, a proposta de Administración única non é máis, na miña opinión, ca unha

⁶³ M. Arenilla, *Modernización de la Administración periférica*, Madrid, 1991, p. 72.

⁶⁴ A. Jiménez-Blanco, *Las relaciones de funcionamiento entre el poder central y los entes territoriales*, Madrid, 1985, p. 198.

⁶⁵ M. Arenilla, *op. cit.*, p. 155.

⁶⁶ *Vid.*, por exemplo, J. Rodríguez-Arana, *La Administración Única en el marco constitucional*, Santiago de Compostela, 1993.

⁶⁷ J. Saavedra Acevedo, *La modernización de las Administraciones Públicas*, INSS, Madrid, 1994, p. 12.

reflexión xeral sobre a necesidade de axustalo esqueleto administrativo á realidade autonómica, tarefa que, por transcendental que pareza, a penas se esbozara antes de 1992. En realidade, o ministro socialista entendeu francamente ben as claves da Administración única, pois os termos que utiliza pouco teñen que envexarlles ás teses do autor da proposta de reorganización administrativa. Trátase, di o profesor Saavedra, de “evitar duplicidades y simplificar las estructuras (...), eliminar gastos superfluos...”⁶⁸. Esta “tarea de simplificación y reducción de estructuras”, di o ministro, “requiere proceder a una actualización del vigente marco normativo, con una doble finalidad: por un lado, articular una organización territorial de la Administración del Estado, acorde con las consecuencias del Estado Autonómico y centrada en torno a la figura de los Delegados del Gobierno, y de otro, aligerar su dimensión de acuerdo con el criterio de máxima economía”⁶⁹.

A Administración única, como reflexión xeral sobre a organización administrativa, implica tamén outra idea, quizais non explicada suficientemente. Refirome á necesidade de que as administracións autonómicas descarguen boa parte das potestades administrativas en favor das administracións locais, que son as administracións, hai que recoñecelo, máis próximas ó cidadán e que, polo tanto, máis carga de competencias deben ter⁷⁰.

En fin, nestes dous anos de debate científico e político sobre unha idea, académica e política, como é a da Administración única, púidose constatar, polo nivel e o número dos autores que se ocuparon dela, que era unha proposta viva para un problema real. Por iso, neste traballo, fundamentalmente tiven presente os traballos publicados en 1994⁷¹, que non son poucos. Entre eles abórdanse temas de tanto interese como a articulación da Administración única no Estado federal, o problema da dimensión da Administración periférica do Estado e das comunidades autónomas, a relación competencias de execución e Administración única, a interpretación do artigo 150.2 CE tralas últimas leis orgánicas, os límites constitucionais en relación coa proposta obxecto de estudio, etc.

Recentemente, o Consello de Ministros acordou importantes medidas en relación coa chamada Administración única. Por exemplo, a principios de decembro de 1993, suprimíronse as dezasete oficinas do Ministerio de Asuntos Sociais

⁶⁸ *Loc. cit.*, p. 13.

⁶⁹ *Ibidem.*

⁷⁰ Neste sentido, J. Saavedra, *La modernización de las Administraciones Públicas*, INSS, Madrid, 1994, p. 15.

⁷¹ Os anteriores comentéinos en estudos publicados en *Actualidad Administrativa*, *Revista Catalana de Administración Pública*, *La Ley*, etc., en números de 1993.

que exercían as competencias do Ministerio en cada Comunidade Autónoma. Sen embargo, non é a primeira eliminación de unidades da Administración periférica do Estado en territorios autonómicos; anteriormente acometéranse outras supresións nos departamentos de Agricultura, Pesca e Alimentación; Sanidade e Consumo; e Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente. En total, segundo recoñecía, non hai moito, o ministro Saavedra, elimináronse 261 unidades administrativas. ¿As razóns? As que ofrece o ministerio son unha demostración práctica de ata que punto calou o fundamento e a esencia mesma da Administración única nos responsables públicos do Estado, posto que se admite, que con estas operacións se consegue unha significativa redución e simplificación dos órganos periféricos, con aforro en custo de persoal.

En realidade, a crise económica que vivimos neste momento certamente acelerou o proceso de adecuación da estrutura administrativa da Administración do Estado ó Estado composto. Sen embargo, se se realizan estes actos de redución administrativa é porque as normas os permiten. De se recoñecer que producen un evidente aforro, a cuestión que todos nos formulamos está ben clara: por que, entón, parece que só se toman medidas de austeridade ou aforro en casos extremos. É unha boa pregunta. A súa contestación implica unha profunda reflexión sobre a utilización dos fondos públicos e sobre a necesidade, cada vez máis urxente, de construír unha Administración axeitada ás necesidades reais do home de hoxe e en plena sintonía coa realidade do Estado composto que deseñou a Constitución de 1978.

Pero hai máis datos que parten da Administración central que parecen entende-lo problema. En efecto, o punto 4º da exposición de motivos, da máis que controvertida Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas... é ben elocuente: "Esta necesaria cooperación institucional entre as administracións públicas permitirá, no marco da modernización das súas estruturas, a simplificación de todas elas e, cando sexa posible, tamén a redución da organización territorial da Administración do Estado nas comunidades autónomas que, por razón do seu nivel de competencias propio, asumiron a xestión das materias en que se desenvolven as funcións daqueles órganos territoriais". Paréceme que sobran os comentarios.

· Outro fiel expoñente do que comentamos é, por exemplo, a Circular 8/1993 do 30 de setembro (BOE, 8 de outubro de 1993) do Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, sobre presentación na aduana do documento único administrativo (DUA) por sistemas de transmisión electrónica de datos. Igualmente, o Consello de Ministros do pasado 17 de decembro aprobou o Regulamento de procedemento para a concesión de axudas e subvencións públicas, en virtude do cal se refundiron nunha única norma os 234 procedementos existentes para as concesións de axudas e subvencións na Administración do Estado. Tamén as administracións autonómicas, a galega cónstame que comezou hai varios anos, deberían acometer procesos de simplificación e refundición normativa que clarifiquen o endiañado panorama normativo.

7. *Subsidiariedade e Administración única*

“Subsidiariedade non é máis ca unha palabra longa para resumir dúas ideas simples: que a autoridade debe exercerse no nivel máis axeitado para a máis eficiente aplicación das medidas de que se trate; e que o Goberno, de calquera clase, debe completar, non substituír, a acción dos individuos e das familias”.

Estas palabras pertencen a un artigo do *Financial Times* que recolle o profesor Gómez Pérez. Elixíronse porque poucas veces se formulou o principio de subsidiariedade tan claramente. O principio de subsidiariedade, pois, está nas entrañas do Estado social e democrático de dereito e confirma a idea de que o Estado, os poderes públicos, existen para servir ó cidadán, e non o cidadán ó Estado. Ademais, e iso é importante, este servizo debe prestarse da forma máis eficaz e por quen sexa máis eficiente, precisamente para conseguir calidade no servizo ós cidadáns. Trátase, pois, de achega-la Administración ó cidadán, tarefa que, en boa media, inspira a doutrina da Administración única. En especial, interésanos agora esa segunda dimensión de subsidiariedade que se refire a “que a autoridade debe exercerse no nivel máis adecuado para a máis eficiente aplicación das medidas de que se trate”.

Indubidablemente, algo tan simple non pode ser nada novo. O principio de subsidiariedade foi desenterrado para algúns, para moitos, do baúl trasteiro gracias a que o Tratado da Unión Europea, o Tratado de Maastricht, o colocou nun lugar preeminente. Efectivamente, as ideas de Maastricht non son orixinais, nin sequera son novas, nin contemporáneas ós seus autores. Todos sabemos que o principio de subsidiariedade afunde as súas raíces na chamada doutrina social da Igrexa e que foi formulada hai xa bastantes anos.

Se a subsidiariedade foi en ocasións utilizada como tópicos xurídico, hoxe, a raíz do Tratado de Maastricht, non pode senón ser entendida de acordo co que sempre quixo significar: exercicio no nivel axeitado de certa competencia, non sendo chamado o nivel superior máis que cando os niveis inferiores non sexan capaces de exercitala⁷².

Por outra banda, a Administración única bascula, reconeceuno o seu promotor, sobre a idea do principio de subsidiariedade, porque permite que ese criterio que sinalaba o profesor Messner para reconece-lo grao de perfección do sistema social: “un sistema social é tanto máis valioso canto máis se sirva a autoridade central das autoridades subordinadas, por conseguinte mediante a descentralización de poderes e a autonomía das comunidades menores⁷³”.

Maastricht non fai senón poñer en práctica un principio que só ten un significado, se ben como todo principio, múltiples posibles desenvolvementos. Así, o profesor Gómez Pérez⁷⁴, entende que o concepto de subsidiariedade en Maastricht é diáfano se se interpreta en clave de limitación, non de crecemento, das funcións do Estado e, neste caso, da Comisión Europea. Destaca este autor que hai que afirmalo principio, pero que só pode ser operativo esgrimido ante un tribunal en casos concretos en que individuos ou estados vexan un asomo de extralimitación do super Estado que se quere construír no Tratado de Maastricht. Para Gómez Pérez o que fai falta é afirmalo principio e esgrimilo para controlar desde a sociedade civil o extrapoder do Estado, fonte de desgracias nacionais e comunitarias.

Neste sentido, o profesor Gómez Pérez amosa a súa oposición a opinións como as de Lord Mckenzie Stuart, antigo presidente do Tribunal Europeo, que sinala que o parágrafo sobre a subsidiariedade é un desafortunado exemplo de legu-

⁷² A. Carro Martínez, “La Unión Europea e el Principio de de Subsidiariedade”, *RAP* nº 126, p. 231.

⁷³ J. Messner, *Ética Jurídica*, Madrid, 1969, p. 128.

⁷⁴ R. Gómez Pérez, “Aclarándose con la Subsidiariedad”, *Expansión*, 12-XII-1992, p. 2.

leísmo confuso; ou a opinión de Ortoli, antigo presidente da Comisión, cando afirma que é un estraño destino o da palabra subsidiariedade, o de usarse antes de definirse.

A rexionalización de Europa suporá, por un lado, a posibilidade de harmoniza-la política estrutural dos estados membros e por iso, a evolución dos entes rexionais; e por outro, a información e participación directa dos cidadáns comunitarios na política europea. E isto sen esquecer que a identidade rexional e o desenvolvemento económico son dous factores interdependentes, facendo realidade outro dos obxectivos do Tratado de Roma.

Como sinala o profesor Fraga Iribarne⁷⁵, co Comité das Rexións por primeira vez as rexións de Europa van ter un instrumento propio nas institucións comunitarias. Antes foran creadas entidades rexionais asociativas, como a ARE (Asociación das Rexións de Europa), pero que non estaban integradas nas institucións comunitarias ou que estaban, como o Consello Consultivo das Rexións e dos Poderes Locais, ligados á política rexional e de aproveitamento dos fondos estruturais, sendo un paso importante a súa creación pero insuficiente.

Para o presidente da Xunta de Galicia⁷⁶, o Comité das Rexións, con carácter consultivo, pode ser un instrumento útil para que as rexións europeas deixen oír a súa voz, de forma que se se sabe traballar con eficacia e con realismo, o comité poderá enriquece-la súa actividade rapidamente tanto a través da súa acción no interior das institucións como a través da promoción das relacións interrexionais. Sinala igualmente como o comité e o futuro das rexións na Comunidade están xa provocando iniciativas nos estados membros que teñen un maior desenvolvemento rexional.

A aplicación do principio de subsidiariedade ós entes rexionais é, polo tanto, bastante clara porque, como sinalou o profesor Alli Aranguren "no hay que olvidar que los pueblos europeos, con identidades y culturas propias y diversas, no pueden quedar diluidos en un nuevo super-Estado sino que, en aras del principio de subsidiariedad, deben ser respetados en sus vivencias culturales, con un adecuado ámbito de decisión política y económica"⁷⁷. Por iso, o principio de subsidiariedade debe, non só recoñecer, senón potencia-las administracións máis próximas ós cidadáns de Europa e, para iso, é necesario, e lóxico, que se

⁷⁵ M. Fraga Iribarne, *Administración Única. Una propuesta desde Galicia*, Barcelona, 1993, p. 177.

⁷⁶ *Ibidem*.

⁷⁷ J. C. Alli Aranguren, "El principio de subsidiariedad y el futuro de Europa", *Folleto*, IVAP, p. 22.

busquen fórmulas para que as rexións configuren tamén a vontade estatal e se relacionen, por que non, coa propia Unión Europea.

En fin, o principio de subsidiariedade encerra unha grande potencialidade en beneficio de rexións e entes locais e pode posibilita-la incorporación das rexións á estrutura comunitaria. É máis, como subsidiariedade implica execución administrativa indirecta en beneficio da instancia administrativa inferior, os entes rexionais obterán unha maior garantía da execución administrativa rexional da política comunitaria. É dicir, incrementarán, caso por caso –non como regra– as competencias de execución das comunidades autónomas, de xeito que a carga administrativa será maior e, por tanto, a proximidade das administracións autonómicas e locais será máis importante.

Todo apunta a racionalizar, e o Tratado da Unión Europea vai decididamente por este camiño ó apostar, inequivocamente, pola aplicación do principio de subsidiariedade na actividade administrativa. Trátase de exercer-la autoridade no nivel máis axeitado para cumprir-los seus cometidos. Trátase de achegárle a Administración ó administrado.

8. Protagonismo dos entes locais

A doutrina da Administración única postula, en virtude do principio de subsidiariedade, que sexan as administracións que estean en mellores condicións e máis próximas ós cidadáns, as que deban presta-los servicios administrativos. É dicir, as administracións locais están chamadas a asumir-lo protagonismo que lles corresponde en todas aquelas materias que sexan susceptibles de xestión na orde local que, é lóxico, non son poucas.

Quero volver lembrar neste punto que a Administración única é favorable, a pesar de que se escriba, ó reforzamento dos entes locais.

É certo, como ben sabe, que a Constitución non estableceu un listado de materias sobre as que os entes locais exerzan as súas competencias. O que fixo a Constitución, e non é pouco, é garanti-la autonomía local, polo que a determinación das competencias locais é tarefa do lexislador ordinario, tanto central coma autonómico. Neste sentido, o

Estado, como non pode ser doutro xeito, estableceu unicamente o mínimo de competencias necesario para garanti-la autonomía local. Polo tanto, aínda que o artigo 150.2 CE se refire á delegación-transferencia Estado-comunidades autónomas, tamén é posible, e desexable, que se poñan en marcha, unha vez que o contido propio das autonomíaas estea ben definido, leis autonómicas que operen unha auténtica descentralización cara ós entes locais, tras un estudio *ad casum* de cales materias lle deben ser confiadas á execución local. Neste contexto, ninguén oculta que para que sexa posible esta operación é moi necesario que se produza un reforzamento financeiro e material dos ditos entes para que poidan realizar dignamente a súa función.

En fin, os artigos 25, 26 e 36 da LRL estableceron ese *minimum* de competencias, remitíndose ó lexislador sectorial competente –central ou autonómico– para a determinación concreta das competencias locais. En realidade, dada a escasa conexión do local coas materias exclusivas do Estado, e tendo en conta que nos casos de competencias compartidas entre o Estado e as comunidades autónomas só pode o Estado atribuírlles competencias ós entes locais cando sexa necesario para garanti-la autonomía, resulta que é o lexislador sectorial autonómico quen ten a última palabra sobre a funcionalidade competencial dos entes locais.

Neste sentido, na Xunta de Galicia existen estudos sobre a delegación da Comunidade Autónoma ós entes locais en materia de urbanismo.

En efecto, conforme o artigo 27.3 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía para Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda, no marco do propio Estatuto e do artigo 148.1.3º da Constitución española.

Sen embargo, o entendemento desta atribución de competencias, debe partir dunha premisa previa: a proclamación polo artigo 137 da Constitución do principio da autonomía da Administración municipal para a xestión dos seus propios intereses.

Neste sentido, a Constitución de 1978 e a promulgación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, supuxeron –ninguén podería negalo– un punto de inflexión importante no noso marco institucional, aconse-

llan toda unha reformulación de múltiples cuestións, e invitan á reflexión sobre cal debe se-la misión, o papel, que hoxe a Constitución, e con ela a sociedade, demandan da Administración municipal e cal a actitude que esta ha de adoptar ou cal será a perspectiva que deba guiala como peza vertebral que é na articulación territorial do Estado.

Desde estas ideas, o urbanismo non pode deixarse na marxe de toda a constelación de principios institucionais que cada vez o sitúan con máis forza no seo da Administración municipal; porque social e institucionalmente o urbanismo aparece claramente enraizado nas entrañas municipais. Por iso, é un feito tan natural como inapreciable que os concellos asuman o protagonismo que lles corresponde neste proceso, e que se acuda a técnicas que reafirmen as súas competencias naturais na orde urbanística, as consoliden e as doten da necesaria operatividade.

O principio de subsidiariedade é a concepción da Administración que postula o feito de evitar duplicidades de administracións no mesmo territorio, en claro reforzo do ente titular da competencia na súa propia demarcación territorial, proporcionanlle resposta á cuestión formulada; pero son dificilmente compatibles coa súa execución por fases; e non sería menor a dificultade para a súa posible aplicación mediante lexislación sectorial.

Sen embargo, a dimensión do urbanismo como substancial á esfera local, aconsella establece-las bases que xuridicamente fagan viable que a actuación autonómica nos concellos poida ter lugar a través da propia Administración municipal; a través da delegación nos concellos das competencias para a aprobación definitiva do seu planeamento municipal e da delegación para a autorización de vivendas unifamiliares no noso medio rural.

Ó se tratar de funcións ou potestades delegadas –das que segue a ser titular a Comunidade Autónoma de Galicia– é evidente que en todo caso esta retén as correspondentes facultades de supervisión e coordinación, e que exercitará a través do instrumento de coordinación administrativa que –propriadamente– implica a emisión de informe previo, preceptivo e vinculante, cun ámbito que será exactamente o mesmo que definiu a doutrina do Tribunal Supremo en relación coa intervención autonómica na aprobación do planeamento.

9. Reflexión conclusiva

O título VIII da Constitución, xa o sabemos, constitúe un sistema aberto que, dentro do límite constitucional, permite ir colmando as aspiracións sociais e políticas do pobo español. O título VIII, non é ningún descubrimento, supón fórmulas propias da metodoloxía federal de relacións entre o Estado federal e os estados membros. A Constitución española, isto é evidente, non optou polo federalismo como modelo de Estado aínda que, repetimos, si incluíu elementos de relación entre entes territoriais dotados de autonomía política propias dos sistemas federais.

Tras catorce anos de andaina constitucional, parece que chegou o momento de adapta-la estrutura da Administración pública ó modelo do Estado autonómico. Aínda que parece increíble, polo de agora non se levou a cabo este proceso. Polo tanto, os principios de eficacia, servicio ós intereses xerais, proximidade á cidadanía, etc., deben ser unha realidade no funcionamento das nosas administracións públicas.

Desde que existe a Administración, fálase de reformala, sentenciou un famoso profesor francés. É verdade. A Administración pública é unha organización na que, como por arte de maxia, medran as disfuncionalidades e a irracionalidade. E, no noso tempo, a falta de adecuación da Administración á Constitución, no que se refire á súa estrutura, produciu importantes disfuncionalidades. Por exemplo, en materia de policía de matadoiros, as duplicidades son evidentes. Como é sabido, os matadoiros e demais lugares onde son tratadas as carnes con destino ó consumo humano esixen unha vixilancia administrativa puntillosa que estivo regulada polas regulamentacións técnico-sanitarias de matadoiros, salas de despezamento, centros de contratación, almacenamento e distribución de carnes, en virtude do Real decreto 3263/1976 do 26 de decembro. As potestades administrativas de autorización inicial e de supervisión permanente atribuíanselle á Administración do Estado, cando sempre estiveron en mans municipais. Tralas transferencias a Cataluña⁷⁸, por obra e gracia do ingreso na Comunidade Europea, tivo que adoptarse ó ordenamento español a directiva 64/433. En 1987, un real decreto volveu recuperalas competencias executivas para a Administración do Estado. Por iso, a Generalitat de Cataluña interpuxo un conflito de

⁷⁸ Reais decretos 2210 / 1970, sobre sanidade interior, e 2168/1981, de transferencia en materia de industrias agrarias e comercialización, normalización e tipificación de orixe de produtos agrarios.

competencias e o propio Tribunal Constitucional, na Sentencia do 20 de decembro de 1988, estableceu:

“Conclúe por todo iso a Generalitat afirmando que só ós seus propios servicios e ós veterinarios que deles forman parte lles compete a inspección duns establecementos que producen indistintamente para a exportación e para o comercio interior, e que quedarían doutro xeito obrigados a soporta-la incomodidade e a incerteza dunha dobre inspección, o obxecto da cal serían, ademais, as mesmas instalacións e os mesmos procesos, pois o feito de que os produtos se destinen ó comercio exterior ou ó interior nada ten que ver coa súa elaboración, que se leva a cabo en condicións idénticas. Sendo esta competencia propia, ó Estado non lle corresponde outra función que a de transmitirle á Comunidade Económica Europea as autorizacións concedidas pola Generalitat”.

Outro caso testemuña é o da xestión de subvencións agrícolas. O Real decreto 1932/1983, do 22 de xuño, en materia de axuda a xoves agricultores para a mellora da explotación familiar deu lugar a unha nova sentenza do Tribunal Constitucional⁷⁹ na que se aclarou a Administración executora competente. Na dita sentenza sinálase que a xestión polo Estado, directa e centralizada das medidas de fomento con cargo a fondos estatais só é constitucionalmente admisible “se resulta imprescindible para asegura-la plena efectividade das medidas de fomento dentro da ordenación básica do sector, e para garanti-las mesmas posibilidades de obtención e goce das mesmas por parte dos seus destinatarios potenciais en todo o territorio nacional”.

A duplicidade de administracións, lamentablemente, non é que sexa un fenómeno excepcional no noso país. Por iso, a Administración única é unha construción teórica que pretende que a aplicación dos principios constitucionais informe toda a actividade administrativa, de xeito que remate calquera posibilidade de duplicidades administrativas non xustificadas.

Desde outro punto de vista, a doutrina da Administración única, parte do principio de subsidiariedade. Principio que parece ter recuperado toda a súa operatividade, que non é pouca, primeiro no marco do dereito comunitario e logo, como é lóxico, no ámbito do dereito interno. Desde logo, o principio de subsidiariedade ten unha grande incidencia sobre o principio de eficacia da Administración e de proximidade ós cidadáns. E, como é lóxico, a subsidiariedade

⁷⁹ STC 95/1986, do 10 de xullo.

aplicada ó noso sistema de competencias supón un maior protagonismo, polo menos en materia de execución, da instancia rexional e local. No fondo, como é sabido, o fundamento do principio de subsidiariedade é a satisfacción do ben común, é a consecución das necesidades colectivas o que xustifica que a súa tutela, xestión e promoción se atope nas instancias máis próximas ós cidadáns: a rexional e a local. Agora ben, para que as necesidades colectivas e os intereses públicos se presten con criterios de calidade e racionalidade, a instancia rexional e local debe gozar dos medios necesarios para conseguí-los ditos obxectivos. Por iso, a Administración única atopa o seu fundamento filosófico neste famoso principio que tanto influíu no desenvolvemento da ética social. É máis, un sistema social é tanto máis perfecto na medida en que dispoñan de máis autoridade e autonomía as comunidades subestatais.

Xunto a esa nova lectura que se postula do artigo 149.1 CE, xunto a esa utilización do artigo 150.2 CE exposta neste estudio, non convén esquecer a operatividade dos convenios. Os convenios, é evidente, non poden servir para a atribución de titularidade de competencias, pero si poden fundar a atribución do exercicio de competencias a titularidade da cal se reserva para si o Estado. Incluso se pode pensar, coas dificultades que iso supón, en que se atribúan competencias pola lei ordinaria. Referímonos ós supostos nos que o Estado posúe competencias non por mandato constitucional, senón por vontade do lexislador. É o que ocorre en determinadas competencias sobre o dominio público estatal e certos bens patrimoniais⁸⁰.

Na mesma liña da doutrina da Administración única van todas esas medidas dirixidas a fomentar a participación do Goberno autonómico na Administración institucional do Estado. Refírome á participación, non como órganos consultivos, nos consellos de administración das empresas públicas radicadas na Comunidade Autónoma, nas xuntas dos portos e nos aeroportos de interese estatal. O modelo podería se-lo previsto no Estatuto de Radiotelevisión Española⁸¹. O mesmo, debe predicarse da reforma do Senado, pois xa é hora de que se institucionalice unha garantía política dos intereses das comunidades autónomas, traducida, en opinión de López Guerra, nunha posibilidade de defensa e representación das comunidades autónomas nos foros de adopción administrativa do ámbito provincial ou superior.


⁸⁰ Vid. M. Silva Sánchez, *La Generalidad...*, cit., p. 22.

⁸¹ Vid. artigo 14.2 do Estatuto de RTVE, do 10 de xaneiro de 1980.

Por outra banda, a estruturación da Administración periférica debe facerse a partir do ámbito da Comunidade Autónoma.

En calquera caso, penso que non sería moi desproporcionado, que a lei ou leis do artigo 150.2 CE que fixeran posible, xunto a unha nova interpretación do artigo 149.1 CE, a Administración única, fosen obxecto de inclusión, vía reforma, no Estatuto. Deste xeito, a norma institucional básica da Comunidade Autónoma, no marco dos poderes e competencias, sería tamén a referencia inescusable do lóxico crecemento das competencias de execución das comunidades autónomas.

En fin, o modelo da Administración única non se completaría se non se producise un paralelo proceso de desconxestionamento de competencias da Administración autonómica cara ós concellos e deputacións en todos aqueles servicios nos que a súa prestación por estes entes redunde nun mellor servicio ó cidadán, que é en definitiva, a peza clave do sistema, e en función do cal debe reorientarse todo o sistema administrativo⁸².

A doutrina da Administración única parte, pois, dun dato capital: o mellor servicio ó cidadán, ó home. É unha proposta que permite pensar nunha nova maneira de administrar, máis pendente da persoa e dos seus dereitos fundamentais ca da propia problemática organizativa. Trátase, pois, dun paso máis nesa eterna loita por facer unha Administración pública máis humana, máis pendente do home concreto. 

⁸² F. Serna Gómez, *La propuesta...*, cit., p. 33.

Fernando
Criado
Alonso

Administración única, debate administrativo e reforma de descentralización en España

Licenciado en
ciencias políticas.
Máster en xestión pública e
administración pública.

*“Calquera intento de reformar
unha Constitución complexa
soamente pode incrementa-la
súa complexidade”*

Helmut Schmidt

Resumo

A Constitución de 1978 garantía a descentralización de España, aínda que non se estableceu un modelo administrativo definitivo. Pese a que a experiencia dos últimos quince anos se considera positiva, aínda existe un debate continuo sobre a necesidade de descentralizar aínda máis a Administración en España. A recente proposta de *Administración única* será o centro de atención que permita unha investigación sobre a natureza do debate de descentralización. A proposta de Administración única apoia un claro repar-

Traducción do orixinal en inglés:
Concepción Díaz-Fierros Tabernero
Balseiro da EGAP

timento de competencias entre as diferentes zonas administrativas e políticas de España. Tamén propón que se o proceso de reforma se vai orientar pola racionalidade e pola eficacia, o Estado debe garantir que algún tipo de control facilite o nivel axeitado de cooperación e de solidariedade. Por outra banda, demostrárase nesta tese que dadas as características particulares do debate da descentralización en España, unha proposta como a Administración única, baseada nos principios da subsidiariedade e as relacións intergubernamentais (RIG), pode ser rebatida con outra alternativa e outros valores administrativos viables. Despois de estudar os defectos administrativos que poidan atoparse na subsidiariedade e nas RIG, unha pequena explicación do modelo administrativo democrático de Ostrom, ilustrará o punto precedente. Ó non ter argumentos administrativos definitivos e convincentes, chegarase á conclusión de que é necesario facer uso das técnicas retóricas para argumentar a favor do establecemento dun modelo administrativo particular no proceso de reforma de descentralización.

Parte A: A experiencia española contemporánea de descentralización

1. *Introducción*

Na Constitución de 1978, o problema da descentralización territorial, política e administrativa foi moi polémico. Coa chegada da democracia, considerouse a descentralización como un requisito fundamental para a consolidación do novo sistema político. Así e todo, mentres os nacionalistas apoiaban o estatus político diferenciado só para as tres “comunidades históricas”¹ e os rexionalistas tiñan esperanzas de acadar maior autonomía política e administrativa para todos, os partidarios dun Estado unitario e en grande parte cohesivo, temían que a descentralización lle trouxese máis inestabilidade ó país. Cando comezou a desenvolverse un sistema descentralizado xeral, o feito de que o proceso de descentralización resultase relativamente acertado, aínda que moi conflictivo, significaba que xa desde o comezo se pensou que posibles reformas poderían resultar divisibles e problemáticas. A pesar de todo, aínda que flexible, o proceso de descentralización resultou moi caro, bastante fragmentado, ineficiente, ambiguo (e, polo tanto, politicamente conflictivo), e aínda suxeito a moito control central.

En primeiro lugar presentárase e discutírase a proposta de “Administración única” feita por Manuel Fraga en marzo de 1992, para ilustrar detalladamente a natureza do debate de descentralización en España e, en segundo lugar, para discutir sobre o carácter do debate administrativo en xeral, e o desta proposta en particular.

Na parte A, o traballo céntrase nas principais cuestións da Constitución de 1978 e as súas consecuencias para reformas de descentralización viables en España. Logo, fálase no traballo da proposta de Administración única, tanto como unha posible reforma para o sistema administrativo español, como un exemplo dun debate administrativo. Na parte B, explícase o marco do debate administrativo de Hood e Jackson que será máis tarde aplicado ós dous principios fundamentais da Administración única: a subsidiariedade e as relacións intergubernamentais (RIG). Dada a

¹ Galicia, Euscadi e Cataluña.

natureza do proceso de descentralización en España, argumentaranse os dous principios respectivamente, á luz da experiencia alemá das IGR. Ademais, examínase o modelo de Administración democrática de Ostrom, xa que pon en dúbida, o razoamento administrativo de Fraga e as súas formulacións sobre a eficacia.

Sen embargo, esta tese non tenta defender ou rexeita-la viabilidade da proposta de Fraga para España. Pola contra, só tenta demostrar como os principios que apoia Fraga (como a subsidiariedade ou IGR) poden ser postos en dúbida por outros principios administrativos igualmente razoables e viables e ó facer iso, amosa-la natureza retórica do debate administrativo.

2. A Constitución de 1978 e consecuencias das reformas de descentralización

A Constitución de 1978 non establece un modelo territorial fixo. A Constitución no artigo 2 confirma "a unidade indisoluble da nación española, a patria común e indivisible de tódolos españois" pero tamén "recoñece e garante o dereito á autonomía das nacións e rexións das que está formada e os vínculos comúns que os unen". A necesidade de cumprir-las diferentes esixencias fíxose latente flexibilizando os posibles acordos. Desta forma, a Constitución non enumera as rexións ou comunidades autónomas (CC.AA.) que se constituirán. A Constitución simplemente establece os requisitos necesarios que se deben cumprir se existe o dereito de autogoberno.

En segundo lugar, a Constitución establece o dereito a que as CCAA decidan os seus propios estatutos de autonomía, sen embargo, a organización e as competencias que se elixan deben atermos ó marco constitucional adoitado. A Constitución tamén tentou atopar un equilibrio entre os desexos das nacionalidades históricas que piden un tratamento distinto ou preferencial por parte do Goberno, e as outras CCAA, que se opuxeron a calquera prerrogativa. Polo tanto, a Constitución estableceu para as CC.AA. dous procedementos ou vías para a autonomía: unha vía rápida ou directa cara á autonomía plena para as tres nacionalidades históricas e Andalucía (por razóns políticas²) e unha vía lenta gradual e parcial para a autonomía das outras catorce

² Pensábase que a Andalucía se lle tiña que da-lo mesmo nivel de competencias cás outras tres comunidades históricas polas súas dimensións, poboación e características culturais.

³ Neste sentido, semella que xustificaba ou lexitimizaba a esixencia dun tratamento especial para estas CCAA.

⁴ 5 anos

⁵ Pradera, J., "La liebre y la Tortuga, Política y Administración en el Estado de las Autonomías" en *Claves de Razón Práctica*, decembro de 1993, p. 24.

⁶ Donaghy, P. e Newton, M. T., *Spain: a Guide to Political and Economic Institutions*, Cambridge University Press, 1987, p. 113.

⁷ O nivel de vida desigual atopado en rexións como Cataluña e Madrid por unha banda, e Andalucía e Extremadura por outra, foi un dos motivos de desacordo e dos problemas económicos do país máis difíciles de tratar.

⁸ Pradera, J., *ibid*, p. 24.

⁹ A LOHAPA naceu do acordo entre o partido Unión de Centro Democrático e o principal partido da oposición, os socialistas (PSOE). A LOHAPA tiña a intención de proporcionar homoxeneidade no proceso de descentralización e asegura-la distribución territorial do poder. Estas medidas manifestábanse na (a) simultaneidade no establecemento das rexións aínda non constituídas, (b) homoxeneidade de poderes e funcións susceptibles de ser asumidas polas novas rexións e (c) no recoñecemento dos poderes centrais para a definición de criterios e directrices ós que se deben ater tódalas leis, regulamentos e actividades rexionais (Cuchillo, M., "The Autonomous Communities and the Spanish Meso" en Sharpe, J., (ed.) *The Rise of Meso Government in Europe*, SAGE, 1993, p. 220).

¹⁰ O Tribunal Constitucional declarou a LOHAPA anti-constitucional en agosto de 1993. (A Constitución crea un Tribunal Constitucional para que resolva conflitos sobre as competencias e os poderes entre as CCAA e o goberno central, e sobre a constitucionalidade da lexislación nacional e rexional (Art. 161).

¹¹ Morata, E., "Regions and the European Community: A Comparative Analysis of Four Spanish Regions" en Leonard, R. (ed.) *The Regions and the European Community: The Regional Response to the Single Market in the Underdeveloped Areas*, (London, Frank Cass, 1993), p.190.

CC.AA. Ó diferenciar entre CCAA de vía rápida e lenta, a Constitución xustificaba unha diferenciación inicial³. Por outra banda, a Constitución especificaba que despois dun período transitorio⁴, tódalas CC.AA. poderían acadar a autonomía plena, se se solicitaba. "A xénese deste acordo tan difícil explica en grande medida a súa incoherencia interna: os problemas políticos creados polos nacionalismos periféricos e os problemas administrativos producidos pola centralización do aparato estatal foron tratados como variantes do mesmo fenómeno⁵". O debate de se as catro CC.AA. de vía rápida se deberían ver sometidas a un proceso de maior descentralización e gozar de máis prerrogativas cás outras, aínda continúa.

En terceiro lugar, a Constitución fai unha distinción entre competencias que poden ser asumidas polas CC.AA. (art. 148.1), poderes que quedan reservados exclusivamente para o Estado (art. 149.1), posibles poderes compartidos ou comúns (art. 148 & 149.1), 'poderes transferibles' (poderes que as CC.AA. de vía lenta poden adquirir de acordo coas CC.AA. de vía rápida ou que poden ser deixados en mans do Goberno central) (art. 149.3), e poderes delegados "que de ningunha forma implican unha cesión de soberanía dos poderes centrais⁶".

En cuarto lugar, a Constitución afirma que tódolos españois deben gozar dos mesmos "dereitos e obrigas" e o requisito de mante-la cohesión e a solidariedade⁷ entre as CC.AA. Tamén mantén a necesidade de dirixi-las funcións administrativas de acordo co principio da eficacia, xerarquía, descentralización, desconxestioneamento e coordinación (art. 103). Sen embargo, mentres se combinaban distintas demandas, "a consecuencia da aplicación ó problema político dos nacionalistas vascos e cataláns dunha solución administrativa levou á xeneralización do sistema autonómico en tódalas rexións españolas⁸". A Lei orgánica para a harmonización do procedemento administrativo (LOHAPA)⁹ foi un bo exemplo desta determinación para manter algunha cohesión nas reformas de descentralización, pero nunca entrou en vigor¹⁰. Isto obrigou o novo partido no poder (PSOE) a cambiar-la súa proposición con respecto ó proceso de traspaso de competencias, aínda que "os motivos que inspiraron a LOHAPA seguiron dominando o comportamento do Goberno central, aínda despois da victoria electoral do PSOE en 1982¹¹".

Por outra banda, despois de 1982, os plenos poderes garantidos a outras tres CC.AA. (Navarra, Valencia e Canarias) fixeron obsoletas as diferencias exclusivas orixinais. Mentres o Partido Socialista foi capaz de manter unha maioría absoluta, o proceso de traspaso de competencias foi máis lento e á certa certo punto, botouse a perder¹². Por exemplo, o Goberno municipal de 1985, a pesar da oposición dalgúns CC.AA., asegurou tanto o mantemento da provincia como un organismo local intermediario, e o mantemento dos gobernadores civís provinciais nomeados polo Goberno central¹³. Sen embargo, desde as eleccións de 1993, os nacionalistas cataláns fan posible que o Partido Socialista siga no poder. O consecuente “xiro autonómico” (mellor disposición dos Socialistas de cara a unha maior descentralización) explícase en parte pola necesidade dos socialistas de satisfacer as esixencias dos partidos e intereses que os manteñen no poder. Tendo en conta isto, recentemente os socialistas parecen dispostos a transferir algunhas das competencias exclusivas do Estado ás catro CC.AA. orixinais (ver apéndice 2).

En quinto lugar, non se tomaron acordos financeiros necesarios para a dirección autonómica das competencias rexionais. Por outra banda, as CC.AA. preferían financiar as súas propias competencias non cobrando novos impostos no seu territorio, senón por medio da transferencia dos fondos estatais¹⁴. Un acordo xeral estableceuse provisionalmente despois da LOFCA (Lei orgánica sobre o financiamento das comunidades autónomas) en 1980, creando un consello para a política financeira e fiscal das comunidades autónomas¹⁵. Supoñíase que este acordo ía ser revisado despois de cinco anos, sen embargo, debido á falta do acordo en 1987, mantívose este acordo en gran parte. Desde 1991, o Goberno central estivo negociando novos acordos financeiros, especialmente a transferencia do 15% do imposto sobre a renda ás CCAA e a delegación do cobro e xestión do IVE e outros impostos menores determinados a nivel nacional (Cuchillo, 1993)¹⁶. Finalmente, é necesario dicir que, se se debateu a descentralización administrativa en termos dunha mellor administración dos fondos públicos e unha participación e control máis rixido, o sistema actual xerou, pola contra, moita preocupación. E así, “téñense oído voces de alarma sobre algúns fenómenos como dilapidación, mala administración, clientelismo partidista e gasto

¹² Principalmente a causa da necesidade de manter a homoxeneidade nos sistemas administrativos nacionais e con competencias transferidas.

¹³ Ademais, a nova lei permitiulle ó Goberno central tratar directamente coas deputacións e indirectamente cos municipios, evitando neste sentido as CCAA e o seu dereito a decidir as relacións locais nos seus territorios.

¹⁴ Catro son os medios principais de financiamento das CCAA; Primeiro, transferencias centrais do goberno e os recursos nacionais que foron asignados polo estado ás CCAA con competencias delegadas (p. ex. sanidade); segundo, algúns mecanismos concretos para financiar os proxectos rexionais como os acordos de investimentos e os programas económicos; terceiro, as CCAA recadan os seus propios impostos, poden aumentalos gravame dun imposto existente, e pedirlle préstamos a institucións crediticias. Finalmente, as CCAA reciben axudas do Fondo de Compensación Interterritorial segundo o nivel de desenvolvemento, e dos distintos fondos comunitarios (FEDER, FE etc)

irresponsable non só por parte dos partidos da oposición senón tamén por parte de organizacións internacionais (OCDE, Informe sobre a Economía Española 1992) e expertos independentes¹⁷”.

En sexto lugar, a entrada de España na Comunidade Europea en 1986 tivo importantes consecuencias para o proceso de descentralización. A Constitución establece que soamente o Goberno central pode chegar a acordos e negociacións internacionais. De acordo coa situación actual, as CC.AA. só cumpren a lexislación da CE pero non poden participar en negociacións que afecten a algunhas das súas competencias (como agricultura e educación¹⁸). Ademais, no que se refire ós asuntos comunitarios, tampouco foi posible ningún acordo, para calquera tipo de cooperación horizontal entre tódalas CC.AA. ou para unha fronte común contra do Goberno central. Cataluña e Euscadi rexeitaron calquera acordo multilateral que os colocase ó mesmo nivel político cás outras CC.AA. e polo tanto, recorreron as negociacións bilaterais co Estado. Como consecuencia, o Goberno central aumentou o seu poder de negociación sobre as CC.AA., pero sen diminuí-la crenza de que as diferentes CC.AA. simplemente están mirando polos seus intereses sen teren en conta o país na súa totalidade. Por outra banda, esta perda de autonomía foi compensada dalgunha maneira pola apertura dalgúns organismos rexionais (“embaixadas” en termos rexionais) en Bruxelas¹⁹ e a reforma do FEDER en 1988 que resultou nun maior financiamento e participación rexional e local, en común, nos proxectos da CE. Por último, a inclusión do principio de subsidiariedade no Tratado de Maastricht e a creación do Comité das Rexións (Art. 198) están destinadas a permitir maior participación rexional e local nos asuntos da CEE.

En resumo, a breve descrición feita anteriormente do proceso de descentralización e as consecuentes relacións administrativas e intergubernamentais en España ilustran a clara necesidade de manter máis conversas e dunha reforma máis ampla. Existe un consenso xeneralizado no primeiro punto, mais aínda non hai consenso político sobre a natureza da reforma. Por conseguinte, o sistema administrativo español pode estar caracterizado por:

■ *Inexistencia dalgún modelo territorial ou sistema administrativo definitivo*; antes de falar de como “racionalizar” o sistema administrativo, debería producirse un acordo político

¹⁵ Un órgano consultivo composto polos ministros do goberno central e polos conselleiros de economía dos gobernos rexionais, creado para coordina-lo gasto e o investimento público, os custos dos servicios, da débeda pública e a distribución de recursos entre as CCAA.

¹⁶ O Goberno central, co apoio de case tódalas CCAA, xa accedeu a transferírllle-lo 15% do IRPF ás CCAA. Sen embargo, Manuel Fraga co apoio do socialista Francisco Vázquez (alcalde da Coruña e presidente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)), xa ten levado o acordo ó Tribunal Constitucional porque cre que, o compromiso é discriminatorio con respecto ás CCAA máis pobres mentres non se estipulen disposicións que aseguren a uniformidade dos servicios públicos.

¹⁷ Pradera, *ibid*, p.33.

¹⁸ As rexións belgas e os “Lander” alemáns. Por outra banda, poden participar nas negociacións do Consello de Ministros nas súas esferas de competencia.

¹⁹ Principalmente proporcionan servicios de información e enlaces coa administración da CE.

sobre a configuración territorial definitiva do Estado que satisfíxese a tódolos protagonistas implicados.

■ *Conflicto interno entre o desexo das tres CC.AA. históricas dun tratamento "preferencial" e a esixencia de asegura-la igualdade de dereitos dentro do país;* é necesario adoptar un equilibrio entre o dereito das CC.AA. a elixi-lo seu propio nivel de autonomía e a homoxeneización das funcións administrativas no país.

■ *Dominio do Goberno central,* principalmente porque non existe unha participación real das CC.AA. nas decisións que lles afectan a nivel nacional e europeo, e porque o Goberno central aínda controla a maioría dos ingresos financeiros das CC.AA. O artigo 150.3 tamén establece o dereito do Estado a harmoniza-la lexislación, incluso nas zonas de competencia rexional, se é preciso por razóns de interese xeral²⁰.

■ *Carencia dun sistema de financiamento global e satisfactorio* que pode facer real, tanto as CC.AA. e a autonomía local como a solidariedade entre rexións. As CC.AA. fan unha importante contribución no gasto público (21,1% en 1993), pero recae nelas unha menor responsabilidade na recadación de fondos.

■ *Imprecisión nas relacións intergubernamentais.* As RIG se caracterízanse pola súa complexidade, falta de coordinación e xurisdiccións coincidentes. Isto tradúcese nun alto custo e nun alto nivel de conflictividade. Aínda existe unha diferenciación no nivel de competencias entre as CC.AA. Algunhas teñen responsabilidade na educación e na sanidade, pero a miúdo continúan as vellas administracións centrais. Mentres noutras CC.AA., as devanditas competencias dependen do Goberno central.

3. Suxestións para unha reforma adicional: a proposta de Administración única

Se se considera a nivel xeral a necesidade de máis reformas de descentralización en España, moitos que quizais non estiveran de acordo co seu contido pero apoiaban o debate sobre este problema, recibiron con agrado a proposta de reforma de "Administración única" feita por Manuel Fraga (marzo de 1992). Esta proposta foi aprobada polo Parla-

²⁰ Neste caso, esta parte da lexislación require maiorías absolutas en ámbalas dúas cámaras.

mento de Galicia o 10 de novembro de 1992, e situou a Galicia no primeiro plano do debate que anteriormente fora dirixido polos nacionalistas vascos e cataláns. Sen embargo, a proposta tamén foi rexeitada, especialmente polos socialistas que crían que era anticonstitucional e criticaban a Fraga polas súas anteriores ideas políticas²¹.

Fraga cre que a maioría dos actuais problemas administrativos son debidos ó mantemento dun sistema administrativo que non se adaptou ben ó actual sistema político descentralizado e casefederal que se remonta á dictadura de Franco. Durante o período da redacción da Constitución, as discusións centrábanse principalmente na descentralización política e non administrativa. Ó mesmo tempo, a Constitución establecía un sistema asimétrico transitorio que máis adiante se faría máis uniforme, pero non se ratificou un modelo final. En palabras de Fraga, e citando as palabras de Adolfo Suárez, "España que seguía a funcionar a pesares de cambiar toda a súa instalación de canos. Os tellados, as paredes e os alicerces foron acondicionados de novo pero as canles administrativas quedaron practicamente como estaban²²".

En resumo, Administración única significa sobre todo, unha clara distribución de competencias entre niveis de administración (municipios, provincias, CC.AA. e o Goberno central). Un *mapa de competencias* clarificaría a dita división. Cada organismo administrativo *debe se-lo único responsable de formaliza-las* súas competencias ademais das transferidas ou delegadas a ela por outras administracións superiores. Desta forma a eficacia está asegurada ó mesmo tempo que se evita a duplicación de funcións administrativas²³. A principal xustificación da proposta é a *subsidiariedade*. Mentres se respecte en todo momento o precepto da unidade do Estado, o desempeño das funcións administrativas debe facerse ó nivel máis baixo posible e de acordo cos principios da eficacia e da proporcionalidade. En termos de obxectivos e beneficios da proposta, Fraga cita a autonomía, participación, cooperación, solidariedade, eficacia e economía. Acadañase un sistema estable, pero tamén flexible. Ó mesmo tempo, deberíanse pór no seu sitio os instrumentos necesarios para facilita-la cooperación e algún grao de homoxeneidade en España. Fraga clarifica máis este punto mencionando o "Grudgesetz" alemán, que conformou de feito un exemplo para a Constitución española, e o nivel de federa-

²¹ Manuel Fraga, actualmente o presidente da CCAA de Galicia, non só fora ministro na dictadura de Franco, senón que tamén se converteu nun dos principais adversarios dunha España máis descentralizada durante o período da redacción da Constitución.

²² Fraga, M. *Administración Única: Una Propuesta desde Galicia*, Planeta, 1993, p.27.

²³ Un exemplo que cita Fraga é a existencia dunha duplicación de funcións entre os servizos sociais nacionais e rexionais no eido da planificación familiar na provincia da Coruña.

lismo cooperativo que alí acadou. Por outra banda, Fraga considera que algúns dos problemas actuais como o centralismo, a excesiva rixidez, a burocratización, a tecnocracia e a duplicación de funcións que conducen á dilapidación, ineficacia e “decadencia”, non se producirán cando se aplique a proposta.

Sen embargo, o razoamento da proposta está baseado nunha serie de premisas que cómpre mencionar. Primeiro, Fraga cre que non existe unha estrutura política dun Estado inherentemente mellor ca doutros, e que sen consenso, a factibilidade da devandita estrutura se considera ineficaz. Segundo, Fraga afirma que a autonomía política ou administrativa non ten porque resultar necesariamente no desamparo do Goberno central (tómese como exemplo Alemaña ou os Estados Unidos). Terceiro, Fraga tamén observa una tendencia xeral en Europa cara á descentralización ou desenvolvemento rexional. Cuarto, unha vez creado o sistema político e administrativo no país, é necesario que funcione²⁴. Quinto, débese mante-la solidariedade entre as CC.AA.; o sistema non debe conservar medidas políticas discriminatorias, sexan actuais ou vellas. Sen embargo, aínda que Fraga cre que a súa proposta non se vai ver alterada pola posibilidade dunha homoxeneización do nivel das competencias entre as CC.AA., ten en conta os feitos da vida política española actual²⁵: primeiro, que dada a diversidade e asimetría das demandas, a dita homoxeneización nunca pode producirse; segundo, e dado o feito anterior, que a proposta só se pode aplicar ás tres nacionalidades históricas e outras CC.AA. que xa acadaron o nivel de autonomía actualmente permitido. Finalmente, a racionalización administrativa a tódolos niveis cómpre tela asegurada de acordo cos principios de subsidiariedade e economía, para evita-la duplicación de funcións e multiplicación de funcionarios.

A Administración única de Fraga está baseada, ante todo, no modelo federal executivo alemán. Desta forma, en España, as CC.AA. formalizaría as competencias concedidas xa anteriormente, ou transferidas máis tarde ou delegadas polo Goberno central. A anterior distinción é moi importante. Tal como se dixo anteriormente, algúns poderes son exclusivos das CC.AA., que á súa vez, poden legislar neses eidos sen que interfira o Goberno central (a non ser que se demostre que a lexislación é anticonstitucional). Os poderes transferidos máis tarde polo Goberno central ás CC.AA. tamén

²⁴ Por exemplo, o Senado debe ser una verdadeira cámara de representación territorial e o Consello Social e Económico (aínda non existe mais que no Art. 131 da Constitución) debería decidir o marco xeral da economía española, e permiti-la participación das rexións no proceso de toma de decisións.

²⁵ Discurso pronunciado ós membros do Parlamento de Galicia, o 10 de novembro de 1992.

implican o dereito a legislar, mentres que as competencias delegadas teñen máis que ver co cumprimento de decisións aprobadas polo Goberno central. Nestes terreos nos que as CC.AA. teñen dereito á autonomía de goberno, noutras palabras, a legislar, pódese asegurar algunha forma de uniformidade ou homoxeneidade. O mesmo tempo, as CC.AA. tamén deberían te-la posibilidade de tomar parte nas decisións xerais do Estado mediante un funcionamento axeitado do Senado²⁶, ou os organismos que poden tomar decisións que agrupaban ás CC.AA. e o Goberno central. De aí que, por unha banda as CC.AA. teñan a necesidade de coordinar as súas competencias, onde teñen poderes exclusivos, pola mellor comprensión do sistema administrativo xeral. Por outra banda, o Goberno central debería permitir que as CC.AA. participasen na toma de decisións políticas de natureza "federal", xa que, en moitas circunstancias, estas serán as que leven a cabo esas decisións.

Finalmente, o debate sobre a descentralización foi dirixido en grande medida sen facer unha referencia explícita ás administracións locais (provincias e municipios). A Constitución non concibiu ningunha proposta para a reforma do goberno local, e estes niveis do goberno tiveron que agardar ata 1985 para poder ver unha reforma maior. A proposta da Administración única considera e declara a necesidade de incluí-las reformas locais no repartimento de responsabilidades. Este feito aumenta aínda máis a complexidade dun repartimento porque tódalas CC.AA., provincias e municipios teñen competencias en eidos como cultura, medio ambiente e servizos sociais. Aínda máis, a Lei do goberno local (LGL) non facilitou unha división de competencias global, pero máis ben permitía unha intervención do Goberno central nos asuntos locais. Con respecto ós municipios, a LGL estableceu unha distribución de responsabilidades que dependía do tamaño do municipio. Sen embargo, o número e o tamaño dos municipios é demasiado grande (máis de 8.000²⁷), e demasiado pequeno (86% deles teñen menos de 5.000 habitantes) para gozar dun nivel extenso de abastecemento local. Por outra banda, o mantemento do nivel provincial do goberno local foi considerado por algunhas CCAA, como Cataluña, como un acto de centralización. Durante a dictadura, as provincias foran os principais órganos de control do Goberno central. Por iso a existencia das provincias comezou a cuestionarse despois do esta-

²⁶ O papel do Senado como protector dos intereses das CCAA ten sido máis ben insignificante, principalmente porque a Constitución declara o papel predominante da Cámara Baixa en calquera problema, e porque o Senado se elixe principalmente baseándose nas provincias (só un quinto nas rexionais).

²⁷ Este número aumentou realmente de 8.022 en 1981 a 8.056 en 1986, principalmente porque as CCAA, ó teren algunhas responsabilidades no eido do goberno local, expresaron unhas peticións para a creación de máis municipios.

blecemento das CC.AA. con poderes nos entes locais. Por exemplo, Cataluña xa establecera 41 comarcas coa esperanza de substituí-las provincias nun futuro próximo. Aínda máis, “moitas rexións tamén pasaron por alto as provincias e estableceron as súas propias estruturas de prestación de servizos, amosando así unha falta de confianza total nas deputacións provinciais”²⁸.

Parte B: Razoamento administrativo nos procesos de descentralización

Nas premisas da proposta de Administración única, Manuel Fraga especifica que realmente non existe ningunha estrutura política de Estado inherentemente mellor cás outras. Esta é unha convención ben coñecida na teoría democrática. Ademais, aínda hai moito desacordo sobre ó que pode dar dereito un sistema democrático. As diferentes democracias teñen estruturas políticas distintas que a coñío derivan de tradicións, culturas políticas ou acontecementos históricos. Non se pode chegar á conclusión de que o sistema maioritario británico sexa menos democrático có sistema consensual suízo. Simplemente son diferentes, mais comparten os requisitos fundamentais dun sistema político democrático. Algunhas características no sistema británico serán máis propicias á democracia ca no suízo, pero esas diferencias non o fan máis “democrático”. Por outra banda, semella que a proposta de Fraga implica que existe un modelo de administración mellor que se debería establecer no sistema político descentralizado español. Fraga non declara isto explicitamente, pero polos seus razoamentos a favor do cambio e do seu concepto de eficacia administrativa, pódese chegar á conclusión de que pensa así. Semella que Fraga empregou o razoamento administrativo para defende-la preferencia e o sentido común da súa reforma, na miña opinión, para despolitizar un problema como o da descentralización en España, que é moi conflictivo e partidista. Sen embargo, tal intento aínda está suxeito a debate. O razoamento administrativo está lonxe de ser concluínte, e pode ser desafiado por outras opinións opostas.

²⁸ Cuchillo, M., “The Autonomous Communities as the Spanish Meso” in Sharpe, J. (ed.) in *The Rise of Meso Government in Europe*, SAGE, 1993, p. 234.

4. O marco do debate administrativo²⁹ e as súas consecuencias para a proposta de Administración única

Nos anos 50, Herbert Simon decatouse do carácter “doutrinal” do debate administrativo. El reivindicou que o método axeitado para que a ciencia administrativa progresa era a base de centrarse unicamente no vínculo entre o plan administrativo e desempeño de funcións administrativas. Sen embargo, as conclusións de Simon semellan ter “só un éxito limitado nuns 40 anos, no que semella ter pouco efecto na forma en que este debate administrativo se leva á práctica³⁰”. Hood e Jackson afirman que no estudio do razoamento administrativo, xa vai sendo hora de que se recoñeza, ademais da teoría administrativa, o valor do debate administrativo, e ó facer isto, “poñer atención no vínculo entre o debate e a aceptación, como unha relación análoga á dunha chave e a pechadura³¹”.

Hood e Jackson argumentan que moitas das ideas propostas, non son teorías administrativas, mais doutrinas que non buscan o entendemento senón a influencia ou convicción, e que como doutrinas, poden ser rebatidas por puntos de vista opostos que tamén poden ser razoables. Desta forma, “o debate administrativo consiste na defensa de doutrinas relacionadas con máximas de ‘sentido común’ e exemplos seleccionados que en teoría defenden as máximas. Despois dun certo tempo, o ‘sentido común’ cambia e novas máximas son propostas acompañadas por unha selección de exemplos preferidos³²”. Estas diferencias entre a doutrina administrativa e a teoría administrativa ilústranse no esquema que se presenta a continuación:

Administrativo	Doutrina	Teoría
Foco primario de obxección	influencia	entendemento
Proba clave	persuasión prescritiva	poder poder explicativo
“Problemática”	vínculo entre <i>debate</i> administrativo e <i>aceptación</i> administrativa	vínculo entre <i>proxecto</i> administrativo e <i>exercicio</i> administrativo e <i>exercicio da función</i> administrativa

²⁹ Hood, C. e Jackson, M., *Administrativo Argument*, Dartmouth, 1991.

³⁰ Hood e Jackson, *ibid*, p. 200.

³¹ Hood e Jackson, *ibid*, p. 200.

³² Hood e Jackson, *ibid*, p. 11.

Administrativo	Doutrina	Teoría
Métodos de "comprobación"	<ul style="list-style-type: none"> * ambigüidade creativa * simetría * metáfora * interese privado presentado como ben público <ul style="list-style-type: none"> * exemplo selectivo * suspensión da incredulidade 	análise sistemática de casos (datos innegables)

Fonte: Hood e Jackson, *ibid*, p. 16.

Se se examina a natureza do debate da reforma de descentralización e máis especificamente, a proposta de Fraga, pódese ver que algúns argumentos non están fundados nunha "análise sistemática de casos", que podería validar a elección dunha estrutura administrativa particular para o país. Pola contra, os argumentos de Fraga poderíanse caracterizar mellor como doutrinas que están máis en relación co convencemento prescricional ("o meu modelo é máis racional ca outros") que co poder explicativo (en termos de planificación, desempeño de funcións e comprobación).

O argumento de Hood e Jackson complementase, ademais, coa presentación dun intercambio de valores" que polo xeral aparecen en debates sobre planificación administrativa³³". A idea fundamental desta formulación é que na xestión pública non existe unha solución "free lunch", de tal forma que os valores administrativos non se poden ordenar nunha xerarquía moi clara. Tamén explican que as doutrinas administrativas rivais implican un tipo de combinación dos puntos de vista contrarios sobre as relacións causa-efecto, as diferentes afirmacións de como é o mundo e os diferentes ordenamentos de valores. Hood e Jackson céntranse neste último aspecto. Afirman que existe unha relación alternativa entre os tres principais núcleos de valores na xestión pública. En primeiro lugar, os *valores tipo sigma* fan fincapé na necesidade de equiparalos recursos coas tarefas definidas (mantela eficiente e determinada) e tentar, sobre todo evitar o despilfarro en termos de cartos e tempo. En segundo lugar, os *valores tipo theta* recalcan a necesidade da honestidade, franqueza e reciprocidade (mantela honrada e imparcial) en contraste coa corrupción e ó facelo así, tentan aumentala lexitimidade e a confianza. Por último, os *valores tipo lambda* prefiren a fiabilidade, forza e a adaptabilidade (mantela forte e flexible) para asegurala supervivencia e a continuidade da administración.

³³ Hood, C., "A Public Management For All Seasons?" en *Public Administration* Vol. 69, primavera 1991, p. 10.

Tres categorías de valores esenciais na xestión pública			
	valores tipo sigma MANTELA EFICIENTE E DETERMINADA	valores tipo theta MANTELA HONRADA E IMPARCIAL	valores tipo lambda MANTELA FORTE E RESISTENTE
CRITERIOS DE ÉXITO	<i>Frugalidade</i> (equipara-los recursos coas tarefas para acadar uns obxectivos dados)	<i>Rectitude</i> (consegui-la equidade, reciprocidade ou verdadeiro desempeño de obrigas)	<i>Resistencia</i> (acada-la fiabilidade, adaptabilidade e robustez)
CRITERIOS DE FRACASO	<i>Desbalde</i> (confusión, desorde, ineficacia)	<i>Malversación</i> (inxustiza, prexuízo, abuso de poder)	<i>Catástrofe</i> (risco, fracaso, ruína)
MOEDA DO ÉXITO E DO FRACASO	<i>Diñeiro e tempo</i> (custos de reservados produtores e consumidores)	<i>Confianza e titularidades</i> (conformidade, lexitimidade, proceso lexitimo, cargos políticos)	<i>Seguridade e supervivencia</i> (confianza, seguridade de vida)

Fonte: Hood, C., "A Public Management for All Seasons?" en *Public Administration*, Vol. 69, primavera 1991, p. 11.

Estes valores poden estar, ás veces, relacionados. Por exemplo, a corrupción non só crea desbalde, senón que tamén diminúe a credibilidade dun organismo público. Por outra banda, "a hipótese suxire que calquera das dúas de entre as tres categorías xerais de valores, ás veces poden satisfacer a un mesmo principio organizativo para un conxunto de dimensións básicas de planificación administrativa; pero que é difícil satisface-las tres categorías de valores por igual, para calquera das outras dimensións, e probablemente para todas elas³⁴".

As implicacións dos argumentos anteriores son, principalmente dúas. Por unha banda, mentres os tres valores poden ser igualmente aceptables, a decisión para seleccionar só un deles para o razoamento administrativo esixe, se o argumento vai ser aceptable e convincente, o uso do carácter retórico do debate administrativo. Neste sentido, Hood e Jackson explican que, "o que contribúe a unha doutrina administrativa gañadora é a *facultade retórica*: a categoría do defensor e o contido do argumento³⁵", ou que "a convicción se acada principalmente por medio da coordinación, o contido, e a presentación, e non por unha manifestación obxectiva e definitiva da superioridade dunha doutrina sobre as contrarias³⁶". Por outra banda, unha vez postos de

³⁴ Hood, C. "A Public Management For All Seasons?" en *Public Administration*, Vol.69 primavera 1991, p. 15.

³⁵ Hood e Jackson, *ibid*, p. 11.

³⁶ Hood e Jackson, *ibid*, p. 17.

acordo sobre a existencia dunha categoría de valores na xestión pública, igualmente razoables e viables, cómpre centrarse no *factor acceptable*. "O asunto que se está a tratar aquí é que é o que fai unha doutrina acceptable como punto de vista admitido, cando outras son rexeitadas ou tratadas como herexías, e non que doutrinas conducen a un cumprimento de funcións administrativas obxectivamente superior³⁷".

Estas conclusións son importantes. A proposta da Administración única podería ser desafiada con éxito por outras xustificacións administrativas que tamén son razoables e factibles. Desta forma, centrareime no meu tema de debate, desde a perspectiva do debate administrativo, en dos compoñentes importantes da proposta de Fraga: a subsidiariedade e as estruturas intergubernamentais. Baixo un sistema político conflictivo, as consecuencias administrativas que Fraga afirma que provocarían tanto a subsidiariedade como as relacións intergubernamentais (RIG), demostrárase que nalgunhas circunstancias non son tan claras. De feito, pódense discutir os seus efectos, tanto a favor coma en contra, con argumentos sobre a eficacia ou a democracia. Por último, a tese remata cun breve comentario sobre a Administración democrática de Vincent Ostrom. Ostrom razoa desde o punto de vista da política económica (ó contario do modelo de Administración de Fraga), que as xurisdiccións que posúen as mesmas competencias e a división da autoridade facilita a produción eficiente dunha mestura heteroxénea dos bens e servizos públicos.

5. A lóxica da subsidiariedade: unha perspectiva axeitada para todos

Dentro do contexto da integración europea, o concepto e a aplicación da susidiariedade foi un tema moi debatido. A intromisión experimenta da Comunidade en moitos eidos da política que se crían baixo a xurisdicción lexislativa e administrativa dos estados membros, impulsou a necesidade de directrices institucionalizadas que establecesen un repartimento de competencias na Unión. Noutras palabras, o debate centrouse na cuestión política crucial de: ¿Quen fai que?, ¿Por que é así?, e ¿Como se debería facer?

³⁷ Hood e Jackson, *ibid*, p. 25.

A perspectiva do debate administrativo encaixa ben co seguinte comentario sobre a subsidiariedade. A pesar da aplicación que lle dá Fraga ó principio, esta parte do traballo tenta demostrar como a subsidiariedade é un concepto doutrinal impreciso que se adapta a diferentes e rivais interpretacións políticas e administrativas. Polo tanto, a imposición dunha idea particular do principio débese completar co exercicio retórico persuasivo. Aínda que se estea de acordo cunha soa definición de subsidiariedade, tense que superala difícil tarefa de facer esa definición operativa. Non só debe ser xustificable, senón tamén convincente. O éxito ou o fracaso de tal exercicio terá diferentes implicacións para o modelo administrativo que se ha de establecer, e isto é en realidade o vínculo entre o debate sobre a subsidiariedade e o debate administrativo.

5.1. Ideas contrarias acerca da subsidiariedade

En primeiro lugar, é útil falar das razóns que provocaron que se debatesese o principio a nivel europeo. Suponse que a subsidiariedade aclarou o asunto da división de competencias entre os actores político-administrativos. Sen embargo, os diferentes protagonistas apoian a subsidiariedade por diversas razóns, que reflicten en grande parte as súas actitudes diverxentes acerca do desenvolvemento da Unión Europea. Houbo tres preocupacións principais: primeiro, os länder no comezo foron partidarios entusiasmados de introduci-lo concepto nos tratados europeos. Tiñan medo de que Bonn e Bruxelas reducisen aínda máis a súa potestade nalgúns dos seus dominios exclusivos, como cultura e educación (p. ex. as súas obxeccións ó Programa Lingua). Esta formulación é basicamente o mesmo que defende Fraga. En segundo lugar, Gran Bretaña tamén se converteu nun partidario entusiasta da subsidiariedade desde que sentiu que podería deter unha maior intervención da CE no que consideraba que eran asuntos propios de política interna. Por último, Delors cría que a subsidiariedade era necesaria para reconcilia-lo proceso de integración europea con chamamentos ós estados membros para que reducisen, ou polo menos lexitimasen a integración sempre que mellore a eficacia.

5.2. Unha definición recoñecida de subsidiariedade

O concepto de subsidiariedade ten unha longa historia. Por exemplo, o Papa Pío XI xa definiu no ano 1931 o concepto de subsidiariedade na súa Encíclica *Quadragesimo Anno*, como unha doutrina da filosofía social católica. En resumo, "Afirmaba que 'é unha inxustiza, unha falta grave e unha alteración da orde establecida, que unha sociedade de rango superior e máis grande se atribúa funcións que poden ser realizadas por sociedades de menor rango e máis pequenas'³⁸". Esta non era unha definición política, pero a súa esencia aínda permanece. A parte dos esforzos que se fixeron para defini-la subsidiariedade de forma definitiva³⁹, non foi ata que se asinou o Tratado de Maastricht cando se mencionou e definiu a subsidiariedade nun convenio político.

En primeiro lugar, o Tratado de Maastricht afirma no *artigo A* que o "Tratado marca un novo paso no proceso de creación dunha unión aínda máis estreita entre os pobos de Europa, **na que se tomen decisións que estean o máis preto posible do cidadán**".

O *artigo 3B* cita explicitamente a subsidiariedade:

"Nos ámbitos que non sexan da súa competencia exclusiva, a Comunidade intervirá conforme ó principio de subsidiariedade, só na medida que os obxectivos da acción pretendida *non poidan ser acadados de xeito suficiente* polos estados membros concernidos, e, por conseguinte, poidan lograrse mellor debido á dimensión ou os efectos da acción considerada, *a nivel comunitario*."

Calquera acción legal emprendida pola Comunidade non sobrepasará os límites necesarios para acadalos obxectivos deste Tratado".

5.3. ¿Esta definición aclara o debate?

A subsidiariedade só se aplica a terreos de política onde a Comunidade non ten competencias exclusivas. De aí que non se supón que a subsidiariedade "determine de quen son as competencias da Comunidade, senón que so os tratados determinan isto⁴⁰". Segundo este punto, mentres que a Constitución española ou os sucesivos acordos designaron competencias exclusivas, a cuestión da subsidiariedade non se debería aplicar.

³⁸ Peterson, J., "A definition to suit any vision?" *Parliamentary Affairs*, Vol. 47, nº 1, xaneiro de 1994, p. 117.

³⁹ P. ex. o borrador do tratado de Spinelli que institúe a Unión Europea ou o documento de traballo de Giscard d'Estaing sobre a subsidiariedade para o Parlamento Europeo.

⁴⁰ Miller, "The Maastricht Debate: Further Developments no Subsidiarity" *Research Paper Nº93 26*, 8 de marzo de 1993, p. 2.

Sen embargo, “tal como apunta a Comisión, os poderes exclusivos non se fixan de forma indefinida, e terá que cambiar a medida que avance a integración Europea⁴¹”. Entón, ¿é posible que case ‘calquera cousa’ sexa “necesaria para acadalos obxectivos deste Tratado⁴²”, tal como cren os euroescépticos?

A incerteza sobre a derradeira etapa da integración europea constitúe a causa principal do receo entre os estados membros e outros actores, que senten que soamente se incorporan nos tratados garantías como a subsidiariedade, poderíase protexer a súa soberanía. A estrutura formal definitiva da Unión non foi considerada no Tratado de Maastricht, e polo tanto semella moi normal agardar a intranquilidade e un debate sobre un problema, que como en España, aínda quedou sen solucionar. Como se explicou anteriormente, en España, existen actualmente negociacións co fin de delegar algunhas das competencias exclusivas do goberno central ás catro CC.AA. (ver o apéndice 2). Neste caso, unha definición de subsidiariedade ten pouco que engadir. Os problemas políticos son o máis prioritario.

En segundo lugar, o artigo A ten a intención de reafirmar a posición dos Länder alemáns. Mentres se afirma que as decisións teñen que ser tomadas o máis preto ós cidadáns, tense implicado que en países onde existe algún tipo de descentralización político-administrativa, os actores locais poderían tamén adoptar un papel activo na integración europea, lexitimando tal proceso e intensificando aínda máis o papel da democracia. O artigo A fala tamén sobre a responsabilidade, que foi esquecida en tratados anteriores. Polo tanto, o artigo A axústase á definición de subsidiariedade como unha *raison d’être* fundamental da Administración única.

Terceiro, o artigo 3B proporciona algúns criterios que se consideran esenciais para a operatividade da subsidiariedade. A Comunidade soamente actuará se por razóns de dimensión ou efecto, a acción proposta non pode ser acadada de xeito suficiente polos estados membros. Sen embargo, ¿que significa en realidade “acadados de xeito suficiente”? O artigo 3B semella estar tratando os valores da eficacia e da efectividade. Estes dous termos non significan o mesmo, mais son as dúas caras dunha mesma moeda. ¿Como se poden combinar estes valores coa democracia? “As opcións políticas deste tipo non poden ser ‘despolitizadas’ recorrendo

⁴¹ Miller, V. *ibid*, p.3.

⁴² O Tratado de Maastricht.

á subsidiariedade que non é máis ou menos que un toque para axudar a clarexalos custos e beneficios das opcións alternativas⁴³". A democracia e a eficacia-efectividade non son de todo incompatibles, mais de certo que existe un grao de conflictividade entre eles.

¿Como se van facer efectivos os criterios establecidos no Artigo 3B? Malia os esforzos para clarexala subsidiariedade, o seu significado segue a ser moi dubidoso nas verbas co fin de evitar (con noutros artigos do Tratado) maior desacordo, ó mesmo tempo que permite unha interpretación adaptable ás circunstancias. Este feito causou moito desconcerto⁴⁴. A Presidencia británica converteu nun dos seus principais obxectivos a aclaración da aplicación da subsidiariedade. "Concretamente, presentou un exame de tres fases que cada lexislación da CE, nova ou xa existente tiña que pasar antes de que puidera ser estimada como aceptable segundo o criterio da subsidiariedade⁴⁵". En primeiro lugar, a Comisión tiña que probar que a tenor do disposto nos tratados tiña o poder de actuar. En segundo lugar, tiña que demostrar que a acción proposta non podía ser cumprida só polos estados membros e, finalmente, que se a intervención fora necesaria tiña que manterse a un mínimo.

5.4. ¿Resultou operativa a subsidiariedade?

¿Haberá máis discusión ou quedou definitivamente clarexado o significado da subsidiariedade? O debate aínda parece lonxe de ter rematado.

Un dos principais problemas reside na formulación errónea de que existe unha división de poderes entre os actores político-administrativos⁴⁶. A experiencia dos países federais como Alemaña ou os Estados Unidos demostran o contrario. En ámbolos estados, incluíuse implicitamente a subsidiariedade nas súas constitucións, máis "o equilibrio do poder entre o Estado e o Goberno central nunca foi estable en ámbolos dous sistemas, determinado de antemán ou falto de polémica. Ambos confiaron fundamentalmente nos tribunais constitucionais para tomar decisións de carácter claramente *político* para axusta-lo equilibrio das necesidades ou demandas da sociedade⁴⁷". A subsidiariedade non pode determinar totalmente responsabilidade das competencias, senón soamente guía-lo debate conseguinte. A opinión de que se pode concibir unha clara división de poderes pode ser

⁴³ Peterson, *ibid* p. 130.

⁴⁴ Non obstante, "a Comisión subliña a necesidade de tratar cada caso de forma individual á luz de dous criterios: amplitude e intención. Concibe unha *análise comparativa da eficacia* para asegurarse de se existen ou non outros métodos dispoñibles para os estados membros, para acada-los obxectivos desexados... tamén incluíría a *proba do valor engadido* para avalía-la eficacia da acción comunitaria". Miller, *ibid*, p. 4.

⁴⁵ Peterson, J., *ibid*, p. 123.

⁴⁶ como semella implica-la noción de subsidiariedade.

⁴⁷ Peterson, J., *ibid*, p. 127.

desafiada pola interdependencia entre as administracións nos sistemas federais. Dentro dun ambiente complexo onde as opcións políticas eficientes e efectivas requiren cooperación intergubernamental, o debate non se debería centrar en se a responsabilidade recae nun ou noutro actor, senón no verdadeiro establecemento de estruturas e procedementos que poderían facilita-la cooperación e xestionar-la interdependencia. Este argumento lévanos claramente á seguinte parte do traballo, onde se falará das relacións intergubernamentais en Alemaña. Sen embargo, aínda se poden engadir algúns puntos sobre as implicacións da anterior definición de subsidiariedade no Tratado de Maastricht.

Aínda que a comisión debe demostrar que calquera das súas propostas cumpre os criterios establecidos pola subsidiariedade, é posible prever un argumento onde un estado membro ou calquera outro actor que non estea de acordo cunha acción comunitaria, leve o asunto ó Tribunal Europeo de Xustiza (TEX). Unha vez que se incorporou a subsidiariedade nos tratados, sería xulgable no TEX “que en conformidade co artigo 164 do Tratado de Roma se lle esixe asegurar que na interpretación e aplicación dos tratados se vele polo cumprimento da lei⁴⁸”. Despois de examina-la súa natureza poliforme, ¿de que maneira podería tomar decisións o Tribunal Europeo de Xustiza sobre este asunto? ¿Non correría o risco o TE de politizarse demasiado? ¿Está o TEX realmente preparado para tomar tal decisión?

R. Dehousse defende que o TEX debe tratar dous problemas moi relacionados entre si. “Desde un punto de vista funcional, non está claro que o Tribunal estea preparado para responder á pregunta que se lle faría. Desde un punto de vista político, un fallo xudicial sobre a compatibilidade dunha certa medida co principio de subsidiariedade podería crear un problema de lexitimidade⁴⁹”. ¿Como podería decidir o TEX se os parámetros da súa valoración non estivesen establecidos de forma concreta? Un xuízo de subsidiariedade debe considera-las opcións políticas polémicas que semellan sobrepasa-las tarefas convencionais dos tribunais. A subsidiariedade non é realmente un termo legal senón máis ben un termo político, suxeito a criterios económicos ambiguos. “Existe, noutros termos, un grave risco de que, ó intervir en debates de natureza claramente política, o Tribunal Europeo de Xustiza espertase a pantasma dun

⁴⁸ Miller, V. “Defining Subsidiarity” en *Research Paper No.92/90*, p. 6.

⁴⁹ Dehousse, R. “Does Subsidiarity really matter?” en *EUI Working Paper Law No. 92/32*, p. 11.

'gouvernement des juges'? nunha comunidade que xa é moi criticada polo seu déficit de lexitimidade⁵⁰".

Este risco é tamén factible no contexto español. Se a subsidiariedade se converte nun principio orientativo no proceso de descentralización, o Tribunal Constitucional terá que tomar unha decisión moi discutible que pode ocasionar consecuencias imprevisibles. ¿Como pode xustifica-lo Tribunal un principio dinámico e flexible sen crear máis conflitos e sen desacredita-la súa imaxe? O concepto de subsidiariedade non é neutral, e a súa intención segundo os criterios dados, cambia co tempo. "Para os federalistas, estas decisións abertamente políticas deben ser tomadas antes de que se lle dea á subsidiariedade unha clara expresión de principio funcional. O artigo 3B por si mesmo non pode converterse nun 'concepto total' que sinale como se deberían compartir e dividi-los poderes nun sistema de goberno europeo con múltiples niveis⁵¹". Está claro que "a proba da subsidiariedade nunca pode ser totalmente obxectivo e consistente co paso do tempo. Diferentes persoas consideran a acción colectiva máis efectiva cá acción individual en diferentes circunstancias⁵²". Aínda máis, en España, sen embargo, o principal problema non é o de decidir como fixa-las competencias administrativas (se fose así, a subsidiariedade podería clarexa-la cuestión), senón o de considerar desde unha perspectiva política, económica e administrativa, se é lexítimo admitir diferentes niveis de autonomía entre as CC.AA.

A subsidiariedade pode significar alternativamente unha destas tres cousas: *suppleance* (substitución temporal), *secours* (axuda) e *concours* (cooperación). Se a Comisión Europea fai un maior uso das propostas, que dada a súa natureza sensible, implican a aplicación de medidas de apoio, complementarias e de recoñecemento mutuo ou común, poderíase evitar grande parte do problema e poderíase atopar unha solución factible. A Comisión Europea pode intervir de diferentes maneiras, mais se soamente tenta centralizar sen ningunha razón, o proceso pode resultar fallido. Por outra banda, se as accións comunitarias favorecen a cooperación e teñen en conta a interdependencia, a subsidiariedade podería realmente converterse nun concepto significativo para entender dunha forma máis axeitada a complexidade existente en moitos eidos da política, nas que o seu xestiónamento esixe, a resposta do traballo en común de varias administracións.

⁵⁰ Dehousse, R. *ibid*, p. 19.

⁵¹ Peterson, *ibid*, p. 126.

⁵² Lord MacKencie-Stuart, "Assessment on the views expressed and introduction to a panel discussion" en *Subsidiarity: the Challenge of Change*, p. 41.

6. *Relacións intergubernamentais: o caso alemán e leccións para unha posible experiencia en España*

O debate anterior tentou amosar como a subsidiariedade “non se adapta ben ós problemas que se supón que ten que resolver⁵³”. O enfoque legalista tradicional empregado para resolver-lo conflito político e administrativo en España foi unha, senón a principal razón, de culpar dun uso inadecuado do concepto. Segundo este enfoque legalista, “a maioría dos intentos de resolver-lo sistema administrativo e territorial en España buscaron unha distribución mecánica das funcións entre as institucións rexionais e centrais, coa esperanza de evita-la confrontación política e asegurar un sistema de funcionamento ‘tranquilo’⁵⁴”. Este enfoque resultou inapropiado e limitado, xa que, ó insistir na separación de competencias, case non tivo en conta as interdependencias que caracterizan os actuais sistemas dinámicos de goberno. Baixo estas circunstancias, “a nivel constitucional, o principal problema non é tanto ó de determinar de forma abstracta que organismo público debería exercer unha determinada función, senón máis ben o de xestiona-la interdependencia entre os ámbitos comúns⁵⁵”. Este é o obxectivo das relacións intergubernamentais.

O fundamento no que se basean as relacións intergubernamentais maniféstase no proceso de integración europea. A complexidade cada vez maior das sociedades industriais e a expansión das estruturas gubernamentais, que a miúdo coinciden, requiren o exercicio dunha cooperación que se beneficia das economías de produción en masa e resultados máis eficientes. Este proceso, polo tanto, debería persuadi-los gobernos autónomos a pasar de negociacións bilaterais co goberno central a acordos multilaterais. Sen embargo, un enfoque legalista fai fincapé no dereito das rexións ou CC.AA. a tomar parte, como entidades soberanas e que prestan consentimento, nestes organismos de toma de decisións intergubernamentais sen ser desestimados no proceso. De feito, desde finais dos anos 60, seguíuse este enfoque legalista en relacións intergubernamentais da República Federal Alemana.

O “Grundgesetz” alemán non só foi moi influente na redacción da Constitución española senón que tamén Fraga toma, feito non moi sorprendente, como exemplo a seguir

⁵³ Dehousse, *ibid*, p.28.

⁵⁴ Cuchillo, *ibid*, p. 238.

⁵⁵ Dehousse, *ibid*, p. 29.

a experiencia intergubernamental alemana. Fraga tamén afirma que as CC.AA. teñen dereito a tomar parte nas decisións estatais que lles afectan, e nas que esixen cooperación e un estilo de goberno máis uniforme (na toma de decisións). Sen embargo, as relacións intergubernamentais en España necesitan supera-las obxeccións ós acordos multilaterais. Un dos aspectos máis característicos do “federalismo” español é a asimetría das demandas amosada polas diferentes CC.AA. Así mesmo, o “federalismo” español ten máis en común con Canadá e as demandas de Quebec, que co caso dunha Alemaña federal. A diferenciación constitucional entre nacionalidades e rexións reforza a consideración anterior. En consecuencia, a experiencia intergubernamental dos últimos quince anos foi máis ben negativa xa que as CC.AA. evitan, por principio, as estruturas de toma de decisións multilaterais. Ademais, se se examina máis de cerca a chamada “experiencia federalista cooperativa alemana”, descóbreanse numerosos conflitos. Estes non teñen porque ser soamente os alemáns. Engadindo a este o “paradoxo rexional” en España, a reforma administrativa non chegará a ter éxito sen un consenso político moi amplo.

A seguinte parte examina a experiencia intergubernamental alemana desde 1949. Céntrase en estruturas de tarefas comúns e en como se superaron en parte as súas consecuencias negativas por medio dun enfoque pragmático e funcional. Logo poranse en contexto as leccións que se poden sacar da experiencia alemana, en relación co realismo das consideracións de Fraga.

6.1. Federalismo alemán e a trampa do control compartido

A Constitución alemana de 1949 estivo dominada por unha división funcional de responsabilidades (poderes legislativos, entidade administrativa, responsabilidade polo fallo en conflitos e financiamento público) entre os gobernos federais e os do *Land*⁵⁶. Os gobernos federais e os do *Land* tiveron que xestionar só unhas poucas competencias. Por outra banda, a Constitución atende as necesidades da cooperación entre o Goberno central e os *länder*, pero só se os ministros do *Land* decidiran que a participación do Goberno central fose necesaria. A lexislación nacional tamén requiría maiorías tanto no *Bundestag* como no *Bundesrat*. Sen embargo,

⁵⁶ Klatt, H. “Forty Years of German Federalism: Past Trends and New Developments” en *Publius*, 19 (Outono 1989), p. 186.

daba a impresión de que o novo sistema político tiña que casar adicionalmente os principios do federalismo e da uniformidade, xa que “as expectativas e as demandas non diferenciadas por parte da poboación xeral⁵⁷” requirían algún tipo de medidas igualitarias. Neste caso, o período entre 1949 e 1969 caracterizouse por un proceso de centralización, ou o desenvolvemento dun estado federal unitario, principalmente por medio dunha ampla interpretación dos principios constitucionais e un uso pleno dos poderes federais. Neste proceso, os *länder* non só se viron afectados por unha maior intervención dos poderes do goberno federal senón que ademais non se ofreceron alternativas despois da súa perda de poderes legislativos.

Esta tendencia cara á centralización foi tan dominante que “o futuro dos *länder* como entidades independentes podería verse cuestionado ademais da garantía institucional dunha estrutura federal incluída no artigo 79, III G⁵⁸”. Por outra banda, observouse en xeral que a reforma urbana ou a modernización dos hospitais, do transporte público e da educación⁵⁹, dados os recursos dos *länder*, esixía unha resposta a nivel alemán. “O que se necesitaba, en resumidas contas, era que os *länder* e o Goberno central fixesen esforzos para mobilizala base dos fondos comúns, e explotalo ámbito de acción combinado, de ámbolos dous niveis de goberno para a consecución dos obxectivos nacionais comúns⁶⁰”. O Goberno federal tentou asegurar algún tipo de coordinación, pero os *länder* cuestionaron a constitucionalidade do obxectivo. Sen embargo, cara a 1969 os *länder* e o Goberno federal iniciaron un novo período de federalismo cooperativo, caracterizado en palabras de Scharpf por *Politikverflechtung*⁶¹. O estado e os *länder* “independentes e os soberanos” negociaron a nova reforma constitucional. Como consecuencia, pactáronse novos ámbitos de toma de decisións políticas comúns⁶².

A estrutura de tarefas compartidas entre os *länder* e o Goberno federal, exemplifícase na experiencia alemana de federalismo cooperativo. Por unha banda, o Goberno federal depende dos *länder* para a execución das funcións administrativas. Por outra banda, os *länder* necesitaban o financiamento federal para a realización dos seus proxectos. Dúas condicións caracterizan estas tarefas compartidas:

- as decisións do Goberno central dependen directamente do acordo do goberno constituínte; e

⁵⁷ Klatt, *ibid*, p. 187.

⁵⁸ Klatt, *ibid*, p. 189.

⁵⁹ Baixo a competencia exclusiva dos *Länder*.

⁶⁰ Scharpf, F.W. “The Joint-Decision Trap: Lessons from German Federalism and European Integration” en *Public Administration*, Vol. 66, Outono 1988, p. 245.

⁶¹ Política interrelacionada

⁶² Planificación e financiamento común para a construción da universidade, a política industrial rexional e a política estrutural de agricultura; subvencións federais os programas de investimento do *Länder* en áreas como renovación urbana transporte e hospitais; e finalmente, os acordos entre os *Länder* e o Goberno federal para colaborar na planificación da educación primaria e secundaria e o financiamento da investigación.

o acordo dos gobernos constituíntes debe ser unánime ou case unánime⁶³.

A práctica das tarefas compartidas facilitou o desenvolvemento de relacións intergubernamentais en Alemaña. “Unha consecuencia desta estrutura foi a xeración de diferentes programas independentes co risco engadido de provocar conflitos⁶⁴”. As tarefas compartidas constituíron un fenómeno que tivo moito éxito non só na primeira metade dos anos 70, cando os recursos financeiros dispoñibles poideron aumentar, senón tamén despois de 1975, cando os niveis de gasto, malia unha maior crise fiscal, se mantiveron. Ó mesmo tempo reducíronse outros programas. Sen embargo, nos anos seguintes, as tarefas comúns obtiveron unha valoración negativa. “En vez de utiliza-los ámbitos de acción común do Goberno federal e dos *länder* co propósito de resolve-los problemas dunha forma máis activa e creativa, considerábanse cada vez máis ou ineficientes, ou inflexibles, ou innecesarios e en calquera caso, moi pouco democráticos⁶⁵”.

O sistema que estivera caracterizado polos altos custos administrativos, polo dominio dunha burocracia horizontal e vertical e pola burocratización do proceso de toma de decisións xa non daba resolto máis as restriccións económicas. Debido a que as tarefas compartidas esixían a unanimidade, o acordo por si só converteuse no principal obxectivo das negociacións. Nestas circunstancias, a negociación de solucións levou a unha distribución dos recursos económicos que non xustificaban a escaseza deses recursos. Aínda cando non era necesario, tiñan que remata-las negociacións nun xogo de suma positiva para tódolos actores. En palabras de Scharpf, “o feito de que os gobernos membros estean participando directamente nas decisións centrais, e de que exista un requisito *de facto* de decisións unánimes, xerará sistematicamente resultados de programas por baixo do óptimo, a non ser que se poida mante-lo estilo de toma de decisións como ‘resolución de problemas’ (en contraposición coa ‘negociación’)⁶⁶”. Sen embargo, é necesario que se dean dous fenómenos para introduci-la toma de decisións en forma de resolución de problemas encamiñada a acadar a reforma administrativa. En primeiro lugar, “o que se necesita para que xurda o estilo de ‘resolución de problema’ é unha orientación cara ós intereses, valores ou normas *comúns* que sexan distintos do propio interese individual dos par-

⁶³ Scharpf, *ibid*, p. 225.

⁶⁴ Franz, H. J., “Interorganizational Arrangements and Coordination at Policy Level” en Kaufmann, F. X., Majone, G. e Osrom, V.(eds.) *Guidance, Control and Evaluation in the Public Sector*, de Gruyter, 1986, p.488.

⁶⁵ Scharpf, *ibid*, p.247.

⁶⁶ Scharpf, *ibid*, p.239.

ticipantes e que, polo tanto, poida facilita-lo acordo voluntario aínda cando sexan necesarios os sacrificios a nivel individual e non se poidan compensar inmediatamente por medio de 'pagos adicionais' ou 'acordos globais'⁶⁷". En segundo lugar, "para que sexa efectivo, o cambio institucional tería que producirse a grande escala, o que implica a aceptación de perdas a curto prazo para moitos ou tódolos participantes⁶⁸".

Calquera intento de levar a cabo as RIG en España seguindo as liñas alemáns debería ter en conta a opinión de Scharpf. Se as negociacións multilaterais tivesen lugar en España, probablemente estarían baseadas nun acordo unánime. Nun ambiente conflictivo, onde a identidade común entre as CC.AA. a miúdo é inexistente, é evidente o perigo de desenvolver procedementos de toma de decisións en forma de 'negociacións', como contraposición ás de 'resolución de problemas'. Os resultados poden ser paradoxalmente os que espera evita-la proposta de Fraga: centralismo, excesiva rixidez, burocratización, tecnocracia e duplicación de funcións.

6.2. O actual sistema alemán de relacións intergubernamentais

Os actores involucrados en tarefas comúns decatáronse dos problemas mencionados anteriormente e, a finais dos anos 70, tivéronse que rexeitar e reduci-las tarefas comúns. A resistencia a estes cambios non se deixou oír. "Os *länder* con máis recursos económicos semellaban ser máis ricos ó volveren acada-la liberdade de acción independente, despois de decatarse de que os programas non foran tan bos desde o comezo, mentres que os *länder* máis pobres, por outra banda, estaban decepcionados pola ausencia de efectos de redistribución significativos⁶⁹. Unha mestura de federalismo cooperativo e competitivo caracteriza o sistema actual. Así, en 1982 e despois de trece anos de constantes desacordos entre o *Bundesrat* e o *Bundestag*, o chanceler Kohl gañou por maioría en ámbalas dúas asembleas e embarcou nunha cruzada para tentar resolve-la crise fiscal, liberaliza-las estruturas intergubernamentais, intervir menos na vida pública e para federaliza-lo país de novo por medio da derregulación e a descentralización. Xurdiron nestes anos novas relacións intergubernamentais, pero as presións centralistas

⁶⁷ Scharpf, *ibid*, p. 261.

⁶⁸ Scharpf, *ibid*, p. 271.

⁶⁹ Scharpf, *ibid*, p. 250.

aínda continúan, principalmente debido ás restricións económicas, á nacionalización dos dereitos fundamentais, ás preocupacións tecnolóxicas e á importancia cada vez maior da Unión Europea.

Aínda así, cómpre afirmar que as críticas feitas por Scharpf en relación co federalismo cooperativo foran consideradas coma un enfoque demasiado restrinxido por outros académicos, como Benz ou Lehbruch. Benz mantén que “unha análise detallada do federalismo, centrada nos procesos máis que nas estruturas e nas diferentes políticas máis que nas reunións, revela que as relacións intergubernamentais nos anos 80 non son iguais ás dos anos 60 e 70 e que os cambios reflectiron adaptacións flexibles das relacións entre os gobernos federal, do *Land* e local ós novos desafíos socioeconómicos, socioculturais e ecolóxicos⁷⁰”. Lehbruch analiza o federalismo como un sistema de enlace, pero entre ‘redes políticas’ autónomas e diferenciadas (incluído o sistema partidista e unha Administración politizada). Estas redes de política sectorial están integradas en redes máis xerais⁷¹. Finalmente, contrasta “o tradicional pluricentrismo do estado e das institucións sociais cunha rede de política económica integrada (mais non centralizada), orientada cara a unha homoxeneidade nacional⁷²”.

Sen embargo, é difícil avogar pola existencia en España de procesos ou redes (tanto políticas como administrativas) de relacións intergubernamentais ó mesmo nivel das de Alemaña, simplemente porque as relacións intergubernamentais en España aínda non se crearon de forma axeitada⁷³. O problema fundamental, polo tanto, segue a se-lo de se un sistema de RIG baseado na proposta de Fraga pode funcionar ou non. Dado o actual conflito político e administrativo, semella que o federalismo cooperativo en España se irá desenvolvendo máis seguindo as liñas da toma de decisións en forma de negociacións, con tódolos defectos que suxire, que seguindo as liñas da resolución de problemas. Os tres obstáculos que Scharpf conclúe que cómpre superar nun acordo de funcionamento da resolución de problemas, danse no contexto español. Estes son un conflito ideolóxico, desconfianza cara ás institucións, desacordo acerca da xustiza de normas distributivas⁷⁴. “A cuestión é, polo tanto, se a ‘resolución de problemas’ ten algunha posibilidade de éxito en sistemas de decisións conxuntas que non se benefician do tradicional sentido de identidade

⁷⁰ Benz, A. “Intergovernmental Relations in the 1980’s” en *Publius*, 19, Outono 1989, p. 203.

⁷¹ Lehbruch, G. “Institutional Linkages and Policy Networks in the Federal System of West Germany” en *Publius*, 19, Outono 1989, p. 221.

⁷² Lehbruch, G. *ibid*, p. 221.

⁷³ Por exemplo, ver Bañón Martínez, Rafael en “Gestión y Relaciones Intergubernamentales” en *Administración Única*, Relatorios das xornadas realizadas en setembro de 1992 na Escola Galega de Administración Pública, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993.

⁷⁴ Estes son os tres obstáculos, que Scharpf cre que un acordo de toma de decisións, en forma de resolución dos problemas ten que superar.

común ou dunha percepción absoluta da vulnerabilidade común⁷⁵". De aí que antes de que se poida acadar unha reforma do sistema administrativo de grande alcance, sexa necesario chegar a un consenso sobre a natureza descentralizada ou "federal" definitiva do país. Un enfoque legalista (como o de Fraga) que tenta evadi-la cuestión, considérase deficiente. "Só un novo consenso sobre a delegación de poderes, nestes intres provisionalmente tentado, facilitaría na actualidade a creación dese sentido de lealdade mutua entre os actores nacionais, rexionais e locais no que ten que basea-lo sistema⁷⁶."

7. *Unha formulación alternativa da reforma de descentralización: a Administración democrática de Ostrom*

O apartado anterior, na que se debatían os principios de subsidiariedade e relacións intergubernamentais, propuxo algunhas obxeccións á viabilidade da proposta de Fraga sobre un sistema administrativo nun sistema político conflictivo como o de España. Este traballo tenta sinala-las dificultades que afectan a unha reforma descentralizadora dun sistema administrativo. O debate administrativo sostiña que de feito existen alternativas razoables a ter en conta á hora de apoiar-la reforma administrativa. Á luz de tal proposta, o apartado seguinte deste traballo presentará o modelo de Administración democrática de Ostrom, non como unha posible solución á polémica da descentralización en España (aínda que o modelo de Ostrom podería ser, como calquera outro, unha solución viable), senón como un exemplo alternativo do propio debate administrativo. O problema aquí é decatarse, en primeiro lugar, dos *límites* de calquera proposta na reforma administrativa que esixe evidencia e tenta manter por razóns administrativas, e segundo, propor outro punto de vista, acerca da eficacia.

No debate administrativo, Hood e Jackson presentaron brevemente diferentes valores para xustifica-las doutrinas administrativas alternativas. Interésannos aquí especialmente as que teñen que ver coa extensión, uniformidade e inclusión. A proposta de Administración única refírese en particular ó tema da inclusión.

⁷⁵ Scharpf, *ibid*, p. 262.

⁷⁶ Cuchillo, *ibid*, p. 239.

Hood e Jackson dan catro posibles alternativas. Dúas delas teñen que ver coas estruturas que gozan da responsabilidade incluída (unha integración horizontal, a outra é integración vertical). As outras dúas tratan da responsabilidade dividida (un con pluralismo administrativo e a outra con poderes comúns) (Hood e Jackson, p. 76). A Administración única adáptase ben á doutrina sobre a responsabilidade inclusiva por medio da integración horizontal. En poucas palabras, apoia un sistema no que haxa unha grande variedade de servicios, mais todos eles relacionados, que son proporcionados por unha, e só unha administración. Hood e Jackson atopan tres xustificacións fundamentais para esta doutrina. Primeiro, a proposta pódese manter (tal como pensa Fraga) por motivo da eficacia, é dicir, "custos de produción máis baixos, e un ámbito moi amplo para a promoción flexible do persoal, do espacio e o material, creando unhas condicións para que os cargos directivos máis altos poidan mobiliza-los recursos no momento que cambien as prioridades ou circunstancias políticas⁷⁷". En segundo lugar, dise que unha proposta tal como a da Administración única é máis responsable, seria e democrática, tal como declararían os reformistas do goberno local ingleses como J. S. Mill e os Fabians. Por último, afirmase que a Administración única é máis práctica para os consumidores. Os consumidores "poden evita-los custos e as molestias que implican a necesidade de ir a distintas oficinas ou dependencias en diferentes lugares para resolver diferentes aspectos do mesmo problema⁷⁸".

Por outra banda, a reforma administrativa tamén pode ter como obxectivo a responsabilidade dividida. A doutrina de 'cheques e balances' xustifica a existencia de poderes comúns pero como xa dixemos antes, as relacións intergubernamentais poden crear problemas se non se desenvolve un sistema de tomar decisións mediante a resolución de problemas. A segunda xustificación da doutrina da responsabilidade dividida pode estar ben representada pola Administración democrática de Ostrom. Se a existencia do pluralismo administrativo e un sistema administrativo policéntrico orixina desbalde (como reclama Fraga), un debate do modelo de Ostrom pode ilustrar algúns aspectos positivos e algúns negativos do actual sistema administrativo español.

⁷⁷ Hood e Jackson, *ibid*, p. 77.

⁷⁸ Hood e Jackson, *ibid*, p. 77.

7.1. A Administración democrática de Ostrom

En palabras de Fraga, unha duplicación de funcións crea desbalde, ineficacia e `decadencia'. Tendo presente a tradición administrativa dos Estados Unidos, a Administración democrática de Vincent Ostrom mantén, polo contrario, que actualmente se exercen mellor a eficacia e a democracia nun sistema policéntrico de xurisdiccións compartidas que a fragmentación do poder. Este sistema facilita a produción dunha mestura heteroxénea de bens e servicios públicos xa que "a creación de máis niveis de goberno, asegura as friccións e as discusións, ambas necesarias para a protección da liberdade. Dupré ve isto como unha razón para facer máis complexo todo o sistema de goberno local. A liberdade de decisións arbitrarias é máis probable cando sexa difícil tomar decisións⁷⁹". Ostrom afirma que á parte da teoría clásica da burocracia, que estudia a creación e perfección das estruturas burocráticas, unha formulación de economía política para as estruturas organizativas podería proporcionar unha idea nova e valiosa para o estudio da Administración pública. Considérase que o problema fundamental da Administración é a provisión de bens e servicios públicos, Ostrom cre que diferentes alternativas organizativas poderían ser presentadas para a execución de distintas funcións administrativas. Dito doutro xeito, "non existe nin unha soa forma de organización que se considera *boa* para tódalas circunstancias. Máis ben, calquera tipo de acordo organizativo podería xerar unha variedade limitada de esforzos preferentes. Cada acordo organizativo verase suxeito a limitacións. As debilidades e os fallos institucionais faranse manifestos se exceden eses límites⁸⁰".

En realidade, a opinión de Fraga sobre a eficacia semella que repite o axioma administrativo central de W. Wilson: canto máis se divida o poder máis irresponsable se fai. A hipótese de Ostrom pon en dúbida o suposto fundamental da doutrina administrativa. Nesta nova formulación, "Non se centrará tanto a atención na preocupación pola organización como na preocupación polas oportunitades que poidan acadalos individuos nun ambiente multiorganizativo⁸¹". A importancia que implica isto é moi diferente. Sen embargo, Ostrom afirma que pode acadar "unha *orde* política estable que pode facer progresar-lo benestar humano baixo circunstancias que cambian rapidamente⁸²".

⁷⁹ Dupré citado por Smith, D.C. en *Decentralization: The Territorial Dimension of the State*, Allen & Unwin, London, 1985, p. 26.

⁸⁰ Ostrom, V. *The Intellectual Crisis in American Public Administration*, The University of Alabama Press, 1974, p. 55.

⁸¹ Ostrom, *ibid*, p. 132-

⁸² Ostrom, *ibid*, p. 112.

O problema clave é considerar que os diferentes enfoques, que producen unha variedade de acordos organizativos, poden ser debatibles e distinguibles cun grado de éxito e convicción variable. Ostrom non descarta o que el chama a teoría tradicional da burocracia, que emana entre outras das de Wilson, Weber, Goodnow ou Gulick, pero espera demostrar que a teoría da Administración democrática posta de moda polas obras de Hamilton, Madison, Tocqueville, Lindblom e escritores de elección colectiva como Buchanan, Tullock, Olson ou Niskanen podería proporcionarnos alternativas realistas ás teorías tradicionais. Neste sentido, “unha teoría democrática da administración non se ocupará da simplicidade, orde e simetría, senón da diversidade, variedade e sensibilidade polas preferencias dos votantes⁸³”.

7.2. ¿Que consecuencias se poden sacar da Administración democrática de Ostrom para unha reforma convincente das estruturas administrativas en España?

En primeiro lugar, é necesario expresar que o modelo de Ostrom pode de feito ser máis democrático cá Administración pública progresiva de Wilson ou a Administración burocrática de Weber xa que permite máis autonomía, mais non é nin o único modelo de administración democrático nin supera as presións xerarquizadoras. A cooperación entre comunidades aínda esixe unha autoridade superior que poida decidir sobre problemas extremadamente difíciles e polémicos. Sen embargo, os sistemas políticos e sociais pluralistas atopados en España e as disposicións constitucionais que garanten un grao de diferenciación entre as CC.AA., poden verse mellor reflectidos no modelo de Ostrom (que recalca a variedade, diversidade e sensibilidade) que a petición de simplicidade e orde feita por Fraga. Con isto non é que queira descarta-la proposta de Fraga, senón máis ben afirmar como o fai Ostrom que, “se pode haber diferentes formas de conceptualizalos acordos administrativos, entón os diferentes conceptos poden servir como base para o proxecto de diferentes acordos organizativos⁸⁴”. A doutrina de Ostrom desafia, polo tanto, a declaración de Fraga de que as administracións que actúan en paralelo na mesma xurisdicción resultan molestas e desbaldidoras. De acordo con isto, deberíanse considerar como alternativas válidas polo

⁸³ Ostrom, *ibid*, p. 22.

⁸⁴ Ostrom, *ibid*, p. 22.

menos ámbalas dúas afirmacións e, en calquera caso, elixir unha liña de acción para a reforma das estruturas administrativas descentralizadas á luz do ambiente social e político español.

Fraga só se centra en certos criterios para defende-la súa proposta. Aínda así, semella bastante claro que se poderían presentar outros criterios con éxito. Os criterios seleccionados non son sen embargo, ilimitados. Hood propón na súa obra *Administrative Analysis* tres criterios (que ata certo punto coinciden), para falar sobre as escalas nos servicios públicos. Estes son: a escala de bens públicos implicados nun servicio; o impacto da escala na eficacia das operacións; e a comunidade de consumidores á que ten intención de ser primariamente interesada e accesible ó servicio en cuestión. Na súa obra *Descentralization* D. C. Smith tamén explica que “a elección do criterio para delimita-los ámbitos gobernamentais depende da forma de descentralización que se elixa (política e burocrática) e as funcións que deben realiza-las institucións por baixo das nacionais⁸⁵. “Pódense considerar cinco criterios: comunidades; eficacia; capacidade de xestión; requisitos técnicos; e principios sociais.

Sen embargo, aínda que “os méritos de *cada* criterio deban ser razoados de forma sistemática, a miúdo na práctica, un criterio vén domina-lo caso por defecto⁸⁶”. En calquera caso, mentres que cada factor pode ser apoiado por varias forzas políticas, pola administración ou por elites locais, o compromiso semella ser un requisito necesario. De aí que dada a complexidade involucrada no proceso de descentralización en España, e o alcance da polémica, pódese considerar que o requisito fundamental no debate administrativo semella o emprego das doutrinas do debate administrativo. Debe terse en conta que a aceptación de calquera doutrina para a reforma non está baseada na superioridade dunha doutrina sobre as outras, senón no seu poder de persuasión.

8. Conclusión

Neste traballo non se tentou rexeita-la proposta de Administración única, senón máis ben, considerouna como un punto de partida necesario para o debate en favor da reforma

⁸⁵ Smith, *ibid*, p. 63.

⁸⁶ Hood, C. *Administrative Analysis*, Harvester: Wheatsheaf, 1986, p. 100.


das estruturas e as relacións administrativas existentes en España, xa que os actuais acordos, parece que non satisfán a ninguén. En segundo lugar, considérase como unha solución valiosa para a descentralización do sistema administrativo español. De feito, a proposta de Administración única desafía a racionalidade do sistema administrativo actual, que é dubidoso, aínda que está evolucionando. Está claro que aínda non se chegou a un acordo sobre unha solución definitiva e que a maioría dos actores implicados queren unha maior reforma.

Sen embargo, as discusións administrativas que se utilizaron e o enfoque legalista que se seguiu para apoiar a proposta, quizais para despolitiza-lo asunto, aumenta a súa vulnerabilidade con respecto ó reto argumentativo. Este traballo tentou razoar como o argumento a favor da reforma administrativa levado soamente por razóns administrativas pode ser rebatido por outras doutrinas razoables e aceptables baseadas en diferentes valores administrativos esenciais. A Administración democrática de Ostrom epitomiza este argumento, e pode dar algunhas ideas sobre o modelo de administración que Fraga rexeita. Desde esta perspectiva, tanto os efectos reivindicados da subsidiariedade reivindicados, como as relacións intergubernamentais poden ser discutibles no caso dos sistemas políticos e administrativos en España.

A subsidiariedade di pouco sobre a Administración. Pode ben clarear problemas de soberanía e descentralización, pero di pouco sobre como dirixi-las funcións e relacións administrativas de forma axeitada. A subsidiariedade pode establecer quen fai que, pero non *como facelo*. Nun sistema político no que dalgunha maneira existen confrontacións, a subsidiariedade pode axudar a satisfacer-las esixencias iniciais dos actores políticos que están ansiosos de calquera proposta que poida clarear-la futura estrutura formal do estado. Neste sentido, o que se está a facer en España é moi similar ó que está ocorrendo na Comunidade Europea segundo o Tratado de Maastricht. Sen embargo, se os actores desafían constantemente a división actual de competencias, a subsidiariedade non pode dicir moito cando os principios de eficacia e proporcionalidade (que a xustifican por razóns económicas) varían co tempo.

Un sistema de relacións intergubernamentais en España, seguindo o modelo do alemán, ten que superar algúns obstáculos bastante complicados. A opinión de Fraga sobre o

modelo alemán é demasiado positiva. A discusión de Scharpf sobre a trampa das decisións compartidas, que caracterizara as relacións intergubernamentais en Alemaña nos anos 70, debería ilustrar algúns dos problemas que calquera reforma administrativa ten que ter en conta. De feito o "federalismo" atopado en España semella ter máis en común co modelo canadense que co alemán, tanto no feito de que se cuestiona a unidade do estado, e nas demandas de distintos graos de diferenciación. Esta tensión interna debe resolverse antes de que se leve o debate por terreos administrativos. Noutras palabras, antes de crear un sistema de relacións intergubernamentais, é esencial darlle fin ó debate na forma definitiva de descentraliza-lo estado, ó mesmo tempo que se acade a lealdade necesaria para a operatividade do sistema.

Tendo en conta os problemas mencionados anteriormente, o argumento a favor do cambio e a reforma debe entenderse-las súas propias limitacións se quere ser máis convincente. Unha despolitización por medio dun recurso ó debate administrativo, diminúe, polo tanto, o seu pola base, xa que, por unha banda, os argumentos poden ser refutados por outro razoamento administrativo e por outra banda, non considera as expectativas políticas e sociais e os factores ambientais que o fan realmente máis persuasivo para o público. Un enfoque máis pragmático/ realista debería pór máis énfase nas necesidades políticas e menos nas administrativas (como na recente federalización belga). A reforma baseada en razóns administrativas legalistas pode parecer máis neutral e práctica nun ambiente politizado, aínda que desde o punto de vista do debate administrativo, as doutrinas que se presenten poden ser desafiadas máis facilmente. As chaves para a persuasión, como explican Hood e Jackson, non se atopan na racionalización administrativa, senón na práctica retórica. 

Apéndice 1.

Actuais competencias dos diferentes niveis de Goberno en España

Nivel municipal⁸⁷

- Tódolos municipios son responsables de: iluminación pública, cemiterios, recollida de lixo, limpeza das rúas, sumidoiros, acceso ás estradas, control sanitario da alimentación e inspección das beirarrúas.
- Municipios de máis de 5.000 habitantes, de: parques públicos, bibliotecas públicas, mercados, tratamento das augas residuais.
- Municipios de máis de 20.000 habitantes, de: servicios sociais, policía municipal, servicio de incendios, instalacións deportivas e matadoiros.
- Municipios de máis de 50.000 habitantes, de: transporte urbano e protección do medio ambiente.

Nivel provincial⁸⁸

(Maiores poderes outorgados polo art.36 da Lei do goberno local)

- Coordina-los servicios municipais e garantir un abastecemento axeitado e completo dos servicios por toda a provincia.
- Proporcionar asistencia técnica, económica e legal ós municipios.
- Proporcionar servicios públicos de natureza supramunicipal.
- Elaborar axudas e atende-los intereses propios de cada provincia.

Nivel das CCAA⁸⁹

(Art. 149.1 da Constitución)*

- Organización das institucións rexionais.
- Supervisión do goberno local dentro das regulacións municipais.
- Planificación e vivenda na cidade e no campo segundo a lexislación básica nacional.
- Obras públicas de interese rexional (dentro do territorio da rexión).

⁸⁷ De Donaghay, P. e Newton, M. T. *Spain: A Guide to Political and Economical Institutions*, Cambridge University Press, 1987, p.127.

⁸⁸ Donaghay e Newton, *ibid*, p. 132.

⁸⁹ De Cuchillo, M. "The Autonomous Communities and the Spanish Meso" en Sharpe, j. (ed.), *The Rise of Meso Government in Europe*, SAGE, 1993, p. 215.

- Estradas e ferrocarril rexional, peiraos e aeroportos privados.
- Agricultura e gandería segundo a lexislación nacional.
- Execución das medidas políticas nacionais sobre a protección medioambiental, montes e pesca fluvial.
- Abastecemento de augas e obras hidráulicas nas vías fluviais rexionais.
- Feiras comerciais, locais, artesanía e turismo.
- Museos rexionais, bibliotecas, actividades deportivas e culturais.
- Benestar social e condicións sanitarias.

* Onde non se especifiquen as funcións, as rexións poden asumir poderes lexislativos e executivos.

Nivel do Goberno central⁹⁰

(Art. 149.1 da Constitución)*

- Condicións básicas que garantan un tratamento igual para tódolos españois no exercicio dos dereitos e deberes constitucionais.
- Nacionalidade, emigración e asuntos exteriores.
- Defensa, forzas armadas e a administración de xustiza.
- Lexislación do dereito penal, ** dereito privado e dereito mercantil, relacións laborais dereitos de autor e de patentes.
- Administración de aduanas e comercio exterior.
- Sistema monetario, divisas, valores en carteira e control de divisas e normas básicas de créditos, banca e seguros.
- Condicións básicas e coordinación da política sanitaria, servizo de saúde pública nacional e rexímenes de pensións.
- Lexislación sobre fármacos.
- Base legal do fundamento legal da Administración pública, incluído o dereito fundamental sobre o Goberno local, os funcionarios e os procedementos administrativos ordinarios.
- Pesca marítima e lexislación básica sobre protección medioambiental e montes.
- Ferrocarril e estradas de “interese nacional”.
- Lexislación sobre comunicacións e tráfico, correos, telefónica, telégrafos e radio.
- Obras públicas de “interese xeral”.
- Navegación comercial, protección costeira, peiraos e aeroportos comerciais e nacionais, espacio aéreo e liñas aéreas.
- Lexislación sobre recursos hidráulicos e electricidade e xestión das augas que cobren máis dunha rexión.
- Regulación básica sobre minería e a produción da enerxía.

⁹⁰ Cuchillo, M. *ibid*, pp. 215-16.

- Regulación básica sobre a prensa, radio e TV.
 - Orde pública e defensa civil, aínda que as rexións poden crea-las súas propias forzas policiais con responsabilidade nalgúns terreos.
 - Normas básicas sobre educación e coordinación da investigación científica e técnica.
 - Protección do patrimonio artístico, cultural e arquitectónico e museos, arquivos e bibliotecas "nacionais".
- * Onde non haxa nada establecido (por exemplo, as Forzas Armadas) as institucións nacionais conservan. tódolos poderes legislativos e executivos
- ** Onde xa exista un sistema de dereito privado, as rexións teñen o dereito de crear un sistema legal propio.

Apéndice 2

O diario español *El País* anunciou o domingo 6 de febreiro de 1994, que o Goberno central delegaría algunhas das súas competencias exclusivas nas catro CC.AA. de *vía rápida*, (Cataluña, Euzkadi, Galicia e Andalucía) deica un futuro próximo.

As competencias que quedarían baixo o control estatal serían: a nivel nacional, emigración e asuntos exteriores; defensa, forzas armadas e a administración de xustiza; administración de aduanas e comercio exterior; sistema monetario, e normas básicas de créditos, banca e seguros; planificación económica e normas xerais de financiamento público; lexislación sobre fármacos; regulación básica sobre minería e a produción da enerxía; estatísticas para uso estatal; obras públicas de interese xeral e a produción, comercio e propiedade de armas e explosivos.

As competencias que se poderían delegar son: lexislación especial derivada das particularidades das CC.AA.; dereito do traballo; xestión do sistema da Seguridade Social; procedementos administrativos; pesca marítima; peiraos e aeroportos; xestión costeira; lexislación medioambiental básica; regulacións sobre a prensa, T.V. e radio; museos, bibliotecas e arquivos, e orde pública.

- Administración Única* (1993): Relatorios das xornadas celebradas en setembro de 1992 na Escola Galega de Administración Pública, 24-25 de setembro de 1992, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- BATLEY, R. E STOCKER, G. (eds.) (1991): *Local Government in Europe: Trends and Developments*, Macmillan/Handmill.
- BENZ, A. (1989): "Intergovernmental Relations in the 1980's" en *Publius* 19.
- CORNU, M. (1993): *Compétences Culturelles en Europe et Principe de Subsidiarité*, (Bruxelles: Emile Bruylant).
- CUCHILLO, M.: "The Autonomous Communities and the Spanish Meso" en Sharpe, J. (ed.) (1993): *The Rise of Meso Government in Europe*, SAGE.
E todo iso como vía para pescudar no núcleo central do relatorio, referido á transcendencia da motivación dos empregados públicos á hora de asegura-la eficiencia, eficacia e obxectividade esixidas pola Constitución. E, neste aspecto, non se pode obvia-la alusión ó decisivo papel que desempeñan en toda a armazón os postos directivos, tanto polo rol que xogan na organización, como polas repercusións que o estilo directivo ten na motivación do resto do persoal. É por iso que a parte final da conferencia se dedica a analiza-las diversas cualidades (madurez emocional, independencia, espírito emprendedor, etc.), que han de atesoura-los servidores públicos que exerzan estes cargos.

A última conclusión da autora resulta tan sinxela como suxestiva: se os vicios adquiridos pola Administración do

Estado en varios séculos de existencia parecen, en ocasións, indelebles, na Administración das comunidades autónomas o cambio de mentalidade que esixe unha mellora da motivación dos empregados públicos pode ser moito máis asequible, precisamente e sobre todo, se procuran non adquirir mimeticamente aqueles.

O segundo relator, D. Pablo Fernández García, subdirector xeral de Relacións Laborais, abordou o tema das relacións laborais na Administración pública e a súa influencia na motivación. En primeiro termo, sintetizou a recente historia das mesmas ata o momento actual, e valorou a importancia do factor humano como elemento productivo. A continuación, describiu un flamante estudio Delphi realizado entre directivos da Administración do Estado, no cal se puña de manifesto como principal factor de motivación a pertenza a unha organización seria, é dicir, unha organización claramente definida, cuns obxectivos explícitos e cunha xerarquía competente. Neste punto, o autor amosouse partidario de revitaliza-lo papel do directivo, e investilo de poderes e facultades empresariais, fronte ó principio da coexistión e coparticipación na dirección.

Axiña, pasou a analiza-lo núcleo central da súa proposta, e referiuse á relación entre sociedade, sistema productivo, sistema de relacións laborais e estratexias de motivación. O punto de partida para un deseño de motivación estriba no desenvolvemento endóxico que refugue de modelos importados, e se axeite a cada país, á clase de empresa e de traballo, ó prototipo de relacións laborais existentes e, fundamentalmente, ás características de cada traballador. Neste sentido, estudia tanto unha serie de manifestacións concretas no sistema español, como a modernización que a lexislación administrativa intentou orientar nos últimos anos, que, ó ser eminentemente participativa, incidiu moi positivamente na súa estruturación final, xa que, en opinión do relator, o acordo final non contén a penas diferencias con outros que se redactaron en sectores productivos privados.

Concluiu o autor citando que “os procesos de motivación colectiva, achéganlles ás organizacións uns resultados moi superiores a calquera outro sistema ou método de motivación que se utilice e que a implantación da cultura da negociación, vai sumarlle un valor engadido inapreciable a calquera proxecto innovador”.

Cerrou a sesión matinal D. Miguel Ordozgoiti de la Rica, subdirector xeral de Promoción Profesional, que falou da imaxe social dos funcionarios públicos e a súa motivación profesional. Na súa disertación efectuou unha análise das causas polas cales a maioría dos cidadáns non efectúa unha valoración favorable dos funcionarios públicos, atmosfera de opinión que inflúe -moitas veces determinadamente- na súa propia autoconsideración e no desempeño das súas tarefas profesionais.

Simultaneamente, o que o autor denomina “ofensiva xerencial” –imitación de esquemas norteamericanos– dos últimos anos que enzalzou a obsesión polo privado, “produciu tamén moito desconcerto e desmoralización entre os funcionarios”, o que o levou a sinalar que a recuperación do orgullo profesional dos funcionarios públicos pasa, polo menos en parte, por encontrar respostas ante as demandas da sociedade, pero baseadas na propia tradición administrativa.

É por iso que o autor suxire unha serie de trazos que, ó seu xuízo, habería de ter ou os sistemas de carreira na Administración pública, orientados a eleva-la motivación, e concluía indicando que, aínda que con exquisita prudencia, se deberían desliga-las retribucións das funcións, o que introduciría grandes doses de motivación e dinamismo nas organizacións, sen cometer inxustizas retributivas e permitiría que a pegada deixada por un mal directivo se borre sen máis e sen perpetuarse na estrutura da organización. “Fariamos, quizais, con iso un grande servizo á modernización da Administración e lograríámolo, paradoxalmente, rescatando conceptos pretendidamente antigos”, meta que nun momento anterior da exposición propugnaba o relator.

Xa na sesión de tarde, a primeira intervención correspondeulle a D. José Luis Espinosa Álvarez de Lara, consultor de Organización, Recursos Humanos e Informática, baixo o título de “Aspectos económicos, profesionais e sociolóxicos da motivación laboral. Diferencias entre o sector público e o privado”. Comezou analizando, no ben estruturado relatorio, a definición e as teorías sobre a motivación para, axiña, pasar a expo-lo concepto de incentivo do traballo e as súas clases, así como os elementos da incentivación.

Entre os diversos incentivos, o autor distingue entre os intrínsecos ó traballo, é dicir, os aspectos do mesmo que

resultan en por si atractivos para o traballador, o cal obtén satisfacción do seu propio traballo, e os extrínsecos. De entre os primeiros salienta a adecuación persoa-posto no esquema organizativo, o enriquecemento e rotación de tarefas, as boas condicións de seguridade e hixiene no traballo, o desenvolvemento e promoción profesionais, as apropiadas canles de comunicación e a participación do traballador no deseño da súa tarefa. Como conclusión de todos eles sinala que do que se trata é de buscar un terreo de perfecta harmonía entre os intereses da organización e do traballador, e, así mesmo, postula que cando a motivación intrínseca falla, é difícil soste-la extrínseca.

Analiza nesta, como colofón, varios tipos de incentivos:

1. Os psicolóxicos, e, pola súa vez, dentro destes, o recoñecemento de valía e logros, o plan de carreiras profesionais, a comunicación, a participación, a formación e o feito de lles outorgar importancia ás persoas que fan funciona-la organización.

2. Os económicos, fundamentalmente a remuneración do traballador, a cal pode ser fixa en metálico, variable en metálico, en especie, e diferida. En calquera delas o máis importante para incentivar é que presente equidade interna e competitividade externa; tamén para o estricto campo das administracións públicas.

Interveu en segundo lugar, D. Francisco González Serrano, catedrático de psicoloxía social da Universidade compostelá, quen tratou das bases psicolóxicas da motivación laboral. A conferencia –moi técnica– introduciuse salientando a necesidade de non descontextualiza-la motivación dos diversos condicionantes que rodean a vida do individuo, cara a establece-los programas ou plans de modo adecuado. No caso da motivación laboral, hai que referirse a unha serie de determinantes:

1. Características do traballo. Destácase a necesidade de pór en conexión os elementos do traballo e os factores individuais; dos primeiros, por exemplo, son dignos de mención a variedade do traballo, o interese da actividade, e a autonomía ou liberdade de acción no traballo, que permite a responsabilización por parte do suxeito. Estas serían as características do contido do traballo, pero hai que dar un segundo paso, o das estratexias de intervención máis axeitadas para actualalas, e destas describe

dúas intimamente relacionadas: o enriquecemento do traballo e o deseño de postos.

2. Características dos individuos. Serían, en primeiro lugar, as necesidades, as cales motivan por canto implican un estado de privación ou insatisfacción que nos empuxa (ou motiva) a neutralizala ou satisfacela; en segundo termo, os obxectivos que se cuestionan os individuos verbo do traballo, que posúen un impacto motivacional na medida en que a súa existencia lle outorga unha finalidade á acción; en terceiro lugar, intimamente relacionadas co anterior, sitúanse as expectativas (crenzas de que certas accións irán seguidas de determinados resultados); en cuarto, a autoeficacia percibida, “definible como a probabilidade subxectiva de realizar exitosamente unha acción”.

Aínda que o autor deixou anunciado que se poderían citar outras características tamén relevantes, acoutou aquí a súa relación para finalizar dedicándolles unhas palabras ás actitudes cara ó traballo, no sentido de que o significado que o traballo ten para as persoas, incide dun modo directo sobre a motivación laboral.

Rematou a xornada D. Manuel Eduardo Martínez Oubiña, inspector de Servicios da Xunta de Galicia, que falou sobre as remuneracións na motivación do persoal e a retribución segundo o rendemento. Tras efectuar un introito no que se refería ó individuo como centro da motivación e propuña diversas medidas implicadoras que eviten o aburrimiento e a rutina no traballo, tales como a mellora das relacións interpersoais, o arranxo das condicións materiais do traballo, a rotación e promoción, etc., que envolvan o individuo na tarefa que realizar, fixo explícito como unha destas medidas básicas –aínda que non a única– é a mellora do sistema de remuneración.

Este último pode conter remuneracións directas (salarios) ou prestacións indirectas, coma os seguros de vida, pensións, garderías, estudos, etc. Sinalou o autor como, na actualidade, as retribucións atópanse mediatizadas por un escenario externo totalmente alleo ó control da organización: o mercado, condición pola que é necesaria a flexibilidade como característica esencial do modelo de remuneración.


Posteriormente, cinxiuse o relator á remuneración no estricto campo da lexislación funcional, estimou que

aínda que tradicionalmente foi un dos compoñentes máis deteriorados da función pública española, desde 1984 o lexislador outórgalle con claridade primacía á importancia das retribucións ligadas ó desempeño do posto de traballo, algúns dos elementos das cales (complemento específico, complemento de produtividade) describe a continuación. Sen embargo, este sistema tamén orixinou distintos problemas que se intentan paliar cun novo esquema elaborado polo Ministerio para as Administracións Públicas, que atende a un elemento subxectivo e a un elemento obxectivo de cada posto de traballo.

De todo iso infírese que nos modelos de retribución típicos do sector público, a flexibilidade non é precisamente a nota dominante, e están ademais ausentes a integración coa avaliación do rendemento e outros aspectos da xestión de recursos humanos. É por iso que se provocou un crecente distanciamento do atractivo profesional deste sector en comparación coa empresa privada, aínda que as novas políticas salariais tentan unha aproximación ós principios imperantes nas retribucións no sector privado, especialmente en catro ámbitos: mercados, estruturas de remuneración, facultades dos directivos e rendemento.

Neste último fixou especial atención o conferenciante nas súas palabras finais, onde, tras analizar comparativamente as reformas nesta liña dos países do noso contorno, propugnou que sería positivo que se comezasen a aplicar no Estado español -e concretamente en Galicia, onde xa se albiscan algúns sinais-, porque, malia que poida crear unha dose de competitividade e tensión entre os funcionarios, indubidablemente levará consigo unha importante carga de motivación no persoal ó servicio das administracións públicas, "que a partir de agora comprenderá que traballar ben ou mal na Administración non é igual e que, polo tanto, o seu esforzo e bo facer, terán a súa compensación e recoñecemento".

Xa por último, habería que salienta-lo fructíferos que resultaron os coloquios habidos, intercalados entre relatorios, por máis que non poidan quedar reflectidos nesta crónica. Clausurou tan intensa xornada D. Xaime Rodríguez-Arana Muñoz, que destacou como se acadaran cumpridamente os obxectivos propostos coa súa realización, xa non só pola masiva asistencia de funcionarios ó servicio das diversas administracións públicas galegas, senón porque se lograra

ofrecer unha panorámica do tratamento dos recursos humanos na Administración pública comparándoo co sector privado, analiza-las técnicas consolidadas neste campo para mellora-lo rendemento e a eficacia das unidades administrativas, e estudia-lo clima e a cultura das organizacións administrativas ó analiza-las causas da desmotivación do seu persoal, co propósito, xustamente, de obte-lo efecto contrario. 



BIBLIOGRAFÍA E
RECENSIÓNS

Manuel Colmeiro: un ilustre administrativista galego

Xaime
Rodríguez-Arana
Muñoz

Ed. Escola Galega de Administración Pública,
Santiago de Compostela, 1994.

1. O profesor Rodríguez-Arana publicou un pequeno libro sobre a figura egrexia de don Manuel Colmeiro (1818-1894) con ocasión do centenario do seu falecemento. O opúsculo, malia a estar escrito en galego, é de doada lectura, e nel destácase unha das principais achegas do ilustre xurisconsulto galego, como é a da investigación histórica das institucións.

A través das páxinas do libro, que se divide en seis apartados (Introducción, A EGAP e Manuel Colmeiro, O dereito administrativo no profesor Colmeiro, A volta a Colmeiro e á investigación histórica no dereito público español, O Goberno, a Administración, a separación de poderes, o Estado, a lei, a liberdade e a xustiza en Colmeiro, Reflexión final), Rodríguez-Arana amosa, cun amplo soporte de citas de administrativistas contemporáneos, a necesidade, utilidade e eficacia da investiga-

ción histórica no dereito público, e conecta deste xeito co método de Colmeiro, o cal lle permitiu elaborar unha obra e construír un sistema autenticamente paradigmático para o dereito público español. Á parte diso, o libriño fai fincapé na posición que dentro do discurso de Colmeiro teñen o Goberno e a Administración, así como o papel da lei e das liberdades públicas.

Dinos o autor que Colmeiro como home do seu tempo ten unha obra sen dúbida impresionante, pero que debe considerarse e valorarse no seu xusto sentido (p. 84), e que, polo tanto, convén fuxir de simplificacións, que con frecuencia só conducen á terxiversación do significado da súa obra.

O libro, aínda que con pretensión divulgativa, ten un evidente valor porque logra rescata-lo núcleo central das ensinanzas do mestre decimonónico co espírito sintético que este tipo de publicacións ten: o papel transcendental da análise histórica e a superación do simple comentario aséptico de leis e decretos, a importancia da Administración Pública na vida do home ("La Administración como poder o la Administración aplicada acompaña al hombre desde la cuna al sepulcro"), o obxecto do dereito administrativo, etc. E pon na pista para ir descubriendo as virtualidades que aniñan na obra dun dos pais do dereito administrativo do século XIX, que, por desgracia, non é todo o coñecido que a altura do seu talento merece.

2. Non é certamente España un lugar no que a historia se considere no que vale. Mais cando se trata de coñecer-la propia historia o panorama é, se cabe, aínda máis sombrío. A cotío compróbase como calquera estudante medio sabe con máis precisión e detalle as causas da guerra de secesión norteamericana ou o ano no que Abraham Lincoln sufriu un atentado que lle produciu a morte, que cal foi o significado da época moderada para o Estado. E se isto acontece coa historia en xeral e con aqueles que se atopaban no escaparate do seu tempo, máis fondo é o descoñecemento cando se pasa á historia particular das ciencias, ó cerne dos acontecementos ou o papel das persoas que estaban por detrás, sobre as cales a ignorancia é case absoluta. Iso conduce ó feito de que figuras significativas para a evolución cultural de todo un pobo sexan ilustres descoñecidos. Pénsese en Javier de Burgos, Gumersindo de Azcárate ou no propio Azaña, verbo dos cales no mellor dos casos téñense dúas ou tres ideas tópicas, que tanto serven para enxalzarlos coma para denigralos, segundo o libre criterio de quen tome a idea. Hai, pois, non só un descoñecemento global

e pormenorizado dos acontecementos e das institucións que é, como ben di Nieto, literalmente arrepiante, senón unha ignorancia dos protagonistas. Porque a historia e, polo tanto, a historia das ciencias, fixérona homes e mulleres, os cales tiveron un determinado talante ideolóxico e cultural, e desenvolveron as súas vidas en determinado contexto político, económico e social. Coñece-la evolución dos protagonistas de xeito obxectivo e rigoroso, saber daqueles que con maior ou menor fortuna escribiron unha frase ou un libro na historia, é absolutamente fundamental para ter unha idea cabal dos acontecementos e institucións do pasado; e, así mesmo, para comprende-lo presente. Por esta razón é oportuna a saída deste traballo de Rodríguez-Arana nun ano coma o de 1994 no cal se cumpren 100 anos do falecemento do Manuel Colmeiro, pois xunto ó recordatorio e merecido recoñecemento, serve para esculcar no pasado e tirar deste as conclusións ou ensinanzas que sexan pertinentes.


Colmeiro, que foi catedrático, xurista, historiador, economista, inspector xeral de Instrucción pública, deputado, senador, etc. deixou unha obra monumental en dereito, historia e economía. Vista coa perspectiva que dá o tempo asombra que no malparado e desfeito século XIX español xermolase e crecese unha figura intelectual de tal calibre, que moi ben se pode parangonar, coas matizacións que se queiran, coas do Renacemento, as cales producen admiración e perplexidade nos homes contemporáneos, que sen dúbida teñen horizontes máis exiguos e lóxica de especialistas. Porque Colmeiro non foi un diletante ou un xeneralista, senón un experto que co método axeitado acadou penetrar coas súas investigacións nos núcleos centrais das disciplinas nas que traballou. Proba diso foi a súa influencia no dereito estranxeiro da que deron conta autores como Laferrière ou Batbie, ou a súa contribución ó coñecemento da historia da economía (a súa *Historia de la economía política en España*). No ámbito do dereito público a súa achega foi transcendental. O abandono do método esexético e o afondamento na investigación histórica das institucións permitiulle ó dereito administrativo dar un salto cualitativo no século XIX.

Convén transcribir un parágrafo da *Enciclopedia Larousse* (tomo III, reimpresión de 1979, p. 55) para ter unha visión precisa da figura de Colmeiro:

“Como jurista adoptó el método histórico y sistemático y estudió las instituciones sociales, administrativas y políticas en su realización histórica abandonando el método puramente exe-

gético, hasta entonces usado. Sistematizó el derecho administrativo y fue uno de sus forjadores en España, influyendo en varios tratadistas extranjeros, en especial en Batbie y De Gioannis. Al reducir los poderes políticos en dos fundamentalmente, el de dictar leyes (legislativo) y el de aplicarlas (ejecutivo y judicial), se avanzó a las teorías kelsenianas, formuladas en el campo administrativo por Merkl”.

Estas palabras deixan claro o calado da obra do autor galego, a súa influencia no dereito estranxeiro e a idoneidade do método utilizado. O seu *Dereito administrativo español*, con edicións de 1850 (1ª), 1858 (2ª), 1865 (3ª) e 1876 (4ª), con apéndice de 1880, é de consulta case obrigada para o coñecemento das normas e institucións decimonónicas.

3. A publicación do opúsculo de Rodríguez-Arana é oportuna e útil, pois máis aló de facer unha haxiografía, trata de recuperar unha figura e un patrimonio da cultura xurídica española e europea. O coñecemento da magna obra de Colmeiro, do mesmo xeito ca doutros autores do século XIX, é unha necesidade básica para ter unha idea cabal de moitas das institucións do dereito público actual. A reflexión (e, no seu caso, a crítica) sobre a obra destes autores constitúe unha auténtica esixencia para que o avance do dereito administrativo sexa unha realidade. Se o dereito estranxeiro como perspectiva de análise non se pode rexeitar, o que non é admisible é a relegación, a prol do foráneo, do dereito histórico. Convén salientar esta evidencia porque ás veces prodúcese a importación acrítica de figuras e o paralelo desdén do propio, ou máis simplemente a apelación ó pasado sen un coñecemento preciso do mesmo. Cómpre saber, pois, os límites do horizonte que toda época ten, a obra dos seus protagonistas e o significado desta: é tarefa prioritaria para o progreso do dereito público. O libro de Rodríguez-Arana inscríbese nesta orientación. 

Manuel J. Sarmiento Acosta

Profesor titular de dereito administrativo
Universidade das Palmas de Gran Canaria

Procedimiento administrativo
(Ponencias del IV encuentro
hispano-argentino sobre derecho
administrativo)

Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, Jesús González Pérez,
Rodolfo Carlos Barra, Juan Carlos Cassagne,
Julio Rodolfo Comadira, Fernando Garrido Falla,
Francisco González Navarro, Jesús González Pérez,
Laureano López Rodo

Ed. Escola Galega de Administración Pública,
Santiago de Compostela, 1994

A obra de razón contén a análise que da recente Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Lei 30/1992, do 26 de novembro fixeron autores do prestixio de Laureano López Rodó, Francisco González Navarro, Fernando Garrido Falla e Jesús González Pérez, os que, como veremos, realizaron importantes reflexións sobre o procedemento administrativo e a Administración.

Así mesmo, na obra da presente recensión recóllense os relatorios de destacados exponentes da doutrina administrativista arxentina, concretamente, de Rodolfo Carlos Barra, ministro de Xustiza de Arxentina e catedrático de dereito administrativo da Universidade de Santa María de Bos Aires, Julio Rodolfo Coma-

dira catedrático de dereito administrativo da Universidade da Prata e Juan Carlos Cassagne catedrático de dereito administrativo da facultade de Dereito e Ciencias Sociais da Universidade de Bos Aires.

Podemos dividir esta obra en tres partes claramente diferenciadas:

I. Prólogo. Elaborado por D. Xaime Rodríguez-Arana Muñoz catedrático de dereito administrativo da Universidade da Coruña e director da Escola Galega de Administración Pública, á preocupación do cal pola realización de actividades de estudio e difusión de cuestións relacionadas coa Administración pública e o dereito público se debe a realización das xornadas que fixeron posible a confección desta importante e significativa obra.

II. Introducción. A cargo do eminente catedrático de dereito administrativo e académico de número das Reais Academias de Ciencias Morais e Políticas e de Xurisprudencia e Lexislación, D. Jesús González Pérez.

III. Relatorios. Esta terceira parte está integrada polos relatorios que se expuxeron nas “Xornadas de estudio sobre procedemento administrativo (IV encontro hispano-arxentino)”, que tiveron lugar en Santiago de Compostela, os días 15 e 16 de febreiro de 1994.

D. Laureano López Rodó dedicou a súa exposición ó estudo do procedemento administrativo na súa conceptualización de garantía dos administrados, e chegou á conclusión de que se a finalidade primordial do procedemento administrativo é a de garantir-las dereitos dos cidadáns, ben se ve que a nova lei, lonxe de os garantir déixaos en suspenso, e recorre inicialmente a unha instrucción da Subsecretaría do Ministerio para as Administracións Públicas, non publicada no BOE, o que contravén o principio de “a publicidade das normas”, consagrado no artigo 9.3 da Constitución e, posteriormente dicta un Real decreto-lei que deixa en absoluta escuridade a quen non coñeza a mencionada instrucción reservada que cita con carácter provisional cales son os artigos que non se poden considerar vixentes da nova Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en materias tan importantes coma o silencio administrativo e os recursos administrativos.

Pola súa banda, D. Rodolfo Carlos Barra dividiu a súa exposición, dedicada ó estudo dos “Actos regulados e discrecionais. A súa problemática e o seu control”, en cinco partes, que son as que a seguir se expoñen:

1. Actividade regulada e discrecional. O relator afirma que é común e uniforme distinguir na actuación da Administración, entre actividade regulada e discrecional, mais que tal distinción malia a ser correcta, quizais non é absoluta. Tras expo-las razóns que serven de fundamento á citada aseveración chega á conclusión de que, sen deixar de aludir á case docente clasificación de regulado-discrecional, mellor sería falar de esixible ou inesixible por parte de terceiros.

2. Ámbitos de exercicio da discrecionalidade. Dedicada este apartado ó estudo dos que, ó seu xuízo, constitúen os grandes rubros ós que queda limitada a actividade discrecional da Administración pública: discrecionalidade a) por opción técnica; b) por concreción dos conceptos xurídicos indeterminados; c) na decisión política; e por último, d) na actividade regulamentaria.

3. O control da actividade discrecional. O que se controla na actividade discrecional, afirma, non é en realidade o exercicio mesmo da decisión discrecional, senón os seus presupostos.

4. O impugnante. Os actos regulados, salvo aqueles que non transcenden da esfera interna da Administración ou a relación entre poderes (polo tanto non serían auténticos actos administrativos) teñen un destinatario preciso. Sen embargo, isto non sempre ocorre cos actos administrativos discrecionais, xa sexa porque a ninguén lle prexudican ou porque o prexudicado non pode cuestionalo mérito do acto.

5. O papel dos xuíces. En opinión do relator, o papel dos xuíces ó revisa-la actividade discrecional da Administración é de maior complicación ca no suposto de control da actividade regulada.

O terceiro relatorio pronunciouno D. Francisco González Navarro, que falou sobre "O chamado procedemento administrativo común". A primeira cuestión formulada polo relator centrouse na posibilidade ou non de falar da existencia de "un" procedemento administrativo común, cuestión esta que tras unha análise polo miúdo, resolveu negativamente, e asegurou de forma taxativa que "non hai "un" procedemento administrativo común, senón varios, se cadra moitos". A segunda cuestión abordada na exposición de razóns foi a relativa ás competencias das comunidades autónomas na Constitución e nos estatutos de autonomía. Polo que respecta ós estatutos, o profesor constatou que sobre estes non hai ningunha dúbida sobre esta posibilidade, e polo que respecta á Constitución a inter-

pretación que vén defendendo desde hai varios anos sobre o artigo 149.1.18 CE lévao a soste que non hai inconveniente en admitir que unha Comunidade Autónoma pode dicta-la súa propia lei sobre procedemento administrativo sequera sexa dentro do marco constitucional. A exposición concluíu coa referencia ó feito de que o Estado dicta os principios, as regras indeclinables, en fin, todo o que é preciso, para que non aparezan uns cidadáns discriminados respecto doutros. E as comunidades autónomas poden legislar tamén na materia en relación con sectores ou parcelas concretas da súa actividade e tamén, se así o aconsella o principio de economía normativa, para varios deses sectores conxuntamente, e incluso con carácter xeral para calquera suposto imaxinable da súa actuación. Pero, iso si, axustándose sempre á lei básica estatal en materia de procedemento administrativo.

A continuación, D. Julio Rodolfo Comadira, referiuse ó “Sistema de nulidades do acto administrativo”.

O profesor, para quen o acto administrativo é unha declaración emitida por un órgano estatal, ou un ente público non estatal, en exercicio de función administrativa, baixo un réxime xurídico exorbitante, productora de efectos xurídicos directos e individuais respecto de terceiros, analizou os dous tipos de elementos integrantes do acto, isto é, os esenciais e os accidentais, para pasar a continuación a estudia-lo sistema de invalidez coa obrigada distinción entre nulidade absoluta e nulidade relativa, e a distinción, así mesmo, entre nulidade manifesta e non manifesta.


D. Fernando Garrido Falla falou sobre “A obriga de resolver: actos presuntos e silencio administrativo”, que como todos saben, constitúe un dos cabalos de batalla da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Referiuse á obriga de resolver que lle asiste á Administración pública, ó silencio administrativo, ó acto presunto e á súa certificación na nova lei, para concluír cunha breve referencia ós dereitos preexistentes, que, ó seu xuízo, son en principio aqueles que derivan da propiedade e das liberdades individuais.

O último relator arxentino D. Juan Carlos Cassagne, referiuse á suspensión dos efectos dos actos por vía administrativa e xudicial e postulou a necesidade de articular un sistema que combine as garantías e prerrogativas administrativas coa protección e respecto dos dereitos dos administrados.

Finalmente, D. Jesús González Pérez referiuse a “A revisión dos actos administrativos”, e abordou cuestións tales

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIONES

como as prerrogativas das administracións públicas e a revisión dos seus actos, os límites, clases e regulación da revisión, así mesmo estudiou a chamada revisión de oficio dos actos nulos e anulables, para concluír coa referencia ós recursos administrativos.

En suma, trátase dunha obra na que se recollen as reflexións de xuristas españois e arxentinos de recoñecido prestixio sobre o procedemento administrativo en particular e sobre a Administración pública en xeral. 

Ana M^o Blanco Nespereira

Bolseira da EGAP

Instituciones de derecho urbanístico

Antonio
Carceller
Fernández

Ed. Montecorvo, Madrid, 1992

○ profesor Carceller Fernández recolle no seu libro unha completa panorámica das institucións urbanísticas no noso país. No dito texto insérense as modificacións introducidas pola aprobación do Texto refundido da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, conforme co previsto na Lei 8/1990, do 5 de xullo, sobre reforma do réxime urbanístico e valoracións do solo.

É un libro extenso, seiscentas dezasete páxinas, que se cinguen a ofrecer unhas primeiras nocións sobre esta parte do noso ordenamento xurídico, cunha exposición sucinta, aínda que sistemática e completa, da nova lexislación urbanística, con referencias ás últimas teses doutriniais e ós novos criterios asentados pola xurisprudencia. Trátase, en definitiva, dunha obra de carácter elemental.

A obra está dividida en cinco títulos e estes en trinta e cinco capítulos:

Título I. Introducción

O autor comeza a súa exposición cun capítulo dedicado ó concepto de urbanismo e á súa relación co dereito. A seguir, realiza un breve repaso histórico do dereito urbanístico español; para pasar a se referir á Lei de 1956 e ás súas posteriores modificacións. Así mesmo, inclúe neste título, o estudio da organización administrativa que, loxicamente, no novo texto refundido, referido á lexislación estatal, perdeu peso específico. E por último, estudia o réxime xurídico.

Título II. Planeamento

Capítulo primeiro, dedícallo o autor, ó Plan Urbanístico Xeral, tipoloxía, xerarquía e límites legais da potestade do planeamento.

Capítulo segundo, contén unha sucinta referencia á tipoloxía do planeamento urbanístico, e diferencia no seu estudio tres bloques: en primeiro lugar, o Plan nacional de ordenación e os plans directores territoriais de coordinación; en segundo lugar, o Plan xeral municipal, plans parciais, estudos de detalle e Normas complementarias e subsidiarias do planeamento; e en último lugar, a planificación sectorial, integrada polos plans especiais.

Capítulo terceiro, contén unha sucinta exposición sobre as infraestructuras urbanísticas básicas: estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, aeródromos, fornecemento de auga, saneamento e subministración de enerxía, praias e costas.

Capítulo cuarto, no que se estudian, de xeito breve, os plans municipais, instrumentos estes que, como todos saben, constitúen a base do sistema de planeamento regulado na Lei do solo. É digna de mención a inclusión neste capítulo do Proxecto de Delimitación do Solo Urbano, ó que a vixente Lei do solo, seguindo o criterio sentado polo Regulamento de planeamento, considera instrumento de planeamento.

Capítulo quinto, dedícallo o autor, ós instrumentos planificadores de desenvolvemento.

Capítulo sexto, contén unha sucinta referencia ás áreas de repartición e ó aproveitamento tipo. É salientable a inclusión dun exemplo sobre cálculo do aproveitamento tipo, que facilita considerablemente a comprensión deste concepto.

Capítulo sétimo, trata o autor os actos preparatorios da aprobación do plan en xeral, con especial consideración á suspensión do outorgamento de licencias, á que lle outorga a consideración de medida preventiva, establecida coa finalidade de salvagarda-la eficacia das previsións sobre reforma da ordenación urbanística, contidas ou que se poidan conter nos instrumentos de planeamento en formación.

Doutra banda, alúdese brevemente á competencia para a formación do instrumento de planeamento de que se trate, así como, ós trámites que seguir para a súa aprobación, ata chegar ó elemento esencial da publicación.

Capítulo oitavo, onde o profesor estudia a adaptación do Plan xeral, vixencia, modificación e revisión dos plans.

Capítulo noveno, trata, de forma esquemática, da iniciativa e colaboración particular na formación dos plans. A xuízo do autor é admisible a formación por parte dos particulares de plans parciais proxectos de urbanización; mais resulta incomprendible que estes asuman a tarefa de formular plans xerais ou plans especiais, aínda que sexa innegable a súa participación na formación, especialmente a través do dereito de iniciativa e información que lles recoñece a Lei do solo.

Capítulo décimo, onde o autor trata os efectos da aprobación dos plans. Así:

En primeiro lugar refírese á natureza xurídica do plan, e afirma que se trata dunha disposición de carácter xeral productora de normas xurídicas.

En segundo lugar distingue dous conceptos: publicación, que determina a inmediata executividade do plan, e publicidade, carácter público dos plans, que dicir, que calquera persoa poderá, en todo momento, consultalos e informarse sobre os mesmos.

En terceiro lugar estudia a executividade (desde a publicación) e a acción de oficio.

En cuarto lugar refírese á prohibición de dispensas.

E por último trata a lexitimación das expropiacións.

Título III. Réxime urbanístico da propiedade do solo

Capítulo primeiro, baixo o epígrafe "Principios xerais" o autor expón os principios rectores do réxime urbanístico da propiedade do solo, establecidos a partir da Lei 8/1990, do 25 de xullo, de reforma do réxime urbanístico e valoracións do solo.

Doutra banda, analiza o contido da propiedade no dereito comparado e no dereito español (leis de 1956 e de 1975).

Capítulo segundo, onde o autor estudia a diferente significación dos conceptos de clasificación e cualificación do solo.

Capítulo terceiro, que trata do réxime urbanístico das diferentes clases de solo: non urbanizable, urbanizable non programado, urbanizable programado e urbano.

Nos capítulos seguintes o autor estudia, coa mesma finalidade simplificadora que preside todo o texto, as valoracións, a expropiación urbanística e a venda forzosa e os instrumentos de intervención no mercado do solo, obxecto no novo Texto refundido de senllos títulos independentes.

Título IV. Xestión urbanística

Capítulo primeiro, dedícao o autor á execución do planeamento, e defíneo como desenvolvemento das determinacións do plan mediante a transformación xurídica, que se leva a cabo con aplicación dos sistemas de actuación e a transformación da realidade física a través do Proxecto de urbanización e dos proxectos de edificación.

Como resulta evidente, inclúe neste capítulo o estudio dos proxectos de urbanización, dado que se trata de proxectos técnicos de obras referidos ó conxunto das urbanizacións cunha finalidade que é a de executar materialmente e en forma íntegra e sistemática a acción urbanizadora.

Capítulo segundo, onde trata o autor dous dos sistemas de actuación, en virtude dos cales se desenvolven as unidades de actuación. Estes sistemas son o de compensación –no que alcanza a súa cima a iniciativa e participación dos propietarios–, e o de expropiación –no que esta iniciativa e participación tende a desaparecer–.

Capítulo terceiro, refírese ó sistema de cooperación cuns caracteres propios, que segundo di o autor son os seguintes: achega dos propietarios do solo de cesión obrigatoria, execución por parte da Administración das obras de urbanización a cargo dos propietarios e reparcelación dos terreos comprendidos na unidade de execución. Hai que salientar que a maior parte do capítulo está dedicada á reparcelación.

Capítulo cuarto, baixo a rúbrica “urbanismo concertado”, trata o profesor, a execución dos programas de actuación urbanística.

Capítulo quinto, que contén a análise das actuacións asistemáticas en solo urbano.

Capítulo sexto, onde se estudian as modalidades de obtención de terreos dotacionais segundo a clase de solo.


Título V. Disciplina urbanística

Capítulo primeiro, o autor estudia, baixo o epígrafe “Política de edificación”, os dereitos a edificar e á edificación –conceptos diferentes a partir da Lei 8/1990, do 25 de xullo de 1990, de reforma do réxime urbanístico e valoracións do solo–, e a licencia de edificación.

Capítulo segundo, que contén unha sucinta referencia ó deber de conservación dos edificios e ós supostos especiais de licencia.

Capítulo terceiro, trata a análise das medidas de protección da legalidade urbanística, e aborda, naturalmente, o tema do resarcimento de danos e indemnización de prexuízos, dado que, a vulneración das prescripcions urbanísticas cualificadas de infracción leva consigo a devandita obriga.

Capítulo cuarto, para concluír o autor refírese á represión das conductas que se infrinxen contra o ordenamento urbanístico -dereito urbanístico sancionador.

En definitiva, trátase dun libro que malia a ser extenso, a súa sinxeleza e concisión na exposición fan del un texto de carácter elemental no estudio das institucións de dereito urbanístico, e hai que salienta-la abondosa referencia bibliográfica recollida ó principio de cada capítulo. 

Ana M^o Blanco Nespereira
Bolseira da EGAP

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais non publicados total ou parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo de se-lo caso e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterá abreviaturas nin notas.
5. Incluíranse co título do artigo catro ou cinco descritores polos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, incluíndose ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañaranse á versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:
Libros:
AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.
Artigos:
AUTOR (ano): Título do artigo, en título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.
Nos casos de máis de un traballo do mesmo autor e ano, a este engadíraselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).
As citas, nas notas de páxina, remítiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.
12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegarase o enderezo postal e teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, a tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixilas probas de imprenta nun prazo de sete días, entendéndose que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:
Revista Galega de Administración Pública
EGAP. Fontiñas, s/n
15703 Santiago de Compostela.
Galicia. España.

IV Edición do Premio Manuel Colmeiro

REGAP

1. Obxectivos

Fomentar e distinguir estudos e traballos sobre a Administración pública de Galicia, desde unha perspectiva xurídica, económica, sociolóxica, etc.

2. Dotación

O premio será único e indivisible, e nesta cuarta edición estará dotado con 750.000 pesetas.

3. Requisitos dos traballos

Os estudos e traballos deberán ser inéditos.

Os traballos terán que entregarse en disco magnético normalizado, feito en calquera dos sistemas usuais de tratamento de textos e tamén impreso en follas A4, de 60 matrices e dobre espacio, e contar cunha extensión mínima de cen folios.

Nos traballos non figurará ningún dato persoal, debendo constar exclusivamente o seu título. En folio á parte, que se introducirá en sobre pechado, faranse constar os datos persoais do autor o título do traballo polo que se opte ó premio.

4. Xurado

O exame dos traballos presentados e, se é o caso, a proposta de adxudicación do premio corresponderalle a un xurado especial.

Estará composto por cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da Administración pública nomeados polo Conselleiro da Presidencia e Administración Pública. A composición nominal do xurado farase pública no momento da resolución.

Se o xurado acorda oportuno, poderá declara-lo premio deserto.

A decisión do xurado, que será inapelable, terá lugar o 21 de novembro e notificaráselles a tódolos participantes.

5. Entrega e publicación do Premio

A entrega do Premio terá lugar na data que se determinará oportunamente.

A EGAP reserva para si o dereito a publica-lo traballo premiado.

6. Lugar de presentación

Os traballos presentaranse na Escola Galega de Administración Pública (Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15703 Santiago de Compostela).

7. Prazo de presentación

Ata o 13 de outubro de 1995.

8. Información

DOG. nº 23, do 2 de febreiro de 1995.

EGAP - Servicio de Estudios, Investigación e Publicacións.

Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4

15703 Santiago de Compostela

Tel. (981) 57 08 00 ■ Fax. (981) 57 15 40



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1990 - 1995



V aniversario

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA